

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  
DO  
DEPARTAMENTO DE INGLÉS  
  
CURSO 2023/2024**



## INDICE

- Marco legislativo
- Profesorado
- Auxiliar de conversa
- Metodoloxía
- Avaliación
- Actividades culturais
- Reclamacións
  
- Programacións:
  - Nivel A1
  - Nivel A2
  - Nivel B1
  - Nivel B2.1
  - Nivel B2.2
  - Nivel C1.1
  - Nivel C1.2
  - Nivel C2
  - Cursos intensivos: A1/A2 e B2.1/B2.2
  - That's English
  - Cursos semipresenciais
  - Curso Calc
  - Curso en liña ExamPrep C1
  - Cursos monográficos



## **INTRODUCCIÓN**

### **Legislación e documentos**

#### **Marco legal**

Esta programación didáctica elabórase ao abrigo dos seguintes documentos legais:

#### **Normativa de idiomas de ámbito europeo**

O Consello de Europa estableceu o Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación (MCERL), en que se definen uns niveis de competencia lingüística e comunicativa ligados a contextos sociais de uso, ordenados progresivamente do nivel A1 ao nivel C2, co fin de establecer indicadores comúns destas competencias e promover o coñecemento de linguas.

O portfolio europeo das linguas, documento que asenta o MCERL no alumno e na súa autoaprendizaxe.

#### **Normativa de idiomas de ámbito estatal**

Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Lei Orgánica 8/2013. Do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE) – Real Decreto 1041/2017, do 22 de decembro, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación, se establece o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e se establecen as equivalencias entre as ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as deste real decreto.

Real Decreto 1041/2017, do 22 de decembro, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación, se establece o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e se establecen as equivalencias entre as ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as deste real decreto.

## **Normativa de idiomas de ámbito autonómico**

Decreto 189/2010, do 11 de novembro polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006m si 3 de maio, de educación. DOG21 de decembro de 2011.

Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 8 de setembro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOGA do 26 de setembro de 2008.

Orde do 5 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 189/2010, do 11 de novembro polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia, e se regula a organización e o acceso ás ensinanzas de réxime especial.

Orde do 19 de abril de 2012 pola que se modifica a Orde do 8 de setembro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei orgánica 2/206, do 3 de maio, de educación.

Orde do 11 de xullo de 2017 pola que se fai pública a oferta educativa das escolas oficiais de idioma da Comunidade Autónoma de Galicia a partir do curso escolar 2017/2018.

### **Organización do departamento: Profesorado, Xefatura de departamento e coordinacións**

<b>PROFESORADO</b>	<b>SEDE CENTRAL</b>	<b>COORDINACIÓN</b>
ALONSO CASCALLANA, Mario		Coordinación do nivel C1.2

ARRIBÍ PÉREZ, M <sup>a</sup> Consuelo		
BARREIRO ABAD, Elma		
BARREIRO QUIBÉN, Isabel		Coordinación TIC
BECERRA PINTOS, Concepción		Coordinación de That's English
BÓVEDA GARCÍA, Vicente		
BURGO VÁZQUEZ, María Dolores		Coordinación de probas
COSTAS LAVANDEIRA, David		Coordinación do nivel A2
FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, María		
GÓMEZ CERNADAS, Paula		
LENDOIRO ESMORÍS, Margarita		Coordinación do nivel C2
LÓPEZ ÁLVAREZ, Laura		
NEIRA IGLESIAS, Miguel		
OLVEIRA LEMA, María José		Coordinación do nivel B2.1
PORTABALES DIZ, Lucía		
PARADA GANDOS, Patricia		Xefatura do Departamento
VIÉITEZ VIÉITEZ, Uxía		Coordinación do nivel A1
	<b>SECCIÓN DA ESTRADA</b>	
GONZÁLEZ SZAMOCKI, Miguel Guido -		
MURAS MATALOBOS, Sonia		Coordinación do nivel B1
REGA GONZÁLEZ, Natalia		
	<b>SECCIÓN DE LALÍN</b>	
CASTRO BARRAL, María Mercedes		
FERNÁNDEZ RAMOS, Alexandre		
MORA APONTE, Warena		
OTERO VILLAMARÍN, Juan Bosco		Coordinación do nivel C1.1
PATIÑO MUÑIZ, Rosa M <sup>a</sup>		Coordinación do nivel B2.2
	<b>SECCIÓN VALLE-INCLÁN</b>	
ÁLVAREZ BARRAL, Alma		
ALLER LONGUEIRA, María		
PORTAS CONDE, Antía		
VÁZQUEZ CASTRO, María Elena		

### Horario auxiliar de conversa

Este curso académico contamos coa axuda do lector de procedencia escocesa: Kasym Nawar Zaidi, estudante na Universidade de Glasgow. Este curso teremos, coma no anterior, o mesmo horario lectivo, mais no segundo cuadrimestre mudarán os grupos do nivel B1 e tamén engadiremos os grupos semipresenciais. A finalidade é que todos os grupos da Escola dende B1 ata C2 teñan a oportunidade de achegarse á súa cultura e coñecer de primeira man o acento escocés e a súa variante dentro do inglés británico.

**KASYM'S SCHEDULE**

	Monday	Tuesday	Wednesday	Thursday	
9.30					9.30
10.00		<b>C2-1</b> room 10 - Marga		<b>B2.1-1</b> room 1 - Mario	10.00
10.30		<b>C1.1-1</b> room 2 - Isabel	<b>C1.2-1</b> room 2 - Paula	<b>B2.2-1</b> room 5 - Patricia	10.30
11.00		<b>C1.1-2</b> room 2 - Isabel			11.00
11.30		<b>C1.2-2</b> room 1 - Mario			11.30
12.00		<b>B2.2-2</b> room 5 - Patricia			12.00
12.30		<b>B2.1-2</b> room 9 - María O.			12.30
13.00					13.00



15.30					15.30
16.00				<b>B1-5</b> room 2 - Uxía	16.00
16.30				<b>C1.2-3</b> room 5 - Elma	16.30
17.00	<b>B1-4</b> room 10 - María O.		<b>C1.1-3</b> room 9 - David	<b>B2.1-3</b> room 1 - Vicente	17.00
17.30	<b>B1-6</b> room 10 - Marga			<b>B2.1-4</b> room 1 - Vicente	17.30
18.00			<b>B2.1-5</b> room 11 - Miguel	<b>B1-7</b> room 7 - Laura	18.00
18.30	<b>C1.2-4</b> room 1 - Mario		<b>B2.2-4</b> room 4 - Lola	<b>B2.2-5</b> room 4 - Lola	18.30
19.00	<b>C2-2</b> room 2 - María F.		<b>C1.1-4</b> room 2 - Isabel		19.00
19.30	<b>C2-3</b> room 10 - Marga		<b>C1.1-5</b> room 8 - David		19.30
20.00	<b>C1.2-5</b> room 6 - Elma		<b>B2.1-6</b> room 4 - María O.	<b>B2.2-6</b> room 4 - Lola	20.00
20.30	<b>B1-8</b> room 11 - Miguel		<b>B2.1-7</b> room 1 - Mario	<b>B1-10</b> room 2 - Uxía	20.30
21.00	<b>B1-9</b> room 7 - Laura				21.00
21.30					21.30



## METODOLOXÍA

*NOTA: A metodoloxía que se menciona a continuación é aplicable a todos os niveis mencionados nesta programación.*

As ensinanzas do noso departamento están orientadas aos procesos e, polo tanto, a metodoloxía que adoitamos non é algo engadido, senón que forma parte intrínseca do enfoque, obxectivos, contidos e avaliación.

Nesta programación queda definida unha metodoloxía orientada á acción comunicativa, ou a aprender empregando a lingua inglesa para cumprir tarefas de interese para o alumnado. Unha metodoloxía baseada nas tarefas implica aprender utilizando a lingua para os fins para os que se fai normalmente; “non abonda con realizar actos de fala ou actividades de lingua illadamente –insiste o MCER–, senón que é necesario que estes se insiran nun contexto social máis amplo, nunha tarefa, para adquirir pleno sentido”. Nun nivel básico, a escaseza de recursos lingüísticos permite realizar soamente tarefas sinxelas, pero suficientes para que o alumnado estea motivado a aprender o necesario para levalas a cabo. Nos niveis intermedio e avanzado a complexidade das tarefas irá aumentando. No proceso que prepara para acadar esas tarefas

- Actívanse as estratexias de aprendizaxe e de comunicación.
- Intégrase o desenvolvemento das destrezas ou actividades comunicativas.
- Guíase ao alumno na apropiación dos recursos lingüísticos e dos aspectos socioculturais que fan posible esa acción na nova lingua.

As actividades de interacción, comprensión e expresións e mediación orais e escritas practícanse deste xeito, con un propósito claro, o solicitado pola tarefa. Os recursos lingüísticos necesarios apréndense unidos á función que expresan e o coñecemento do contexto favorece a adecuación lingüística. No proceso de aprendizaxe, máis que comezar presentando formas para funcións determinadas, motívanse e guíase ao alumnado para que, a partir dunha necesidade ou interese comunicativo, descubran eles mesmos esas formas. Para isto é importante, primeiro, crear (ou aproveitar) a necesidade comunicativa, facer explícito que é o que se necesita saber na lingua

estranxeira para cumprir esa necesidade, guiar a atención do alumno para atopar eses recursos en textos orais e escritos, practicar con eles, interiorizalos e resolver a necesidade comunicativa motivadora. Esa forma de traballar facilita o aprender a aprender, capacidade que se estimulará constantemente favorecendo o desenvolvemento de estratexias de comunicación e de aprendizaxe. A función e actitude do profesorado, estimulando ao descubrimento, guiando, proporcionando recursos, máis que explicando e solucionando todos os problemas, son chave para ese desenvolvemento persoal.

En definitiva, a nosa metodoloxía está prevista para a aprendizaxe a través da interacción entre alumno(s), profesor e materiais. Isto quere dicir que á hora de organizar as nosas actividades lectivas, teranse en conta os seguintes factores e criterios:

- Primacía do concepto de adecuación comunicativa sobre a simple corrección gramatical. A avaliación das competencias gramaticais nunca será allea á situación de comunicación real e contextualizada. Os erros acéptanse como interlingua e soamente se teñen en conta cando sexan sistemáticos ou interfiran na comunicación: a análise dos erros serve para que o alumnado reflexione sobre a súa actuación e a mellore.

- O papel do profesor será esencialmente o de presentador, impulsor e avaliador da actividade, valorando o uso adecuado do idioma alén do coñecemento do sistema teórico do mesmo ou da simple corrección formal.

- Aplicaremos unha metodoloxía que proporcione ao alumnado as competencias e destrezas necesarias para realizar as tarefas con eficacia.

- Os distintos tipos de contidos presentaranse ao alumno de xeito integrado dentro das tarefas comunicativas de comprensión, expresión, interacción, mediación ou distintas combinacións das mesmas.

- Os contidos puramente lingüísticos serven de vehículo para a comunicación. O estudo da gramática e do léxico concíbense coma instrumento para tal fin, a través da indución das regras, na medida do posible.

- Para o desenvolvemento das habilidades socioculturais aplicaranse tarefas nas que se empreguen materiais auténticos que permitan entrar en contacto directo cos usos e características da cultura asociada co idioma obxecto de estudo.

- Fomentarase a análise comparativa entre a cultura da lingua fonte e meta e a busca de implícitos culturais que expliquen o sentido do discurso.

## RECURSOS

Á parte do material didáctico mencionado, haberá outras actividades que axudan a perfeccionar o nivel, tales como uso das TIC, clubs de lectura , actividades extraescolares, etc... Cos cambios producidos na nosa sociedade no tema dos recursos tecnolóxicos resulta conveniente prever a utilización non só dos recursos dispoñibles no propio centro, senón tamén a utilización dos recursos existentes en Internet. Grande parte do alumnado é, por idade, cidadán do mundo dixital, o que supón que está afeito a aprender e a comunicarse mediante recursos dixitais. Ofrecerlle actividades de aprendizaxe non soamente centrada na cultura escrita impresa senón tamén na cultura dixital ha resultar certamente máis satisfactorio e ha contribuír máis á súa formación como usuarios dunha lingua coa alfabetización dixital que a sociedade e o mundo laboral esixen hoxe. Na selección e na utilización deses recursos convén ter en conta algúns aspectos:

a) Favorecer o uso e redes sociais, e o uso do web como ferramenta para construír coñecemento e como un espazo de produción activa, e non só de recepción pasiva de información. Isto inclúe o uso de blogs (con textos, fotografías, audio –podcasts–, vídeo e outros materiais dixitais), wikis e outras ferramentas que permitan a creación de textos orais e escritos en colaboración, interactuando con outros usuarios da lingua que se está a aprender.

b) Fomentar a participación en proxectos de colaboración a distancia que utilicen as tecnoloxías da comunicación dispoñibles en cada momento (chat, coreo electrónico, foros, telefonía ou vídeo conferencia a través de internet, etc.) para realizar proxectos con participantes de países nos que a lingua estudiada sexa o vehículo da comunicación ou se traballe de forma multilingüe, e fomentar a aprendizaxe en colaboración (Skype pals).

c) Favorecer o desenvolvemento de estratexias para a procura, selección e organización de información na web (por exemplo, procuras guiadas, webquests, etiquetaxe e comentario de contidos dispoñibles na rede, etc.) utilizando a lingua que se estea a aprender.

d) Promover a creación de índices de recursos de autoaprendizaxe en internet para o alumnado así como de recursos que poidan ser útiles para a práctica de lingua (ferramentas de escrita, dicionarios, radio, televisión, prensa, etc.)

e) Promover a creación de índices de recursos didácticos para o profesorado, así como de recursos que poidan ser útiles para a didáctica da lingua (ferramentas de escrita, dicionarios, radio, televisión, prensa, etc.)

f) Promover a creación de webquests, padlets, quizlets e outros recursos pedagóxicos en liña.

g) Promover o uso de plataformas de xestión de aulas virtuais –como Aula Cesga, a plataforma do Centro de Supercomputación de Galicia, que utiliza DOKEOS, Claroline, Moodle, etc.– como ferramentas para favorecer a construción do coñecemento no traballo en grupo, para a titoría e a orientación individualizada do alumnado –que se pode facer tamén a través do correo electrónico ou doutros medios de comunicación a distancia–, e para favorecer a continuidade do proceso de aprendizaxe fóra da aula.

h) Incentivar a difusión dos materiais e dos contidos creados por alumnado e profesorado na intranet do centro e tamén en internet, poñéndooos a disposición de toda a comunidade educativa.

i) Elaborar no departamento un plan de utilización dos recursos tecnolóxicos dispoñibles no centro, que recolla a formación necesaria para o profesorado que o necesite –de tal xeito que todo o profesorado poida facer uso deles–, a adecuada distribución horaria que dea oportunidades de uso a todo o alumnado e a explotación didáctica deses recursos que se considere máis conveniente para cada nivel, e para as respectivas idades e coñecementos previos do alumnado.

## **LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

As Escolas Oficiais de Idiomas son lugares para a adquisición e a creación de coñecemento de linguas e culturas, accesibles a todo tipo de aprendiz e nos que se potencia a capacidade de aprendizaxe autónoma do alumnado para que este poida ser

activo, participativo e capaz de crear coñecemento adecuado tanto aos seus propios intereses como ao seu perfil.

Neste contexto, cabe sinalar que dentro do noso alumnado nos atopamos coa diversidade que só require de medidas ordinarias de adaptación dentro da aula (idade, orixe, distintos ritmos de aprendizaxe, motivacións, habilidades, coñecemento lingüístico, nivel educativo, etc. ); e tamén, aínda que en menor medida, con necesidades especiais de apoio educativo, que necesitan medidas extraordinarias tanto dentro da aula como para as probas.

No relativo á diversidade dentro da aula, os casos máis frecuentes dentro das EOI son diferenzas de:

- Idade (14-XXX).
- Formación –desde os que teñen ou están facendo estudos universitarios ata os que soamente estiveron escolarizados no ensino obrigatorio.
- Perfís lingüísticos –desde persoas monolingües a persoas plurilingües, con graos de dominio diversos en diversas linguas, etc.
- Estilos de aprendizaxe.
- Capacidades, que poden requirir só medidas ordinarias ou chegar a presentar necesidades específicas que requiran medidas extraordinarias. Este punto engloba tamén o alumnado con altas capacidades ou con altas capacidades para a aprendizaxe de linguas.

A identificación das distintas necesidades do grupo ten lugar por parte do profesorado durante os primeiros días de clase, tanto a través das actividades iniciais de toma de contacto como tamén a través da avaliación inicial ou de diagnóstico.

Por outra parte, a identificación das necesidades específicas de apoio educativo máis frecuentes nas EOIs están relacionadas coa diversidade funcional de tipo motriz, auditivo e visual. Para a identificación destas necesidades, o profesorado de cada grupo pode decatarse desta necesidade e informar ó alumnado do seu dereito á adaptación tanto dentro da aula como para as probas pero, no caso de precisar tal adaptación haberá un prazo no que o alumnado debe solicitar as adaptacións presentando os informes e documentación pertinentes que acrediten esa necesidade.

## **AVALIACIÓN**

*NOTA: A avaliación contida neste apartado é aplicable a todos os niveis mencionados nesta programación.*

Os criterios de avaliación que especificamos na programación permitirán comprobar se o alumnado acadou os obxectivos propostos e medir o seu grao de competencia comunicativa na utilización do idioma nas cinco actividades de lingua. Esta avaliación farase en distintos momentos:

A avaliación das ensinanzas de idiomas de réxime especial ten como obxectivo valorar o grao de dominio que posúe o alumnado como usuario dun idioma determinado e, se é o caso, adoptar as medidas e as estratexias oportunas para mellorar o proceso de ensino aprendizaxe co fin de acadar os obxectivos académicos propostos.

O alumnado deberá ser avaliado tomando como referencia os obxectivos, as competencias, os contidos e os criterios de avaliación establecidos para cada actividade de lingua para os niveis básico A1 e A2, intermedio B1 e B2 e avanzado C1 e C2 nos currículos dos idiomas respectivos. A consecución dos obxectivos de cada nivel conducirá á obtención da certificación que corresponda.

A avaliación terá por obxecto cualificar e, de ser o caso, certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe. De xeito que o alumnado afrontará este proceso de avaliación nas seguintes modalidades:

Avaliación inicial (ou de diagnóstico)

Avaliación formativa

Avaliación sumativa

Avaliación certificadora

A autoavaliación

### **Avaliación inicial**

En todos os cursos e niveis levarase a cabo unha avaliación inicial do alumnado. Esta servirá para que o profesorado coñeza as características do seu alumnado e tamén facilitará que este se familiarice coas características do nivel no que se

matriculou. No caso do nivel A1, a avaliación inicial servirá para determinar se o alumnado parte duns coñecementos previos ou se, pola contra, son aprendices que descoñecen por completo a lingua obxecto de estudo.

### **Avaliación formativa**

A avaliación formativa refírese ao abano de procedementos e ferramentas que o profesorado e o alumnado empregan de forma continua para observar, reflexionar e garantir o logro dos obxectivos en etapas concretas. Polo tanto, esta avaliación non debe entenderse como unha proba desligada do proceso de aprendizaxe, senón como unha observación e valoración do desenvolvemento das tarefas e actividades deste proceso.

A avaliación formativa ten como obxecto situar o alumnado con respecto á súa meta de aprendizaxe e marcar o camiño para acadala. Este tipo de avaliación aplicarase en todos os cursos.

A avaliación formativa ten especial relevancia no ensino de linguas na EOI. O MECR menciónaa como elemento imprescindible na aprendizaxe de idiomas (MECR, pp. 260-261). A avaliación formativa axuda para orientar e guiar as persoas adultas na adquisición e uso de linguas.

Este tipo de avaliación levarase a cabo de maneira periódica e integrada no propio proceso de aprendizaxe. O profesorado informará o alumnado sobre o seu progreso e favorecerá activamente a adopción das estratexias de modificación ou adaptación máis axeitadas para acadar os obxectivos propostos.

### **Avaliación sumativa**

Esta levarase a cabo nos cursos non certificadores e servirá para determinar se o alumnado foi quen de alcanzar os obxectivos propostos. Este tipo de avaliación terá por obxecto determinar a promoción ao curso inmediatamente superior, sempre que se acade un resultado positivo no conxunto das actividades de lingua; e valorarase o aproveitamento do alumnado, conforme aos criterios e procedementos que, con carácter xeral, estean regulados para todos os centros e para todas as linguas.

## **Avaliación certificadora**

Este tipo de avaliación levarase a cabo no último curso de cada nivel para obter o certificado correspondente. Servirá para medir o dominio de lingua que posúe o alumnado. As probas de certificación responderán a un modelo competencial e centraranse en avaliar os obxectivos xerais e específicos do nivel.

## **Autoavaliación**

A autoavaliación é un instrumento clave no proceso de ensino-aprendizaxe. Autoavaliarse consiste na capacidade do alumnado e do profesorado de xulgar os logros acadados respecto aos obxectivos establecidos. No caso do alumnado, permite desenvolver a capacidade de aprender a aprender, céntrase nos procesos e aumenta a capacidade de ser responsable da propia aprendizaxe. No caso do profesorado, permite adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe (materiais, metodoloxía, temporalización, etc.) ás necesidades do alumnado e ás súas propias.

Con esta finalidade, a programación debe incluír as directrices para levar a cabo a avaliación da práctica docente. O profesorado avaliará o proceso de ensino e a súa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos e o desenvolvemento das competencias básicas.

Para levar a cabo esta avaliación teranse en conta, como mínimo, os seguintes elementos:

- A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e ás necesidades do alumnado
- A aprendizaxe lograda polo alumnado
- As medidas de individualización do ensino
- O desenvolvemento da programación (estratexias de ensino, procedementos de avaliación, organización da aula, aproveitamento dos recursos...)
- A idoneidade da metodoloxía e dos materiais curriculares
- As necesidades de actualización do profesorado (didáctica, lingüística, metodoloxía...)
- A coordinación co resto do profesorado



## **Mínimos esixibles en diferentes niveis**

Un mínimo esixible é o grao de competencia ao que o alumnado debe chegar para demostrar o dominio dun nivel. A cada obxectivo da programación correspóndelle un criterio de avaliación e a cada criterio de avaliación un mínimo esixible. Este mínimo servirán para fixar unha escala que permita valorar se o alumnado é quen de empregar correctamente outras expresións coa mesma función comunicativa.

## **A avaliación para o curso 2023/2024**

As probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas polo Decreto 81/2018, do 19 de xullo, o alumnado será avaliado consonte as instrucións establecidas na Circular 1/2020 e Circular 3/2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

## **Probas de diagnóstico e de niveis non-terminais**

### **Características xerais, estrutura e organización:**

- a) Estas dúas probas serán elaboradas, administradas e corrixidas polo profesorado do departamento, de acordo coas especificacións establecidas polo profesorado das diferentes coordinacións de nivel.
- b) Para os cursos non terminais de nivel realizarase unha proba final de promoción. Esta proba terá lugar a finais do mes de maio, en convocatoria ordinaria, e no mes de xuño, en convocatoria extraordinaria. Na convocatoria extraordinaria o alumnado só terá que ser avaliado das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria de xuño.
- c) Os departamentos didácticos establecerán criterios para a valoración positiva do rendemento e a participación do alumnado na aula; a dita valoración en ningún caso poderá superar o 10% da cualificación final do curso.

## **Proba de certificación**

O alumnado matriculado nos cursos terminais de nivel realizará a finais do mes de maio ou durante o mes de xuño a proba terminal de certificación do nivel correspondente. Estas probas terminais específicas de certificación serán comúns para todas as modalidades e réximes de ensinanza en cada escola e permitirán o acceso directo ás ensinanzas do nivel inmediatamente superior, e o nivel de competencia e o grao de

dominio do idioma que se avalían nestas probas estableceranse en referencia aos obxectivos e criterios de avaliación establecidos nos currículos de cada idioma.

As probas de certificación teñen como obxectivo avaliar o nivel de competencia lingüística do alumnado de escolas oficiais de idiomas nas distintas actividades de lingua nos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2, establecidos nos currículos respectivos.

O nivel de competencia e o grao de dominio do idioma que se avalían nestas probas estableceranse en referencia aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación establecidos nos currículos de cada idioma.

As probas de certificación serán comúns para todas as modalidades e réximes de ensinanza en cada escola e permitirán o acceso directo ás ensinanzas do nivel inmediatamente superior.

### **Elaboración, administración e cualificación**

As probas de certificación para cada un dos niveis serán elaboradas, administradas e cualificadas de acordo co procedemento que estableza a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Universidades.

As probas de certificación administraranse nas sedes das escolas oficiais de idiomas e, se é o caso, nas súas seccións. Para a correcta administración das probas deberase ter en conta o disposto nas guías de administración de cada un dos niveis, así como nas guías informativas e de especificacións das probas de certificación, que estableza a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Con carácter excepcional, e logo de autorización da xefatura territorial correspondente, poderase variar o horario lectivo da escola ou sección naquelas franxas horarias en que a necesidade de espazos e profesorado o fagan necesario para o correcto desenvolvemento das probas.

### **Baremo e cualificación das probas:**

a) Para os cursos do nivel básico A2, tanto a proba parcial de progreso como a proba de promoción terán un valor de 100 puntos, e cada unha das súas catro partes 25

puntos. Para promocionar de curso dentro do mesmo nivel o alumnado terá que acadar, polo menos, 15 puntos en cada unha das actividades de lingua.

b) Para os cursos dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2, a puntuación total da proba de promoción será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. Para superar a proba será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua e, ademais, obter unha puntuación mínima dun 65% na puntuación total da proba.

c) A cualificación outorgada ao alumnado será de "Apto" ou "Non apto".

d) A cualificación "Apto" requirirá a superación da proba nos termos previstos nos apartados anteriores.

e) No caso do alumnado que non realice algunha(s) das partes da proba, a cualificación para cada unha destas partes será "Non presentado" e a cualificación final da proba será "Non apto".

f) No caso do alumnado que non realice ningunha das partes que conforman a proba, a cualificación final será "Non presentado".

### **Alumnado con necesidades especiais**

A organización e administración das probas para o alumnado con necesidades educativas especiais basearanse no principio de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes. Así, no desenvolvemento das probas deberanse adaptar, se é o caso, a súa duración e as condicións de realización.

### **PROTOCOLO DE RECLAMACIÓNS**

*(Orde do 8 de setembro pola que se regula a avaliación e a cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación)*

As reclamacións ás cualificacións finais terán que estar baseadas nalgún dos seguintes aspectos:

- Inadecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación da proba aos establecidos o currículo oficial e na programación didáctica do departamento correspondente.

- Incorrecta aplicación dos procedimientos e instrumentos de avaliación e/ou dos criterios de cualificación establecidos para estas probas.

## **MATERIAL DIDÁCTICO**

### NIVEL BÁSICO

#### **A1**

English File 4th Edition A1. Clive Oxenden –Oxford University Press. Student's Book and Workbook with Key Pack. ISBN: 9780194057950

#### **A2**

ENGLISH FILE 4th Edition A1/A2. Clive Oxenden –Oxford University Press. Student's Book and Workbook Pack. ISBN 9780194058001

### NIVEL INTERMEDIO

#### **B1**

ENGLISH FILE 4TH Edition B1 Clive Oxenden –Oxford University Press. Student's Book and Workbook Pack, ISBN: 978-0-19-403945-1

#### **B2.1**

ENGLISH FILE 4th Edition B2.1. Clive Oxenden –Oxford University Press. Student's Book and Workbook Pack. ISBN 9780194058247.

#### **B2.2**

ENGLISH FILE 4th Edition B2.2. Clive Oxenden –Oxford University Press. Student's Book and Workbook Pack. ISBN 9780194058308

## NIVEL AVANZADO

### **C1.1**

ENGLISH FILE 4th Edition C1.1. Clive Oxenden –Oxford University Press. Student's Book and Workbook Pack. ISBN 9780194058186

### **C1.2**

KEY LINKS C1/C2, Student's Book, Mitchell H.Q. & Malkogianni, Marileni, Editorial MM Publications, ISBN 9786180561531

### **C2**

SPEAK OUT, 2nd Edition, Advanced Plus, Students' Book - Pearson Education- ISBN 978-1-2922-4150-0, First published 2018

## LIBROS DE CONSULTA RECOMENDADOS

**BÁSICO:** ESSENTIAL GRAMMAR IN USE with answers– Third Edition. Raymond Murphy. CUP

**INTERMEDIO:** ENGLISH GRAMMAR IN USE 4TH BOOK WITH ANSWERS. Raymond Murphy. Cambridge University Press.(ISBN 978-0-521-18906-4)

**AVANZADO:** ADVANCED GRAMMAR IN USE with answers and CD –ROM. Third Edition. Martin Hewings. Cambridge University Press.

**VOCABULARIO:** English Vocabulary in Use. Michael McCarthy. Cambridge University Press.

**DICIONARIOS:** Cambridge Learner's Dictionary 4th edition with CD-ROM (ISBN 978-1-107-66015-1).

## **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

O Departamento de Inglés organiza todos os anos diversas actividades culturais para motivar o alumnado e darlle a posibilidade de estar en contacto coa lingua fora da aula, e así coñecer mellor os países de fala inglesa e a súa cultura ao mesmo tempo que participan dunha actividade lúdica. Neste curso académico o Departamento continuará desenvolvendo diferentes actividades culturais (concursos, clubs de lectura, conferencias, etc.).

Se ben o curso pasado non houbo moitas actividades propostas polo departamento de inglés, e máis ben, adaptámonos as actividades propostas polo Plambe e o EDLG, este curso temos a intención de levar a cabo máis actividades relacionadas coa lingua inglesa especificamente e máis dirixidas ao noso alumnado, que é o maioritario na Escola de Pontevedra.

Participación xunto cós outros departamentos en actividades e festas organizadas polo centro. O noso departamento mantén un lazo moi estreito co Plambe e tamén co EDLG, levando a cabo todas as actividades propostas nestes eidos e propoñendo asemade outras iniciativas que os complementen.

Actividades propostas para este curso académico:

Primeiro cuatrimestre:

- Actividade do Nadal en Canadá realizada por Bonnie Cooper.
- Actividade musical con música británica dos anos 80 e 90.

Segundo cuatrimestre:

- Obra de teatro en inglés a cargo do grupo Moving On.
- Obradoiro de cultura hindú en inglés.
- Actividade interactiva musical con Jan Blied.

## **SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN**

Para levar a cabo o seguimento do desenvolvemento da programación didáctica, así como o seu rendemento e a súa posterior revisión e adaptación caso de seren detectados desaxustes, este departamento empregará as seguintes ferramentas e procedementos na medida que se revelen necesarios:

- Reunións do departamento e das coordinacións de curso e nivel.
  - Enquisas de autoavaliación do alumnado.
  - Enquisas de autoavaliación do profesorado.
  - Enquisas ó alumnado e ó profesorado.
- Informe mensual de cada profesor, ou coordinador de curso, sobre o cumprimento da secuenciación dos contidos e os obxectivos previstos no período.

Pontevedra , 30 de setembro de 2023





## PROGRAMACIÓN DO NIVEL A1



## PROGRAMACIÓN DO NIVEL BÁSICO A1

CURSO 2023-2024

### TEMPORALIZACIÓN

Tanto a temporalización como a secuenciación dos contidos poden estar suxeitas a modificacións ou adaptacións segundo a decisión das coordinacións do curso e sempre que as condicións particulares dos grupos o requiran, de tal xeito que se poida garantir o cumprimento dos obxectivos fixados para o curso e nivel.

SETEMBRO - OUTUBRO	
Unidade 1 - Presentacións	
<b>Obxectivos</b>	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Coñecer e integrar o vocabulario da unidade (saúdos, números, días e países).</li><li>2. Entender e identificar ideas principais e secundarias de distintos tipos de textos.</li><li>3. Aprender e identificar distintos patróns de ritmo, pronunciación e entoación.</li><li>4. Deletrear nomes e apelidos.</li><li>5. Presentarse un mesmo e preguntar polo outro.</li></ol>
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• audición de persoas presentándose.</li><li>• audición comparando procedencia de dúas persoas.</li><li>• práctica oral presentándose</li><li>• práctica oral preguntando por outros.</li><li>• canción</li><li>• práctica do alfabeto</li></ul>
<b>Competencias e contidos</b>	<ol style="list-style-type: none"><li>1. <b>Léxicos:</b> nacionalidades, números, países, días da semana, classroom language.</li><li>2. <b>Sintácticos:</b> o verbo to be (afirmativo)</li><li>3. <b>Fonéticos e ortotipográficos:</b> distintos patróns de ritmo, pronunciación e entoación</li><li>4. <b>Socioculturais/sociolingüísticos:</b> presentarse e deletrear. Recoñecer músicas do mundo asociadas a países.</li><li>5. <b>Estratéxicos:</b> Buscar información nas páxinas web. Como rexistrarse nun hotel. Como reservar unha mesa.</li><li>6. <b>Funcionais:</b> Preguntas e respostas sobre procedencia e</li></ol>

	<p>presentacións. Valorar a lingua estranxeira como medio de comunicación entre persoas de procedencias diversas. Saber saudar.</p> <p>7. <b>Discursivos:</b> Conversa cara a cara: como dar indicacións básicas (Open, Go). Solicitar repetición (Sorry, Repeat please). Expresar hipóteses (I think).</p>
<b>Criterios de avaliación</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Coñece e integra o vocabulario da unidade (saúdos, números, días e países).</li> <li>2. Entende e identifica ideas principais e secundarias de distintos tipos de textos.</li> <li>3. Aprende e identifica distintos patróns de ritmo, pronunciación e entoación.</li> <li>4. Deletrea nomes e apelidos.</li> <li>5. Preséntase a si mesmo e solicita información a outra persoa.</li> </ol>
<b>Unidade 2 - Nacionalidades</b>	
<b>Obxectivos</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Coñecer e integrar o vocabulario da unidade (nacionalidades, países, números, números de teléfono, días).</li> <li>2. Comprender textos orais e escritos sobre presentacións e lugares de procedencia.</li> <li>3. Comprender e extraer información xeral e específica de textos escritos.</li> <li>4. Presentarse un mesmo, preguntar información sobre terceiras persoas.</li> <li>5. Contar ata 100.</li> </ol>
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• completar un formulario escrito.</li> <li>• diferenciar números (15-50).</li> <li>• aprender vocabulario de obxectos na clase.</li> <li>• practicar pronunciación e acento de palabra.</li> <li>• lectura de viñetas sobre unha conversa online</li> <li>• práctica oral sobre información persoal e nacionalidades.</li> </ul>
<b>Competencias e contidos</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. <b>Léxicos:</b> nacionalidades, números, números de teléfono</li> <li>2. <b>Sintáctico:</b> verbo <i>to be</i> ( en preguntas <i>wh-</i>)</li> <li>3. <b>Fonéticos e ortotipográficos:</b> familiarizarse cos sonidos consonánticos.</li> <li>4. <b>Socioculturais/sociolingüísticos:</b> presentación de persoas de USA e Reino Unido.</li> </ol>

	<ol style="list-style-type: none"> <li>5. <b>Estratéxicos:</b> estratexias básicas de comprensión lectora.</li> <li>6. <b>Funcionais:</b> preguntas e respostas sobre nacionalidades.</li> <li>7. <b>Discursivos:</b> ler unha conversa online. Entender unha conversa sinxela entre tres persoas.</li> </ol>
<b>Criterios de avaliación</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Coñece e integra o vocabulario da unidade (nacionalidades, países, números, números de teléfono, días).</li> <li>2. Comprende textos orais e escritos sobre presentacións e lugares de procedencia.</li> <li>3. Comprende e extrae información xeral e específica de textos escritos.</li> <li>4. Preséntase el/ela mesmo/a, pregunta información sobre terceiras persoas.</li> <li>5. Conta ata 100.</li> </ol>
<b>OUTUBRO-NOVEMBRO</b>	
<b>Unidade 3 - Obxectos cotiás</b>	
<b>Obxectivos</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Coñecer e integrar o vocabulario da unidade (pequenos obxectos e souvenirs).</li> <li>2. Entender e identificar ideas principais e secundarias de textos orais.</li> <li>3. Entender e identificar ideas principais e secundarias de textos escritos.</li> <li>4. Producir textos escritos con finalidades variadas, axeitados a diferentes contextos.</li> <li>5. Ser quen de identificar e falar de distintos obxectos.</li> <li>6. Solicitar e dar prezos.</li> </ol>
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• escoitar, repetir e practicar prezos</li> <li>• preguntar canto custan as cousas</li> <li>• practicar unha conversación nun bar.</li> <li>• ver vídeo con frases ou expresións útiles.</li> <li>• canción</li> </ul>
<b>Competencias e contidos</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. <b>Léxicos:</b> Compras e actividades comerciais: establecementos comerciais, prezos, formas básicas de pagamento; Viaxes: nomes de países e xentilicios, vacacións, medios de transporte, aloxamento, equipaxe.</li> <li>2. <b>Sintácticos:</b> Sustantivos singulares e plurais, artigo (<i>a, an</i>) e demostrativos (<i>this, that, these, those</i>)</li> </ol>

	<ol style="list-style-type: none"> <li>3. <b>Fonéticos e ortotipográficos:</b> Aprender e identificar distintos patróns de ritmo, pronunciación e entoación. Pronunciación da desinencia do plural (-s, -es).</li> <li>4. <b>Socioculturais/sociolingüísticos:</b> Falar sobre diferentes obxectos, incluídos os <i>souvenirs</i>.</li> <li>5. <b>Estratéxicos:</b> Identificar obxectos e falar sobre o que creen que pode ser.</li> <li>6. <b>Funcionais:</b> Como pedir unha comida vendo un menú; Identificar obxectos pequenos; usar os demostrativos nun contexto real.</li> <li>7. <b>Discursivos:</b> Producir textos escritos con finalidades variadas, axeitados a diferentes contextos utilizando estruturas e recursos de cohesión e coherencia.</li> </ol>
<p><b>Criterios de avaliación</b></p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Coñece e integra o vocabulario da unidade (pequenos obxectos e souvenirs).</li> <li>2. Entende e identifica ideas principais e secundarias de textos orais.</li> <li>3. Entende e identifica ideas principais e secundarias de textos escritos.</li> <li>4. Produce textos escritos con finalidades variadas, axeitados a diferentes contextos.</li> <li>5. É quen de identificar e falar de distintos obxectos</li> <li>6. Solicita e dá prezos.</li> </ol>
<p><b>Unidade 4 - Familia e amigos</b></p>	
<p><b>Obxectivos</b></p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Comprender o esencial con frases moi sinxelas sobre temas frecuentes de ámbito persoal.</li> <li>2. Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas sobre temas familiares e sociais.</li> <li>3. Participar en conversas moi básicas sobre temas predecibles e expresar sentimentos e opinións de forma básica.</li> <li>4. Utilizar estratexias que faciliten a comprensión.</li> <li>5. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal sobre relacións persoais e familiares.</li> <li>6. Transmitir oralmente información moi sinxela sobre o ámbito familiar e social.</li> </ol>

<p><b>Actividades</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprende os puntos principais e a información esencial de textos orais e escritos aplicando aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos sobre temas relativos ás relacións persoais.</li> <li>• Coñece e utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas para producir textos orais e escritos moi breves e empregando os recursos de cohesión máis básicos para enlazar palabras ou grupos de palabras, nos que fala sobre si mesmo e a súa familia.</li> <li>• Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas para falar das súas preferencias e familia.</li> <li>• Interactúa de maneira sinxela en intercambios moi breves de forma lenta e clara aínda que pode presentar incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</li> <li>• Pronuncia e entoa de forma suficientemente clara.</li> </ul>
<p><b>Competencias e contidos</b></p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. <b>Léxicos:</b> Relacións familiares e sociais (people &amp; family); adxectivos comúns e cores (long/short, white...)</li> <li>2. <b>Sintácticos:</b> Adxectivos posesivos: formas e usos (my, your, his, her...) Caso posesivo: 's (Saxon Genitive). Formas e usos. Adxectivos comúns e a súa colocación.</li> <li>3. <b>Fonéticos e ortotipográficos:</b> /ʌ/, /æ/, /ə/, /u:/, /ɑ:/ e /ɔ:/; Liaison (linking)</li> <li>4. <b>Socioculturais/sociolingüísticos:</b> relacións persoais: estrutura e relacións sociais e familiares.</li> <li>5. <b>Estratéxicos:</b> Formular hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos; Ensañar o texto oral ou escrito; Deducir o significado das palabras ou frases a partir do contexto; Reformular hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</li> <li>6. <b>Funcionais:</b> Dirixirse a alguén; Convidar e presentar a alguén; Interesarse por persoas; Manifestar comprensión e incompreensión; Pedir información sobre datos persoais; Indicar posesión; afirmar e negar algo.</li> <li>7. <b>Discursivos:</b> Textos escritos: correspondencia persoal (blog post, pequeno ensaio sobre eles mesmos, notas e mensaxes) para dicir e describir quen forma parte da súa familia e amigos. Textos orais: conversas cara a cara para describir a persoas ou coches</li> </ol>

	e para falar sobre as súas preferencias e a súa familia.
<b>Criterios de avaliación</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Comprende o esencial con frases moi sinxelas sobre temas frecuentes de ámbito persoal.</li> <li>2. Comprende a información esencial de pasaxes curtas gravadas sobre temas familiares e sociais.</li> <li>3. Participa en conversas moi básicas sobre temas predecibles e expresar sentimentos e opinións de forma básica.</li> <li>4. Utiliza estratexias que faciliten a comprensión.</li> <li>5. Completa documentos básicos nos que se solicita información persoal.</li> <li>6. Transmite oralmente información moi sinxela sobre o ámbito familiar e social.</li> </ol>
<b>NOVEMBRO-DECEMBRO</b>	
<b>Unidade 5 - Alimentación</b>	
<b>Obxectivos</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Comprender información básica en descricións que conteñen textos orais e escritos sinxelos.</li> <li>2. Comprender o esencial de pasaxes curtas gravadas que tratan sobre temas cotiás, como os alimentos no almorzo, e que están pronunciadas de maneira lenta e clara.</li> <li>3. Participar en conversas moi básicas sobre temas predecibles facendo propostas.</li> <li>4. Comprender textos moi breves e sinxelos que inclúan ou soliciten información persoal básica e que conteñan vocabulario moi frecuente para falar de preferencias alimentarias e hábitos.</li> <li>5. Utilizar estratexias que faciliten a comprensión.</li> <li>6. Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e elaborar estes seguindo textos modelo.</li> </ol>
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprende o sentido global e localiza información relevante en textos orais e escritos de forma breve e sinxela relacionados con rutinas e hábitos.</li> <li>• Comprende conversas breves e sinxelas sobre diferentes almorzos no mundo ou situacións que poden xurdir cando viaxamos.</li> <li>• Identifica alimentos básicos que se poden tomar no almorzo.</li> <li>• Elabora textos orais e escritos sobre o seu almorzo típico e sobre</li> </ul>



	<p>información do día a día empregando elementos coñecidos e novos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Transmite información moi básica sobre o seu almorzo, os almozos máis comúns no seu país e a súa vida diaria.</li> </ul>
<p>Competencias e contidos</p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. <b>Léxicos:</b> Comida e bebida; frases comúns (I like..., I live..., I have...); as horas; sentimentos</li> <li>2. <b>Sintácticos:</b> Presente Simple: verbos comúns (positive, negative, questions and short answers for I, you, we and they); Nomes contables e incontables; Cuantificadores (a/an, some, any)</li> <li>3. <b>Fonéticos e ortotipográficos:</b> /ʌ/, /æ/, /ə/, /u:/, /a:/ e /ɔ:/; Liaison (linking)/tʃ/, /dʒ/ e /g/ /w/, /v/ e /b/; Consoantes xordas; Ritmo na oración e liaison.</li> <li>4. <b>Socioculturais/sociolingüísticos:</b> Coñecemento e aplicación dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á situacións da vida cotiá e ás fórmulas de cortesía.</li> <li>5. <b>Estratéxicos:</b> Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...); Probar novas expresións relacionadas con sentimentos; Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas sobre hábitos alimentarios polo mundo; Deducir o significado de palabras ou frases a partir dun contexto.</li> <li>6. <b>Funcionais:</b> Dirixirse a alguén; Pedir desculpas; Solicitalle axuda á persoa interlocutora para facilitar a comprensión (p.ex. falar, devagar, repetir; Pedir información sobre lugares, horarios, cantidades e actividades; Referirse a accións cotiás presentes; Expresar intereses, preferencias e gustos; Afirmar e negar algo; Expresar sensacións físicas e sentimentos.</li> <li>7. <b>Discursivos:</b> Textos escritos: correspondencia persoal: mensaxes electrónicas (posting a comment) e horarios. Textos orais: conversas cara a cara para falar do almorzo e a súa vida diaria.</li> </ol>
<p>Criterios de avaliación</p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Comprende información básica en descrições que conteñen textos orais e escritos sinxelos.</li> <li>2. Comprende o esencial de pasaxes curtas gravadas que tratan sobre temas cotiás, como os alimentos no almorzo, e que están pronunciadas de maneira lenta e clara.</li> </ol>

	<ol style="list-style-type: none"> <li>3. Participa en conversas moi básicas sobre temas predecibles facendo propostas.</li> <li>4. Comprende textos moi breves e sinxelos que inclúan ou soliciten información persoal básica e que conteñan vocabulario moi frecuente para falar de preferencias alimentarias e hábitos.</li> <li>5. Utiliza estratexias que faciliten a comprensión.</li> <li>6. Utiliza elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e elaborar estes seguindo textos modelo.</li> </ol>
--	--

**XANEIRO-FEBREIRO**

**Unidade 6 - Traballo e rutinas**

<b>Obxectivos</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Comprender información básica en descrições que conteñen textos orais e escritos sinxelos.</li> <li>2. Comprender o esencial de pasaxes curtas gravadas que tratan sobre temas cotiás, como as profesións e os lugares de traballo, e que están pronunciadas de maneira lenta e clara.</li> <li>3. Participar en conversas moi básicas sobre temas predecibles facendo propostas.</li> <li>4. Comprender textos moi breves e sinxelos que inclúan ou soliciten información persoal básica e que conteñan vocabulario moi frecuente para falar de profesións e de o día típico na vida propia ou dalgunha persoa.</li> <li>5. Utilizar estratexias que faciliten a comprensión para expresar o que fan durante o día.</li> <li>6. Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e elaborar estes seguindo textos modelo.</li> <li>7. Solicitar mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</li> </ol>
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprende o sentido global e localiza información relevante en textos orais e escritos de forma breve e sinxela relacionados con rutinas e hábitos e tamén lugares de traballo e profesións.</li> <li>• Comprende conversas breves e sinxelas sobre diferentes profesións ou situacións que poden xurdir nos nosos lugares de traballo.</li> <li>• Identifica accións básicas que se poden facer nun día típico das nosas vidas.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elabora textos orais e escritos sobre a súa rutina e sobre información do día a día empregando elementos coñecidos e novos.</li> <li>• Comprende os puntos principais e a información esencial de textos orais e escritos aplicando aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos sobre temas relativos ó traballo.</li> <li>• Interactúa de maneira sinxela en intercambios moi breves de forma lenta e clara aínda que pode presentar incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</li> </ul>
<p><b>Competencias e contidos</b></p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. <b>Léxicos:</b> Profesións e lugares de traballo; Un día típico</li> <li>2. <b>Sintácticos:</b> Presente Simple: verbos comúns (positive, negative, questions and short answers for he, she it); Adverbios de frecuencia (sometimes, usually, never...); Marcadores temporais (then, before, after, until...);_ Conectores (and, or, but).</li> <li>3. <b>Fonéticos e ortotipográficos:</b> /z/ e /j/; Ritmo en frases e oracións.</li> <li>4. <b>Socioculturais/sociolingüísticos:</b> Distribución do día e rutina diaria, actividades de lecer; Condicións de vida (vivenda, transporte)</li> <li>5. <b>Estratéxicos:</b> Planificar a estrutura básica dun texto para falar do que se fai nun día típico; Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve sobre a rutina diaria propia e doutras persoas; Consultar as posibles dúbidas e corrixir erros.</li> <li>6. <b>Funcionais:</b> Dirixirse a alguén; Interesarse por persoas; Pedir e dar información sobre o traballo e o día a día; Expresa intereses, preferencias e gustos.</li> <li>7. <b>Discursivos:</b> Textos escritos: Notas e mensaxes.</li> </ol> <p>Textos orais: conversas cara a cara para intercambiar información e impresións da rutina diaria e o traballo propio e doutros.</p>
<p><b>Criterios de avaliación</b></p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Comprende os puntos principais e a información esencial do texto escrito e falado, aplicando os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á vida cotiá e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.</li> </ol>

	<ol style="list-style-type: none"> <li>2. Pode deducir do texto e do contexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</li> <li>3. Interactúa de maneira sinxela en intercambios moi breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación.</li> <li>4. Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral moi básico e limitado suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes, utilizando expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</li> </ol>
--	---

**XANEIRO - FEBREIRO**

**Unidade 7 - Deporte e cine**

<b>Obxectivos</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Coñecer e integrar o vocabulario de deportes, tempo de lecer e tipos de películas. Identificar e aprender este vocabulario.</li> <li>2. Ser capaz de ler, comprender e extraer información xeral e específica de diferentes textos escritos.</li> <li>3. Poder entender e identificar ideas principais e secundarias de diferentes tipos de textos orais.</li> <li>4. Producir textos escritos con finalidades variadas, adecuados a diferentes contextos comunicativos, empregando estruturas e recursos adecuados de cohesión e coherencia.</li> <li>5. Valorar a lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, cultura e linguas diversas.</li> <li>6. Aprender e practicar diferentes patróns de ritmo, pronuncia e entoación, usando a entonación adecuada.</li> </ol>
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender textos orais e escritos sobre deportes, deportistas, películas e actores/actrices.</li> <li>• Entender e aplicar a gramática da unidade: a orde das palabras nas preguntas con presente simple e o verbo "to be", as oracións imperativas e o uso dos pronomes obxecto.</li> <li>• Ser capaz de falar sobre a semana e a fin de semana, preguntando sobre as diferentes actividades que realizan cada día.</li> <li>• Buscar información sobre temas relacionados cos contidos da</li> </ul>

	<p>unidade e empregar páxinas web deseñadas para tal fin.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Aprender a dicir e a preguntar pola data en determinadas situacións da vida real (<i>practical English</i>).</li> </ul>
<p><b>Competencias e contidos</b></p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. <b>Léxicos:</b> Deporte, tempo libre, tipos de películas, programas...</li> <li>2. <b>Sintácticos:</b> Orde sintáctica en preguntas: <i>to be</i> e <i>present simple</i>; Imperativos; pronomes persoais obxecto, pronomes posesivos.</li> <li>3. <b>Fonéticos e ortotipográficos:</b> /w/, /h/, /ɛə/, /aʊ/; Ritmo e entoación das preguntas</li> <li>4. <b>Socioculturais/sociolingüísticos:</b> Aprender sobre os deportes nacionais no resto do mundo; coñecer máis sobre a rutina dunha campioa olímpica; Coñecer e expresar gusto e preferencia por diferentes actores americanos.</li> <li>5. <b>Estratéxicos:</b> Formular hipóteses do contido do texto baseándose nos seus coñecementos do tema e no contexto.; Memorizar as palabras e estruturas novas aprendidas; Deducir e formular hipóteses sobre o significado probable das palabras ou frases que descoñece, a partir do contexto.</li> <li>6. <b>Funcionais:</b> Actividades de tempo de lecer; xéneros de películas</li> <li>7. <b>Discursivos:</b> Textos escritos: Completar un cadro con diferentes tipos de películas e diversos actores e actrices.</li> </ol> <p>Textos orais: Unha práctica oral preguntando sobre as actividades ou rutinas que realizan a diario e nas fins de semana. Unha práctica oral preguntando sobre diferentes tipos de películas e os actores e/ou actrices que estarían máis encadrados nestes xéneros.</p>
<p><b>Criterios de avaliación</b></p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Coñece e integra o vocabulario de deportes, tempo de lecer e tipos de películas. Identifica e aprende este vocabulario.</li> <li>2. É capaz de ler, comprender e extraer información xeral e específica de diferentes textos escritos.</li> <li>3. Pode entender e identificar ideas principais e secundarias de diferentes tipos de textos orais.</li> <li>4. Produce textos escritos con finalidades variadas, adecuados a diferentes contextos comunicativos, empregando estruturas e recursos adecuados de cohesión e coherencia.</li> <li>5. Valora a lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, cultura e linguas.</li> </ol>

	6. Aprende e practica diferentes patróns de ritmo, pronuncia e entoación, usando a entoación adecuada.
<b>FEBREIRO-MARZO</b>	
<b>Unidade 8 - Actividades de lecer</b>	
<b>Obxectivos</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Coñecer e integrar o vocabulario propio de actividades de lecer: frases con verbos e actividades.</li> <li>2. Entender e aplicar a gramática da unidade: <i>can / can't y like, love, hate</i> seguidos de verbos con <i>-ing</i>.</li> <li>3. Comprender textos orais e escritos sobre actividades no tempo de lecer.</li> <li>4. Entender e identificar ideas principais e secundarias de diferentes tipos de textos orais.</li> <li>5. Ser capaz de ler, comprender e extraer información xeral e específica de diferentes tipos escritos.</li> <li>6. Producir textos escritos con finalidades variadas adecuados a diferentes contextos comunicativos, empregando estruturas e recursos axeitados de cohesión e coherencia.</li> <li>7. Ser capaz de falar sobre diferentes actividades.</li> <li>8. Valorar a lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, cultura e linguas diversas.</li> <li>9. Aprender e practicar diferentes patróns de ritmo, pronuncia e entoación, empregando a entoación adecuada.</li> </ol>
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificar e aprender vocabulario relacionado co tema da unidade.</li> <li>• Buscar información sobre temas relacionados cos contidos da unidade e empregar páxinas web con tal finalidade.</li> <li>• Aprender a empregar o verbo <i>can</i> na súa forma afirmativa, negativa e interrogativa e ser capaz de utilizalo en contextos reais simulados.</li> </ul>
<b>Competencias e contidos</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. <b>Léxicos:</b> Expresións verbais; Actividades</li> <li>2. <b>Sintácticos:</b> <i>Can / Can't; Like / love / hate + verb -ing</i></li> <li>3. <b>Fonéticos e ortotipográficos:</b> /æ/, /a:/, /ə/; O ritmo na oración ; /ʊ/, /u:/, /ŋ/</li> <li>4. <b>Socioculturais/sociolingüísticos:</b> Aprender a preguntar</li> </ol>

	<p>formalmente por diferentes cousas nunha cidade descoñecida.</p> <p>5. <b>Estratéxicos:</b> Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da comprensión de textos orais; Identificar o tipo de texto, adaptando a súa comprensión a esa tipoloxía; Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...); Deducir e formular hipóteses do contido do texto baseándose nos seus coñecementos do tema e no contexto.</p> <p>6. <b>Funcionais:</b> Preguntas e respostas con <i>can</i>; verbos seguidos de verbos con <i>-ing</i></p> <p>7. <b>Discursivos:</b> Textos escritos: Escritura dun breve texto respondendo á pregunta: <i>Que che gusta facer no teu tempo libre?</i></p> <p>Textos orais: Unha práctica oral simulando ser un turista e preguntando por determinadas cousas. Unha práctica oral falando sobre as actividades e empregando os verbos da unidade (<i>love, hate, like, don't like</i>).</p>
<p><b>Criterios de avaliación</b></p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Coñece e integra o vocabulario propio de actividades de lecer: frases con verbos e actividades.</li> <li>2. Entende e aplica a gramática da unidade: <i>can / can't y like, love, hate</i> seguidos de verbos con <i>-ing</i>.</li> <li>3. Comprende textos orais e escritos sobre actividades no tempo de lecer.</li> <li>4. Entende e identifica ideas principais e secundarias de diferentes tipos de textos orais.</li> <li>5. É capaz de ler, comprender e extraer información xeral e específica de diferentes tipos escritos.</li> <li>6. Produce textos escritos con finalidades variadas adecuados a diferentes contextos comunicativos, empregando estruturas e recursos adecuados de cohesión e coherencia.</li> <li>7. É capaz de falar sobre diferentes actividades.</li> <li>8. Valora a lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, cultura e linguas diversas.</li> <li>9. Aprende e practica diferentes patróns de ritmo, pronuncia e entoación, empregando a entoación adecuada.</li> </ol>

## Unidade 9 - Viaxes

<b>Obxectivos</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Coñecer e integrar o vocabulario propio da unidade: viaxes e roupa.</li> <li>2. Entender e aplicar a gramática da unidade: presente continuo e presente simple.</li> <li>3. Poder entender e identificar ideas principais e secundarias de diferentes tipos textuais orais.</li> <li>4. Ser capaz de ler, comprender e extraer información xeral e específica de diferentes tipos escritos.</li> <li>5. Producir textos escritos con finalidades variadas, adecuados a diferentes contextos comunicativos, empregando estruturas e recursos adecuados de cohesión e coherencia.</li> <li>6. Ser capaz de preguntar e responder por accións que están a acontecer nese mesmo intre.</li> <li>7. Valorar a lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, cultura e lingua diversas.</li> <li>8. Aprender e practicar diferentes patróns de ritmo, pronuncia e entoación, empregando a entonación adecuada.</li> </ol>
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender e producir textos orais e escritos sobre oficios e viaxes.</li> <li>• Buscar información sobre temas relacionados cos contidos da unidade e empregar páxinas web deseñadas para tal finalidade.</li> <li>• Aprender a realizar invitacións e ofrecementos dun xeito formal. (<i>Practical English</i>).</li> </ul>
<b>Competencias e contidos</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. <b>Léxicos:</b> Common verb phrases 2; Travelling; clothes</li> <li>2. <b>Sintácticos:</b> Present continuous; Present continuous or present simple?</li> <li>3. <b>Fonéticos e ortotipográficos:</b> Sentence rhythm &amp; /ɜ:/, /i:/, /e/, /eə/</li> <li>4. <b>Socioculturais/sociolingüísticos:</b> Aprender a forma de facer invitacións e ofrecementos formais; Coñecer máis sobre un programa de televisión británico.</li> <li>5. <b>Estratéxicos:</b> Estratexias básicas de comprensión lectora: identificar o tipo de texto, distinguir o tipo de comprensión,</li> </ol>



	<p>formular hipóteses do contido do texto; Reformular hipóteses a partir da comprensión de novos elementos; Memorizar as palabras e estruturas novas aprendidas.</p> <p>6. <b>Funcionais:</b> Accións no presente continuo; Diferenzas entre o presente continuo e o presente simple.</p> <p>7. <b>Discursivos:</b> Textos escritos: mensaxes curtas entre amigos. Textos orais: interaccións orais (unha dicindo que cres que as persoas da túa familia están a facer agora mesmo, e outra preguntando e respondendo sobre a roupa que toda a xente leva na clase).</p>
<p><b>Criterios de avaliación</b></p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Coñece e integra o vocabulario propio da unidade: viaxes e roupa.</li> <li>2. Entende e aplica a gramática da unidade: presente continuo e presente simple.</li> <li>3. Pode entender e identificar ideas principais e secundarias de diferentes tipos textuais orais.</li> <li>4. É quen de ler, comprender e extraer información xeral e específica de diferentes tipos escritos.</li> <li>5. Produce textos escritos con finalidades variadas, adecuados a diferentes contextos comunicativos, empregando estruturas e recursos adecuados de cohesión e coherencia.</li> <li>6. É quen de preguntar e responder por accións que están a acontecer nese mesmo intre.</li> <li>7. Valora a lingua estranxeira como medio de comunicación e entendimento entre persoas de procedencias, cultura e lingua diversas.</li> <li>8. Aprende e practica diferentes patróns de ritmo, pronuncia e entoación, empregando a entoación adecuada.</li> </ol>
<p><b>ABRIL</b></p>	
<p><b>Unidade 10 - Hoteis; pasado e presente de famosos</b></p>	
<p><b>Obxectivos</b></p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Comprender información puntual básica en panfletos, carteis ou letreiros que conteñen un texto breve e sinxelo e apoio visual.</li> <li>2. Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos moi básicos e claramente estruturados relacionados con temas frecuentes.</li> </ol>

	<ol style="list-style-type: none"> <li>3. Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas que tratan sobre asuntos cotiás, que están pronunciadas con lentitude e claridade e que contan con apoio visual ou anticipación do tema.</li> <li>4. Seguir un texto moi breve articulado con claridade, no que se utilizan expresións moi sinxelas e habituais referidas a temas moi coñecidos.</li> <li>5. Participar en conversas moi básicas sobre temas previsibles e interactuar para pedir e obter información.</li> <li>6. Utilizar elementos coñecidos para elaborar un texto escrito.</li> <li>7. Transmitir oralmente información moi simple e previsible en textos escritos breves e de estrutura moi sinxela.</li> </ol>
<p><b>Actividades</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender información esencial reflectida nun panfleto informativo.</li> <li>• Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos orais e escritos breves e sinxelos relacionados con situacións no pasado e no presente.</li> <li>• Comprender conversas breves e sinxelas sobre hoteis.</li> <li>• Identificar a localización de obxectos cotiás nunha habitación.</li> <li>• Identificar mobiliario, instalacións e servizos moi básicos nun hotel.</li> <li>• Conversar sobre onde estiveron onte, a fin de semana pasada, etc.</li> <li>• Elaborar un texto escrito sobre un hotel empregando elementos coñecidos.</li> <li>• Transmitir información básica sobre as instalacións e servizos de hoteis.</li> </ul>
<p><b>Competencias e contidos</b></p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. <b>Léxicos:</b> Instalacións, servizos e mobiliario básicos dun hotel; Preposicións de lugar básicas (in, on, at, under); Vivenda: partes da casa e mobiliario básico</li> <li>2. <b>Sintácticos:</b> There´s a... / There are some.../ There aren´t any... / Is there a...? / Are there any...?; Pasado simple: be (positive, negative, questions and short answers)</li> <li>3. <b>Fonéticos e ortotipográficos:</b> Sentence rhythm &amp; /ɜ:/, /i:/, /e/, /eə/, &amp; /ɪə/; Was &amp; were; Ritmo na oración</li> <li>4. <b>Socioculturais/sociolingüísticos:</b> Coñecemento e aplicación</li> </ol>

	<p>dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá e condicións de vida: vivenda, instalacións e servizos básicos dun hotel.</p> <p>5. <b>Estratéxicos:</b> Planificar o desenvolvemento das tarefas tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar; Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve; Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto.</p> <p>6. <b>Funcionais:</b> Dirixirse a alguén; Solicitalle axuda á persoa interlocutora para facilitar a comprensión (p. ex. repetir, soletrear); Pedir e dar información sobre localización de obxectos, instalacións e servizos dun hotel e a vivenda.; Referirse a accións no pasado e no presente; Indicar cando aconteceu algo; Expresar intereses, preferencias e gustos.</p> <p>7. <b>Discursivos:</b> Textos orais: conversas cara a cara sobre situacións cotiás nun hotel e sobre onde estiveron onte, e sobre a localización de diversos obxectos.</p> <p>Textos escritos: redacción sobre o seu hotel ideal; notas e mensaxes.</p>
<p><b>Criterios de avaliación</b></p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Comprende os puntos principais e a información esencial en pasaxes curtas gravadas que tratan sobre asuntos cotiás, que están pronunciadas con lentitude e claridade e que contan con apoio visual ou anticipación do tema.</li> <li>2. Recoñece e comprende o léxico oral máis básico relativo ás instalacións, servizos e mobiliario dun hotel, partes e mobiliario dunha casa e a localización espacial de obxectos cotiás.</li> <li>3. Coñece e sabe aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal dos textos.</li> <li>4. Coñece e utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas para producir textos orais breves e emprega os recursos de cohesión textual básicos para enlazar palabras ou grupos de palabras e crear secuencias sinxelas.</li> <li>5. Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral moi básico e limitado, para dar e obter información sobre servizos e</li> </ol>

	<p>instalacións de hoteis e utiliza expresións temporais sinxelas relacionadas co pasado.</p> <p>6. Interactúa de maneira sinxela en intercambios breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas básicas para iniciar e pechar a quenda de palabra.</p> <p>7. Produce textos escritos breves, planificándoos previamente e utilizando estruturas sintácticas sinxelas e recursos de cohesión textual máis básicos.</p> <p>8. Identifica a información básica que debe transmitir, aínda que teña que solicitar repeticións ou reformulacións e contar coa axuda do dicionario, e poida cometer erros.</p>
<b>Unidade 11 - Experiencias vitais no pasado</b>	
<b>Obxectivos</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos moi básicos e claramente estruturados relacionados con temas frecuentes.</li> <li>2. Seguir un texto moi breve articulado con claridade, no que se utilizan expresións moi sinxelas e habituais referidas a temas moi coñecidos.</li> <li>3. Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas que tratan sobre asuntos cotiás, que están pronunciadas con lentitude e claridade e que contan con apoio visual ou anticipación do tema.</li> <li>4. Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas.</li> <li>5. Participar en conversas moi básicas sobre temas predicibles e interactuar para solicitar e obter información utilizando estruturas moi sinxelas e habituais.</li> <li>6. Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e elaborar estes seguindo textos modelo.</li> <li>7. Transmitir oralmente información moi simple relativa a necesidades inmediatas contida en textos escritos.</li> </ol>
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos orais e escritos breves e sinxelos relacionados con situacións no pasado.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender conversas breves e sinxelas relacionadas con situacións no pasado.</li> <li>• Identificar accións cotiás no pasado.</li> <li>• Identificar e localizar lugares e direccións nunha cidade.</li> <li>• Conversar sobre o que fixeron onte, a semana pasada, etc.</li> <li>• Elaborar un texto escrito (<i>a blog post</i>) sobre actividades cotiás que fixeron no pasado</li> <li>• Transmitir información básica sobre lugares e direccións nunha cidade.</li> </ul>
<p><b>Competencias e contidos</b></p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. <b>Léxicos:</b> localizacións no espazo ( <i>on the right, on the corner</i>); lugares nunha cidade</li> <li>2. <b>Sintácticos:</b> Pasado simple dos verbos regulares; Introducción ao pasado simple dos verbos irregulares (do, get, go, have)</li> <li>3. <b>Fonéticos e ortotipográficos:</b> Pronunciación da terminación dos pasados regulares /t/, /d/, &amp; /ɪd/; Ritmo na oración</li> <li>4. <b>Socioculturais/sociolingüísticos:</b> Coñecemento dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá nun país estranxeiro.</li> <li>5. <b>Estratéxico:</b> Planificar o desenvolvemento das tarefas tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar; Planificar a estrutura básica dun texto; Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve.</li> <li>6. <b>Funcionais:</b> Pedir e dar información sobre direccións e a localización de lugares habituais nunha cidade; Referirse a accións cotiás no pasado; Manifestar comprensión e incompreensión; Dirixirse a alguén; Indicar cando aconteceu algo; Solicitalle axuda á persoa interlocutora para facilitar a comprensión (p. ex., falar de vagar, repetir).</li> <li>7. <b>Discursivos:</b> Textos orais: conversas cara a cara sobre accións cotiás no pasado recente e para solicitar e proporcionar direccións nunha cidade.</li> </ol> <p>Textos escritos: notas, a blog post sobre o que fixeron onte.</p>
<p><b>Criterios de avaliación</b></p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Recoñece e comprende o léxico oral máis básico relativo aos lugares e servizos habituais e a súa localización nunha cidade.</li> <li>2. Coñece e sabe aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal dos</li> </ol>

	<p>textos.</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>3. Comprende a información esencial en pasaxes curtas gravadas que tratan sobre asuntos cotiáns, que están pronunciadas con lentitude e claridade e que contan con apoio visual ou anticipación do tema.</li> <li>4. Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral moi básico e limitado, suficiente para dar e obter información sobre servizos, lugares habituais nunha cidade e a súa localización e utiliza expresións temporais sinxelas e formas verbais relacionadas co pasado.</li> <li>5. Interactúa de maneira sinxela en intervencións moi breves, articuladas de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas básicas para iniciar e pechar a quenda de palabra.</li> <li>6. Produce textos escritos moi breves, planificándoos e utilizando estruturas sintácticas sinxelas, recursos de cohesión textual máis básicos, así como as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais máis elementais.</li> <li>7. Identifica e reformula a información básica que debe transmitir, aínda que poida cometer erros.</li> </ol>
<b>MAIO</b>	
<b>Unidade 12 - Unha historia; plans de futuro</b>	
<b>Obxectivos</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos narrativos básicos e claramente estruturados relacionados con temas frecuentes.</li> <li>2. Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas que tratan sobre asuntos cotiáns, que están pronunciadas con lentitude e claridade e que contan con apoio visual ou anticipación do tema.</li> <li>3. Seguir un texto breve articulado con claridade, no que se utilizan expresións moi sinxelas e habituais referidas a temas coñecidos.</li> <li>4. Participar en conversas moi básicas sobre temas predicibles e interactuar para solicitar e obter información utilizando estruturas moi sinxelas e habituais.</li> </ol>

	<p>5. Comprender instrucións moi básicas e seguir indicacións sinxelas.</p> <p>6. Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e elaborar estes seguindo textos modelo.</p> <p>7. Transmitir oralmente información moi simple e predicible en textos escritos breves e de estrutura moi sinxela.</p>
<p><b>Actividades</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos orais e escritos breves e sinxelos relacionados con situacións no pasado.</li> <li>• Comprender conversas breves e sinxelas relacionadas con plans de futuro.</li> <li>• Identificar accións cotiás no pasado e plans de futuro.</li> <li>• Conversar sobre accións que fixeron no pasado (pola mañá, onte pola noite, a fin de semana pasada, etc.) Conversar sobre plans de futuro (vacacións, viaxes, etc.)</li> <li>• Elaborar un texto escrito sobre os seus plans de futuro.</li> <li>• Transmitir información básica sobre diferentes destinos de vacacións e viaxes.</li> </ul>
<p><b>Competencias e contidos</b></p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. <b>Léxicos:</b> Ampliación de verbos irregulares no pasado; O tempo meteorolóxico; As vacacións</li> <li>2. <b>Sintácticos:</b> Pasado simple de verbos regulares e irregulares; Be going to</li> <li>3. <b>Fonéticos e ortotipográficos:</b> Pronunciación dos verbos irregulares; patróns de acentuación na oración</li> <li>4. <b>Socioculturais/sociolingüísticos:</b> Coñecemento dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos ás viaxes e como desenvolverse en países estranxeiros.</li> <li>5. <b>Estratéxicos:</b> formular hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos; Planificar o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar; Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.</li> <li>6. <b>Funcionais:</b> Interesarse polos plans de futuro doutras persoas; Pedir e dar información sobre o que fixeron no pasado inmediato; Expresar plans de futuro; Indicar onde e cando vai acontecer algo; Referirse a accións cotiás pasadas; Solicitalle axuda á</li> </ol>

	<p>persoa interlocutora para facilitar a comprensión (p. ex., falar de vagar, repetir).</p> <p>7. <b>Discursivos:</b> Textos orais: conversas cara a cara sobre accións cotiás no pasado recente e sobre plans de futuro.</p> <p>Textos escritos: redacción breve sobre plans de futuro (as vacacións).</p>
<p><b>Criterios de avaliación</b></p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Coñece e sabe aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal dos textos.</li> <li>2. Comprende a información esencial en pasaxes curtas gravadas que tratan sobre asuntos cotiás, que están pronunciadas con lentitude e claridade e que contan con apoio visual ou anticipación do tema.</li> <li>3. Recoñece e comprende o léxico oral máis básico relativo a viaxes e vacacións.</li> <li>4. Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral moi básico e limitado, suficiente para dar e obter información sobre actividades cotiás no pasado, plans de futuro e utiliza expresións temporais sinxelas relacionadas co pasado e o futuro.</li> <li>5. Interactúa de maneira sinxela en intervencións moi breves, articuladas de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas básicas para iniciar e pechar a quenda de palabra.</li> <li>6. Produce textos escritos moi breves, planificándoos previamente e utilizando estruturas sintácticas sinxelas e recursos de cohesión textual máis básicos.</li> <li>7. Identifica e reformula a información básica que debe transmitir, aínda que poida cometer erros.</li> </ol>
<p><b>PROBAS FINAIS DE PROMOCIÓN: 24-31 MAIO</b></p>	
<p><b>CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA: XUÑO</b></p>	



## RECURSOS

- **Bibliografía**

Libro de texto: **English File A1** Student's Book and Workbook. Fourth Edition. Clive Oxenden & Christina Latham-Koenig. Oxford University Press

- **Materiais complementarios recomendados**

- *Basic Vocabulary in Use*. Reference and practice for students of English. Michael McCarthy, Felicity O'Dell, with Ellen Shaw. Cambridge.
- *Basic English Vocabulary Builder Activity Book / Answer Key*. Ruth De Jong. Ntc Pub Group.
- *Essential English Grammar with answers*. A self-study reference and practice book for elementary students of English. Raymond Murphy. Cambridge University Press.
- *English for Everyone. Practice Book. Level 1 Beginner*. A complete self-study programme. DK.
- <http://www.manythings.org/ello/> Practice Listening to Naturally-spoken English. Audio with Transcriptions
- <http://iteslj.org/v/s/> English – Spanish vocabulary quizzes. Quizzes to help students learn and review vocabulary.
- <http://a4esl.org/a/g.html> Easy English grammar quizzes.
- <http://a4esl.org/a/v.html> Easy English vocabulary quizzes.
- <http://iteslj.org/v/ei/> English vocabulary quizzes using pictures.
- <http://iteslj.org/cw/> Crossword puzzles for ESL students
- [www.wordreference.com](http://www.wordreference.com) Online dictionary

### Recursos didácticos aportados polo profesor

Ao longo do curso o profesorado achegará así mesmo materiais axeitados ao desenvolvemento das actividades de ensino-aprendizaxe co obxectivo de repasar contidos, profundar neles, presentar novos contidos etc.

O material facilitarase tanto na aula nas clases presenciais como na aula virtual Moodle, principalmente, ou a través doutra canle (por exemplo, do correo electrónico) que sirva para tal fin de xeito que o material estea á disposición do alumnado ao longo de todo o curso.

Os materiais extra poden consistir en:

1. formularios
2. actividades de comprensión oral
3. actividades de comprensión escrita
4. actividades de produción e coprodución oral
5. actividades de produción e coprodución escrita
6. actividades de reforzo e ampliación de aspectos gramaticais e vocabulario
7. vídeos, cancións e presentacións (PowerPoint, Prezi, Padlet, Genially, etc.)
8. páxinas web e actividades online
9. xogos e actividades lúdicas para practicar diversos aspectos lingüísticos e funcionais (Kahoot, Bamboozle, board games, cards, bingo cards, quizzes, crossword puzzles, word search puzzles etc.)
10. actividades relacionadas con aspectos socioculturais.
11. material da biblioteca (libros, revistas, películas)

### **Materiais elaborados polos alumnos**

1. redaccións (diálogos, emails, notas breves ...)
2. formularios para entrevistas (*role-play*)
3. pósters, tarxetas, etc.

### **Materiais audiovisuais**

Vídeos relacionados con diferentes aspectos lingüísticos, funcionais e socioculturais relacionados coa temática das distintas unidades.

### **AVALIACIÓN**

A avaliación das ensinanzas de idiomas de réxime especial ten como obxectivo valorar o grao de dominio que posúe o alumnado como usuario dun idioma determinado e, se é o caso, adoptar as medidas e as estratexias oportunas para mellorar o proceso de ensino aprendizaxe co fin de acadar os obxectivos académicos propostos. A avaliación

terá por obxecto cualificar e, de ser o caso, certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe.

O alumnado afrontará este proceso de avaliación nas seguintes modalidades:

- Avaliación inicial
- Avaliación de progreso (ou formativa) ao longo do curso, desaparecendo os exames de progreso.
- Avaliación de promoción (ou sumativa)
- A autoavaliación

### **Avaliación inicial**

No caso do nivel A1, a avaliación inicial servirá para determinar se o alumnado parte duns coñecementos previos ou se, pola contra, son aprendices que descoñecen por completo a lingua obxecto de estudo.

### **Avaliación formativa**

A avaliación formativa refírese ao abano de procedementos e ferramentas que o profesorado e o alumnado empregan de forma continua para observar, reflexionar e garantir o logro dos obxectivos en etapas concretas. Polo tanto, esta avaliación non debe entenderse como unha proba desligada do proceso de aprendizaxe, senón como unha observación e valoración do desenvolvemento das tarefas e actividades deste proceso.

A avaliación formativa ten como obxecto situar o alumnado con respecto á súa meta de aprendizaxe e marcar o camiño para acadala. Este tipo de avaliación aplicarase en todos os cursos.

A avaliación formativa ten especial relevancia no ensino de linguas na EOI. O MECR menciónaa como elemento imprescindible na aprendizaxe de idiomas (MECR, pp. 260-261). A avaliación formativa axuda para orientar e guiar as persoas adultas na adquisición e uso de linguas.

Este tipo de avaliación levarase a cabo de maneira periódica e integrada no propio proceso de aprendizaxe. O profesorado informará o alumnado sobre o seu progreso e favorecerá activamente a adopción das estratexias de modificación ou adaptación máis axeitadas para acadar os obxectivos propostos.

### **Avaliación de promoción (ou sumativa)**

Esta levarase a cabo nos cursos de non certificación e servirá para determinar se o alumnado foi quen de alcanzar os obxectivos propostos. Este tipo de avaliación terá por obxecto determinar a promoción ao curso inmediatamente superior, sempre que se acade un resultado positivo no conxunto das actividades de lingua. Valorarase o aproveitamento do alumnado conforme aos criterios e procedementos que, con carácter xeral, estean regulados para todos os centros e para tódalas linguas.

### **Autoavaliación**

A autoavaliación é un instrumento clave no proceso de ensino-aprendizaxe. Autoavaliarse consiste na capacidade do alumnado e do profesorado de xulgar os logros acadados respecto aos obxectivos establecidos. No caso do alumnado, permite desenvolver a capacidade de aprender a aprender, céntrase nos procesos e aumenta a capacidade de ser responsable da propia aprendizaxe. No caso do profesorado, permite adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe (materiais, metodoloxía, temporalización etc.) ás necesidades do alumnado e ás súas propias.

O profesorado avaliará o proceso de ensino e a súa propia práctica docente en relación á consecución dos obxectivos e o desenvolvemento das competencias básicas. Para levar a cabo esta avaliación teranse en conta os seguintes elementos:

- A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e ás necesidades do alumnado.
- A aprendizaxe lograda polo alumnado.
- As medidas de individualización do ensino.
- O desenvolvemento da programación (estratexias de ensino, procedementos de avaliación, organización da aula, aproveitamento dos recursos...)
- A idoneidade da metodoloxía e dos materiais curriculares.
- As necesidades de actualización do profesorado (didáctica, lingüística, metodolóxica...)
- A coordinación co resto do profesorado.

## **Criterios de avaliación**

A avaliación do grao de dominio das diferentes destrezas realizarase mediante a tipoloxía das probas que se estableceron nesta programación, e os criterios de cualificación aplicables son os seguintes:

A **proba final de promoción** terá un valor porcentual do 100%.

Tanto a proba parcial de progreso como a proba final de promoción terán un valor de 100 puntos, e cada unha das súas catro partes (correspondentes ás catro destrezas de listening, writing, reading e speaking) terá un valor de 25 puntos.

Para promocionar de curso dentro do mesmo nivel o alumnado terá que acadar, polo menos, 15 puntos dos 25 en cada unha das destrezas, chegando así a un mínimo de 60 puntos na totalidade da proba.

A proba final de promoción realizarase a finais do mes de maio en convocatoria ordinaria e no mes de xuño (só para alumnos oficiais) en convocatoria extraordinaria. Na convocatoria extraordinaria o alumno só terá que examinarse das destrezas non superadas na convocatoria ordinaria de maio. O alumnado que non promocione deberá repetir curso e ser avaliado de novo en tódalas destrezas.

Por último, o profesor poderá compensar o rendemento positivo do alumnado e a súa participación na aula ata cun 10% da cualificación final, se cumpre cos criterios acordados pola coordinación.

Os resultados das cualificacións das ensinanzas de idiomas de réxime especial expresaranse nos termos Apto ou Non Apto na convocatoria de maio e, se é o caso, na convocatoria extraordinaria de xuño nos termos Apto, Non Apto e Non Presentado.

No caso de obter a cualificación de Apto, este resultado irá expresado en números enteiros. As equivalencias a efectos de puntuación numérica serán as seguintes:

60-66 puntos: 5	67-73 puntos: 6	74-80 puntos: 7
81-87 puntos: 8	88-94 puntos: 9	95-100 puntos: 10



## PROGRAMACIÓN DO NIVEL A2





## **PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA NIVEL BÁSICO A2**

### **ÍNDICE:**

1. Obxectivos específicos
1. Competencias e contidos
2. Secuenciación dos contidos
3. Criterios de avaliación e Mínimos esixibles
4. Metodoloxía
5. Recursos
6. Avaliación

Para obxetivos específicos do nivel, competencias, contidos e criterios de avaliación véxase: **Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia**

<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/25735>

## DESCRICIÓN DO NIVEL A2

O alumnado que supere o nivel básico A2 será capaz de levar a cabo tarefas simples e cotiás sobre cuestións coñecidas e habituais. Igualmente, poderá actuar en situacións cotiás de comunicación mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos breves que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos de lingua estándar.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

**Comprender** o sentido xeral e a información relevante en textos orais breves e sinxelos articulados con claridade e lentitude nunha variedade de lingua estándar, que traten de necesidades inmediatas, temas cotiás e coñecidos cos que se estea moi familiarizado/a ou experiencias persoais e predicibles, sempre que non existan ruídos de fondo e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións ou reformulacións.

**Producir e co-producir** textos orais breves con estruturas básicas e habituais, adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras, referidos a asuntos da vida cotiá, e desenvolverse de forma comprensible e clara, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación das persoas interlocutoras para manter a comunicación.

**Comprender** o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos breves e sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar, relacionados con temas cotiás, - especialmente se contan con apoio visual.

**Producir e co-producir** textos escritos breves e sinxelos sobre aspectos cotiás e temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural limitado e básico e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación elementais.

**Mediar** entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos cotiás ou con información persoal básica.

## 1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

### 1.1. Actividades de Comprensión de textos orais

**Comprender** frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.

**Comprender** o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns, e identificar un cambio de tema.

**Comprender** o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar.

**Comprender** a información esencial en exposicións e presentacións públicas breves e sinxelas, referidas a temas habituais e coñecidos.

**Comprender** o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes.

### 1.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

**Desenvolverse** nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras.

**Desenvolverse** en actividades habituais e transaccións e xestións cotiáns, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.

**Describir** nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos/as oíntes, se llas repiten e se lle axudan coas respostas.

**Expoñer** plans e formular hipóteses, de forma breve e sinxela, en conversas informais relacionadas con asuntos cotiáns, e expresar de forma breve a opinión, as crenzas ou as suxestións sobre un tema coñecido.

**Solicitar** a colaboración da persoa interlocutora e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.

### 1.3. Actividades de comprensión de textos escritos

**Comprender** o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, en lingua estándar, e relacionados con temas da súa experiencia, especialmente se contan con apoio visual.

**Comprender** tipos básicos de correspondencia sobre temas cotiáns.

**Comprender** as instrucións básicas de aparellos de uso moi frecuente.

**Comprender** textos instrutivos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar.

**Utilizar** estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

#### **1.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos**

**Intercambiar** información concreta e sinxela sobre aspectos cotiáns e habituais nos diferentes ámbitos de actividade social.

**Describir** de forma sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar experiencias relacionadas con temas cotiáns.

**Intercambiar** correspondencia breve e sinxela, sobre temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, nun rexistro axeitado á situación de comunicación.

**Utilizar** elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo.

#### **1.5. Actividades de mediación**

**Transmitirle** oralmente a terceiras persoas información específica e relevante relativa a temas cotiáns, necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan breves e de estrutura sinxela, e estean articulados con lentitude e claridade, aínda que necesite consultar algunha palabra.

**Transmitirle** oralmente a terceiras persoas a información relativa a temas moi habituais contida en gráficos e imaxes moi sinxelas, como mapas meteorolóxicos, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións.

**Mediar** en situacións moi cotiáns, nas que o discurso se articule con lentitude e claridade, escoitando e comprendendo, aínda que sexa preciso pedir repeticións ou reformulacións, transmitindo o sentido xeral e a información esencial e dando e pedindo opinión sobre algunhas ideas concretas.

**Resumir** brevemente a información máis relevante de textos orais ou escritos moi sinxelos e breves, articulados con lentitude, claramente estruturados e que contén con apoio visual e cun léxico de uso moi frecuente, relativos a temas cotiáns ou necesidades inmediatas, sempre que poida axudarse de xestos, imaxes ou expresións doutras linguas e poida cometer erros que non dificulten a comprensión.

**Tomar notas** moi breves e sinxelas para terceiras persoas en enunciados ou intervencións moi breves e claramente estruturados, sempre que o tema sexa familiar e se conte coa axuda de distintos recursos (dicionarios, Internet...).

## **2. COMPETENCIAS E CONTIDOS**

### **2.1. Socioculturais e sociolingüísticos**

**Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao** alumnado comportarse e comunicarse con efectividade en diferentes situacións, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos aos diferentes ámbitos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.

**Vida cotiá:** horarios e hábitos de comida, horarios e costumes relacionados co traballo, actividades de lecer...

**Condicións de vida:** vivenda, condicións laborais, transporte...

**Relacións persoais:** relacións sociais, familiares, profesionais...

**Linguaxe corporal:** expresións faciais, acenos, distancia interpersonal, contacto visual, calidade de voz (ton, volume...)

**Convencións sociais:** fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá, vestiario...

## 2.2. Estratéxicos

Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

**2.2.1. As estratexias de aprendizaxe** danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- **Determinar** os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela.
- **Identificar** o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.
- **Distinguir** o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...).
- **Formular** hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos.
- **Planificar** o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.
- **Planificar** a estrutura básica do texto.
- **Ensañar** o texto oral ou escrito.
- **Adecuar** de forma básica o texto oral ou escrito ó destinatario, ao contexto e á canle.
- **Aproveitar** os coñecementos previos.

**2.2.2. As estratexias de comunicación** permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- **Probar** novas expresións.
- **Utilizar** estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve.
- **Cooperar** coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua.

- **Deducir** o significado de palabras ou frases a partir do contexto.
- **Compensar** as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos.
- **Efectuar**, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación.
- **Consultar** as posibles dúbidas e corrixir os erros.
- **Comprobar** hipóteses.
- **Reformular** hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.
- **Memorizar** palabras e estruturas novas aprendidas.
- **Valorar** se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.

### **2.3. Funcionais**

<p><b>Temporalización:</b> 22 Abril–10 Maio [6 sesións de 120 minutos]</p>	
<p>Obxectivos</p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Comprender a información esencial en presentacións públicas breves e sinxelas, referidas a temas habituais e coñecidos.</li> <li>2. Describir nun monólogo, de forma breve e sinxela, lugares.</li> </ol>

	<p>3. Comprender textos descriptivos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar.</p> <p>4. Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo.</p> <p>5. Transmitirle oralmente a terceiras persoas información específica e relevante relativa a temas cotiáns, necesidades inmediatas.</p>
<p>Actividades</p>	<p><b><u>Comprensión oral:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Audición de textos orais: entrevista a un responsable dunha web de viaxes   entrevistas sobre o choque cultural cando mudas de país ou acerca do uso de móbiles.</li> <li>- Reto de pronunciación: escoita.</li> </ul> <p><b><u>Expresión e interacción oral:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Conversas: role-play: turista; hábitos de uso dos móbiles   Debate: tablet / móbil   Presentación: guía turístico – o teu pobo /cidade</li> <li>- Reto de pronunciación: fala</li> </ul> <p><b><u>Comprensión escrita:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura e comprensión en detalle da información contida en textos sobre lugares perigosos, viaxes hoteis peculiares.</li> <li>- Reto de pronunciación: recoñecemento de símbolos fonéticos.</li> <li>- Reto de vocabulario: lugares e edificios</li> </ul> <p><b><u>Expresión e interacción escrita:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Taller de escritura: correo formal</li> </ul> <p><b><u>Mediación:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Oral: planificar unha saída de fin de semana.</li> </ul>
<p>Competencias e contidos</p>	<p><b>Socioculturais/sociolingüísticos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Vida cotiá: horarios e costumes relacionados coas actividades de lecer.</li> <li>- Convencións sociais: situacións da vida cotiá.</li> </ul> <p><b>Estratéxicos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolve-la.</li> <li>- Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica).</li> <li>- Ensañar o texto oral.</li> <li>- Aproveitar os coñecementos previos</li> <li>- Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.</li> </ul> <p><b>Funcionais:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Describir lugares.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Suxerir unha actividade.</li> <li>- Reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación.</li> <li>- Xustificar de maneira moi sinxela unha opinión ou unha actividade.</li> </ul> <p><b>Discursivos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Anuncios publicitarios.</li> <li>- Folletos informativos ou publicitarios.</li> <li>- Etiquetas de produtos e embalaxes</li> <li>- Correspondencia formal (cartas, correos electrónicos)</li> <li>- Textos sinxelos (blog, artigo xornalístico)</li> <li>- Reportaxes audiovisuais.</li> <li>- Conversas cara a cara.</li> <li>- Presentacións públicas</li> </ul> <p><b>Sintácticos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- O adxectivo. Grao superlativo.</li> <li>- O artigo. Clases (determinado / definido). Formas e usos. Casos máis usuais de presenza/omisión do artigo.</li> <li>- O verbo. Formas máis usuais para a expresión do futuro.</li> <li>- O adverbio. Formas máis comúns para expresar o modo (-ly).</li> <li>- Gramática textual. Procedementos elementais de organización estrutural de textos escritos. (book review, formal letter).</li> </ul> <p><b>Léxicos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Bens e servizos públicos: xestións sinxelas en bancos, correos, policía.</li> <li>- Ciencia e tecnoloxía: aparellos de uso cotián.</li> <li>- Viaxes: vacacións, lugares.</li> </ul> <p><b>Fonéticos e ortotipográficos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- A entoación (<i>sentence stress</i>).</li> <li>- Recoñecemento de enlace de sons: <i>connected speech</i>.</li> <li>- Usos básicos dos signos ortográficos e de puntuación máis frecuentes.</li> </ul>
<p>Critérios de avaliación</p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Coñece e aplica á comprensión da información esencial do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos ás condicións de vida.</li> <li>2. Produce textos orais moi breves e de estruturas sinxelas e habituais, utilizando recursos de cohesión textual básicos.</li> <li>3. Comprende o léxico escrito básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas.</li> <li>4. Produce textos escritos breves e de estruturas moi sinxelas e habituais copiando modelos de textos de características similares.</li> <li>5. Toma notas moi breves coa información necesaria que considera</li> </ol>

	importante trasladarles ás persoas destinatarias.
<b>REVISION</b>	
<b>Temporalización: 13 Maio – 24 Maio [3 sesións de 120 minutos]</b>	
<b>Probas finais de promoción</b>	
<b>Temporalización: 27 Maio – 31 Maio</b>	

#### 4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

Os criterios de avaliación permitirán comprobar se o alumnado acadou os obxectivos propostos e medir o seu grao de competencia comunicativa na utilización do idioma nas actividades de lingua. Un mínimo esixible é o grao de competencia ao que o alumnado debe chegar para demostrar o dominio dun nivel.

##### 4.1. Actividades de Comprensión de textos orais

###### 4.1.1. Criterios de avaliación

**Coñece** e aplica á comprensión do sentido xeral e da información esencial do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.

**Recoñece** o léxico oral básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.

**Discrimina** os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, e comprende os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.

###### 4.1.2. Mínimos esixibles

- Coñece os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos do idioma oral.
- Distingue as funcións comunicativas máis relevantes do texto.
- Comprende o suficiente como para poder enfrontarse a necesidades concretas sempre que o discurso estea articulado con claridade e con lentitude.
- Identifica os patróns sintácticos básicos.
- Recoñece o léxico básico relativo a temas moi frecuentes e é quen de deducir



palabras descoñecidas nese contexto.

- Comprende frases e o vocabulario máis habitual sobre temas de interese persoal (información persoal e familiar moi básica, compras, lugar de residencia, emprego).
- Comprende os significados e intencións comunicativas xerais dos patróns sonoros, acentuais e de entoación do idioma.

## **4.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais**

### **4.2.1. Criterios de avaliación**

**Produce textos orais moi breves e de estruturas sinxelas e habituais, utilizando estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente, recursos de cohesión textual básicos e procedementos sinxelos para reformular a mensaxe e reparar a comunicación.**

**Manexa** un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.

**Interactúa** de maneira sinxela en intercambios breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas habituais para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

**Coñece** e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

**Pronuncia** e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora.

### **4.2.2. Mínimos esixibles**

- Fai unha descrición ou presentación sinxela de persoas, condicións de vida ou traballo diarias, cousas que lle gustan ou non, empregando frases e oracións sinxelas.
- Enlaza frases de xeito sinxelo co fin de describir experiencias, feitos...
- Exprésase con suficiente coherencia e usa axeitadamente os conectores “e”, “pero” e “porque”.
- Usa estruturas morfosintácticas sinxelas con suficiente corrección aínda que presenta erros básicos sistemáticos.
- Usa léxico suficiente referido a situacións cotiás con suficiente corrección, aínda que presenta erros sistemáticos.
- Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara e intelixible con pausas moi evidentes pero que permiten a continuidade do discurso e cunha entoación axeitada.

## **4.3. Actividades de comprensión de textos escritos**

#### 4.3.1. Criterios de avaliación

**Comprende** o sentido xeral e a información esencial do texto.

**Comprende** o léxico escrito básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.

**Recoñece** os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación de uso máis común.

#### 4.3.2. Mínimos esixibles

- Comprende o sentido xeral de textos breves e sinxelos sobre asuntos cotiáns que conteñen vocabulario moi frecuente.
- Atopa información específica e predicible en escritos sinxelos e cotiáns como anuncios publicitarios, prospectos, menús e horarios, cartas...
- Coñece os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos do idioma escrito.
- Distingue as funcións comunicativas máis relevantes do texto escrito.
- Recoñece o léxico básico relativo a temas moi frecuentes e é quen de deducir palabras descoñecidas nese contexto.
- Identifica os patróns sintácticos básicos.
- Recoñece as convencións de formato, ortográficas e de puntuación básicas.

### 4.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

#### 4.4.1. Criterios de avaliación

**Produce** textos escritos breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente e emprega os recursos de cohesión textual básicos (repetición léxica e conectores moi comúns).

**Coñece** e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

**Utiliza** as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais de uso máis común.

#### 4.4.2. Mínimos esixibles

- Fai unha descrición ou presentación sinxela de persoas, condicións de vida ou traballo diarias, cousas que lle gustan ou non, empregando frases e oracións sinxelas.
- Enlaza frases de xeito sinxelo co fin de describir experiencias, feitos...
- Fai unha descrición ou presentación sinxela de persoas, condicións de vida ou traballo diarias, cousas que lle gustan ou non, empregando frases e oracións

sinxelas.

- Exprésase con suficiente coherencia e usa axeitadamente os conectores “e”, “pero” e “porque”.
- Usa estruturas morfosintácticas sinxelas con suficiente corrección aínda que presenta erros básicos sistemáticos.
- Emprega léxico suficiente referido a situacións cotiás con suficiente corrección, aínda que presenta erros sistemáticos.
- Escribe textos cunha ortografía suficientemente correcta en palabras de uso frecuente.
- Usa un rexistro e formato suficientemente adecuados coa extensión requirida.

#### **4.5. Actividades de mediación**

##### **4.5.1. Criterios de avaliación**

**É capaz** de actuar tendo en conta os aspectos básicos xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.

**Identifica**, aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe transmitir, así como as intencións básicas dos/as emisores/as e receptores/as cando este aspecto é relevante.

**Repite** ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlle máis comprensible a mensaxe ás persoas destinatarias, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.

**Toma notas** moi breves coa información necesaria que considera importante trasladarles ás persoas destinatarias, podendo facer preguntas sinxelas para obter esta información.

##### **4.5.2. Mínimos esixibles**

- Coñece os aspectos socioculturais básicos do idioma.
- Identifica a información clave que debe transmitir e as intencións básicas das persoas emisoras e receptoras.
- Transmite a información necesaria do texto fonte de maneira sinxela e clara para facerlle comprensible a mensaxe aos receptores ou receptoras.
- Toma notas moi breves con palabras clave.

## **5. METODOLOXÍA**

No ensino de linguas, a metodoloxía é o conxunto de procedementos que se empregan para acadar o dominio dos contidos e o logro dos obxectivos. Neste sentido, teranse en conta elementos clave como:

- O ensino do idioma desde unha perspectiva de uso.
- O fomento do emprego da lingua obxecto de estudo como vehículo de comunicación.

- A orientación do ensino cara ao desenvolvemento das actividades de lingua.
- O fomento da autonomía do alumnado e do desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe.

O obxectivo principal no proceso de ensino-aprendizaxe é a comunicación, utilizando a lingua estudada como vehicular e favorecendo o contacto constante do alumnado coa lingua. Así mesmo, integráranse dentro das tarefas comunicativas, as actividades de lingua de comprensión, produción, coprodución e mediación, tanto orais como escritas.

Coa finalidade de formar falantes competentes e autónomos/as, a metodoloxía, métodos, medios e materiais didácticos serán revisados e actualizados de tal xeito que a aula poida ser un lugar facilitador e motivador no proceso de aprendizaxe. Ao mesmo tempo, o alumnado deberá implicarse activamente na súa propia aprendizaxe e considerar o erro como un elemento necesario.

## 6. RECURSOS

### Humanos

Están a cargo do primeiro curso do nivel A2 5 profesores :

- na EOI de Pontevedra, A Xunqueira: Consuelo Arribi e David Costas (coordinador)
- na sección IES Valle Inclán (Pontevedra): Elena Vázquez
- na sección IES Antón Losada Diéguez (A Estrada): Natalia Rega
- na sección IES Ramón María Aller (Lalín): Juan Bosco

### Bibliográficos

Libro de texto:

Christina Latham-Koenig, Clive Oxenden, Jerry Lambert and Paul Seligson. English File A1/A2 Fourth Edition (Student's book including workbook), Oxford University Press, 2020 (with online practice for speakers of Spanish). ISBN: 978-0-19-405800-1

Materiais complementarios recomendados:

- Gramática:

- BEAUMONT , DINGY & GRANGER. The Heinemann English Grammar, Heinemann
- MURPHY, R. Essential Grammar in Use. Elementary (New Edition with answers). C.U.P
- BOLTON & GOODEY. English Grammar in Steps (with answers), Richmond Publishers.
- VINCE, M. Elementary Language Practice (with key), Macmillan Heinemann ELT

- Vocabulario:

- WATCYN-JONES, Peter. Test your Vocabulary 1, Penguin.
- McCARTHY, Michael & O'DELL, Felicity. English Vocabulary in Use, CUP.
- PYE,Glennis. Vocabulary in Practice 1, CUP

- Dicionarios:

Oxford Advanced Learner's Dictionary. OUP.  
Cambridge Learner's Dictionary, CUP

- Destrezas lingüísticas:

[http://www.edu.xunta.gal/centros/eoipontevedra/ingles\\_recursos\\_didacticos](http://www.edu.xunta.gal/centros/eoipontevedra/ingles_recursos_didacticos)

## **Recursos TIC**

- Aula virtual: Moodle, accesible dende a páxina web da escola. Aportaranse materiais de reforzo e extensión, e materiais didácticos en xeral; empregaranse como método de entrega de tarefas e actividades e utilizarase como canle de comunicación habitual co alumnado.

- Cisco Webex Meetings: no caso de que non fose posible a presencialidade, faríanse as sesións por videoconferencia.

## **Recursos didácticos aportados polo profesor**

Ao longo do curso proporcionarase material de apoio axeitado ao desenvolvemento das actividades de ensino-aprendizaxe co obxectivo de repasar e afondar no coñecemento de contidos concretos. Achegaranse en formato papel ou dixital a través de presentacións, xogos en rede e da aula virtual.

## **Materiais elaborados polos alumnos**

Os materiais elaborados polos alumnos ao longo do seu proceso de aprendizaxe poderán ser presentados en formato tradicional (en papel) ou en formato dixital ben mediante correo electrónico e a través da aula virtual ou doutras plataformas colaborativas.

## **Materiais audiovisuais**

- videos
- fragmentos de películas
- podcasts
- programas de radio
- encerado dixital
- cancións
- fotografías
- xogos

## **7. AVALIACIÓN**

A avaliación das ensinanzas de idiomas de réxime especial ten como obxectivo valorar o grao de dominio que posúe o alumnado como usuario dun idioma determinado e, se é o caso, adoptar as medidas e as estratexias oportunas para mellorar o proceso de ensino aprendizaxe co fin de acadar os obxectivos académicos propostos. A avaliación terá por obxecto cualificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe.

## **Tipos e instrumentos de avaliación**

**Avaliación inicial** ou de diagnóstico. Realizarase ao inicio de curso e terá carácter informativo para o alumnado e orientador para o profesorado, que establecerá as medidas pedagóxicas adecuadas. Instrumentos: Tests e observación directa.

**Autoavaliación.** Levarase a cabo ao longo de todo o curso. Permite ao alumnado desenvolver a capacidade de aprender a aprender, céntrase nos procesos e aumenta a capacidade de autoregular e ser responsable da propia aprendizaxe. Instrumentos: controis de progreso, mapas conceptuais e rúbricas.

### **Avaliación formativa**

Por medio da avaliación formativa obsérvase e valórase o desenvolvemento das tarefas e actividades do proceso de aprendizaxe. Informarase ao alumnado sobre o seu progreso e favorecerá activamente a adopción das estratexias de modificación ou adaptación máis axeitadas para acadar os obxectivos. Instrumentos: tests e rúbricas.

### **Avaliación de promoción (ou sumativa).**

A avaliación de promoción (ou sumativa) determina se o alumnado foi quen de alcanzar os obxectivos propostos neste curso certificador. As probas de certificación teñen **carácter unificado**.

Para poder obter o Certificado de Nivel A2 será necesaria a superación de probas terminais específicas de certificación. Tódolos alumnos oficiais teñen dereito a ser examinados nunha convocatoria ordinaria e outra extraordinaria. Estas probas serán **comúns** para todas as modalidades e réximes de ensinanza e realizaranse en **convocatoria ordinaria** (1ª quincena de xuño) e en **convocatoria extraordinaria** (2ª quincena de xuño) nas datas e horario que estableza a Dirección Xeral.

As probas correspondentes á comprensión de lectura e comprensión oral basearanse en textos auténticos ou adaptados extraídos das diferentes fontes de comunicación oral ou escrita.

A proba de expresión oral avaliará tanto o logro da comunicación proposta como a corrección e adecuación fonética e lingüística, e comprenderá produción (monólogo sostido) e coprodución e mediación oral (interacción) con outros aspirantes.

A cualificación das probas de expresión e interacción escrita e da expresión e interacción oral será realizada por tribunais que estarán formados polo menos por dous membros do Departamento. A proba oral poderá ser grabada.

A puntuación total da proba de certificación será de **100 puntos**. Cada unha das partes da que se compón terá valor de 25 puntos. A cualificación será positiva cando se acade, polo menos, **15 puntos** en cada unha das destrezas. O alumnado examinarase de todas as partes da proba e ningunha delas será considerada eliminatoria para a realización do resto delas.

De non presentarse a algunha das partes recibirá a cualificación global de Non Apto. A cualificación final da proba ordinaria será de Apto (sen puntuación numérica) ou Non Apto. A cualificación da proba extraordinaria será de Apto (sen puntuación numérica), Non Apto ou Non Presentado, segundo corresponda.

De non obter a cualificación de Apto en todas as destrezas na convocatoria extraordinaria, o alumnado deberá repetir curso e ser avaliado de novo de todas as destrezas. Non obstante, de ter

alcanzado o dominio requerido nalgunha delas, poderá solicitar unha certificación académica que o acredite.





## PROGRAMACIÓN DO NIVEL B1



## NIVEL INTERMEDIO B1

18 Setembro- 29 Setembro

### Unidade : 1- 0+1A: FOOD

#### Obxectivos

1. Dar e solicitar información persoal.
2. Falar dos modos de comunicación
3. Saudar e despedir
4. Escribir unha receita .

#### Actividades

- Comprensión lectora** : artigos e e-mails sobre cuestións persoais e sobre comida.
- Comprensión oral**: conversas, monólogos
- Expresión e interacción escrita**: escribir unha receita
- Expresión e interacción oral**: presentarse e manter conversas.
- Mediación**: Interpretar durante intercambios entre amigos e mediar entre falantes.

#### Competencias e contidos

- Léxicos**: Adxectivos comúns; Adverbios. Comida e cociñar.
- Sintácticos**: Presente simple e presente continuo; formación de preguntas.
- Fonéticos e ortotipográficos**: vogais longas e curtas.
- Socioculturais/sociolingüísticos**: saudar e despedir, costumbres culinarias e de preparación de alimentos.
- Discursivos**: Conversas informais

#### Criterios de avaliación

1. Da e solicita información persoal .
2. Fala dos modos de comunicación
3. Saúda e despide
4. Escribe unha receita sinxela

02 Outubro – 20 Outubro

### Unidade : 2- 1A+3B+5B: FAMILY & REALATIONSHIPS

#### Obxectivos

1. Falar dos membros da familiares
2. Falar de amizadas
3. Describir personalidade
4. Falar sobre eventos que cambian a nosa vida

#### Actividades

- Comprensión lectora** : artigos, entradas en blogs e citas literarias sobre a familia, amizades e cambios nas nosas vidas
- Comprensión oral**: monologos e conversas
- Expresión e interacción escrita**: escribir un e-mail para describir persoas
- Expresión e interacción oral**: describir familiares, amizades,
- Mediación**: Falar sobre información en artigos e blogs e mediar entre falantes.

#### Competencias e contidos

- Léxicos**: Familia, adxectivos de personalidade, adxectivos+ preposicións; relaciona.
- Sintácticos**: Futuro: presente continuo, “be going to” e “will/won’t”; artigos
- Fonéticos e ortotipográficos**: “sentence and word stress”, a pronunciación de “the”, a pronunciación de /ə/, pronunciar [s] e “used to”
- Socioculturais/sociolingüísticos**: vínculos familiares e de amizade.
- **Discursivos**: Conversas informais

#### Criterios de avaliación

1. Describe a familiares
2. Describe as amizades
3. Describe os posibles futuros cambios nas nosas vidas
4. Escribe un e-mail describindo unha persoa que coñece.

23 Outubro- 17 Novembro

### Unidade : 3- 5A: SPORTS & HEALTH

<b>Obxectivos</b>	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Falar sobre deportes e actividades</li><li>2. Falar do corpo</li><li>3. Falar de doenzas</li><li>4. Falar co médico</li><li>5. Falar de medicamentos</li><li>6. Escribir un evento pasado</li></ol>
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>·<b>Comprensión lectora</b> : artigos, entradas en blogues e citas literarias sobre deportes e actividades, saúde e doenzas e o corpo.</li><li>·<b>Comprensión oral</b>: programas de radio, monólogos e conversas sobre deportes e saúde.</li><li>·<b>Expresión e interacción escrita</b>: Escribir un evento no pasado</li><li>·<b>Expresión e interacción oral</b>: manter unha conversa co medico.</li><li>·<b>Mediación</b>: facilita a interacción entre persoas no ámbito persoal e publico, acomodase o rexistro e as funcións requiridas.</li></ul>
<b>Competencias e contidos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>·<b>Léxicos</b>: Deportes e actividades, o Corpo humano e a saúde</li><li>·<b>Sintácticos</b>: Tempos pasados: pasado simple, pasado continuo e presente perfecto. Hábitos e estados no pasado.</li><li>·<b>Fonéticos e ortotipográficos</b>: /ɔ:/ e 3:</li><li>·<b>Socioculturais/sociolingüísticos</b>:</li></ul>
<b>Criterios de avaliación</b>	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Fala sobre deportes e actividades</li><li>2. Fala sobre o corpo humano</li><li>3. Fala de doenzas</li><li>4. Mantén unha conversa co médico</li><li>5. Fala de medicamentos</li><li>6. Escribe un evento no pasado</li></ol>

21 Novembro- 15 Decembro

### Unidade : 4- 3A: TRANSPORT & TOURISM

<b>Obxectivos</b>	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Dar e pedir información sobre vacacións pasadas</li><li>2. Describir "difficult journey"</li><li>3. Pedir información en lugares públicos</li><li>4. Escribir un "travel blog"</li></ol>
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>·<b>Comprensión lectora</b> : diario, blog</li><li>·<b>Comprensión oral</b>: "audio diario"; Monologo; conversación na estación de tren, conversación de una viaxe <b>CONVERSACIÓN SOBRE O TEMPO</b></li><li>·<b>Expresión e interacción escrita</b>: blog de viaxe, historias sobre <i>difficult journeys</i>, uso de "linking words"</li><li>·<b>Expresión e interacción oral</b>: relatar una viaxe agradable, relatar <i>a difficult journey</i></li><li>·<b>Mediación</b>: resumir ideas principais dunha conversación entre dous ou máis interlocutores.</li></ul>
<b>Competencias e contidos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>·<b>Léxicos</b>: Vocabulario de turismo, "travel collocations", "THE WEATHER"</li><li>·<b>Sintácticos</b>: Pasado simple e pasado continuo; "joining words".</li><li>·<b>Fonéticos e ortotipográficos</b>: pronunciación –ed; "sentence stress: vowel sounds"; "QUESTION ENTONATION"</li><li>·<b>Socioculturais/sociolingüísticos</b>: solicitar información en lugares públicos.</li></ul>

<b>Criterios de avaliación</b>	· <b>Funcionais:</b> pedir información, pedir direccións.
	1. Da e pide información sobre vacacións pasadas
	2. Describe “difficult journey”
	3. Pide información en lugares públicos
	4. Escribe un “travel blog”

18 Decembro- 09 Xaneiro

**Unidade : 5- 4A+9B: BAD MANNERS + DIGITAL DETOX**

<b>Obxectivos</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Falar de modais</li> <li>2. Falar de dispositivos electrónicos</li> <li>3. Manter unha conversa telefónicas</li> <li>4. Facer chamadas telefónicas</li> <li>5. Entender unha conversa telefónica</li> <li>6. Ser capaces de resolver un problema ao teléfono.</li> <li>7. Escribir un artigo</li> </ol>
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>·<b>Comprensión lectora</b> : artigos, entradas en blogues e citas literarias sobre teléfonos, conversas telefónicas, dispositivos electrónicos e modais.</li> <li>·<b>Comprensión oral:</b> conversas, monólogos</li> <li>·<b>Expresión e interacción escrita:</b> Escribir un artigo</li> <li>·<b>Expresión e interacción oral:</b> unha conversa telefónica</li> <li>·<b>Mediación:</b> facilita a interacción entre persoas no ámbito persoal e publico, acomodase o rexistro e as funcións requiridas.</li> </ul>
<b>Competencias e contidos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>·<b>Léxicos:</b> Vocabulario de teléfonos; dispositivos electrónicos e modais.</li> <li>·<b>Sintácticos:</b> Modais de obriga e prohibición: “have to”, “must” e “should”; e “quantifiers”</li> <li>·<b>Fonéticos e ortotipográficos:</b> “silent consonants” os sons de [ough] e [augh]</li> <li>·<b>Socioculturais/sociolingüísticos:</b> Manter unha conversa telefónica, falar de modais</li> </ul>
<b>Criterios de avaliación</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Fala de modais</li> <li>2. Fala de dispositivos electrónicos</li> <li>3. Mantén unha conversa telefónica</li> <li>4. Fai chamadas telefónicas</li> <li>5. Entende unha conversa telefónica</li> <li>6. É capaz de resolver un problema ao teléfono.</li> <li>7. Escribe un artigo</li> </ol>

18 Xaneiro- 02 Febreiro

**Unidade : 6- 4B: YES, I CAN!**

<b>Obxectivos</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Falar de eventos ou experiencias pasadas de superación personalidade.</li> <li>2. Distinguir o importante da mensaxe</li> </ol>
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>·<b>Comprensión lectora</b> : artigos, entradas en blogues e citas literarias sobre experiencias pasadas.</li> <li>·<b>Comprensión oral:</b> conversas e monólogos</li> <li>·<b>Expresión e interacción escrita:</b> Saber tomar apuntes.</li> <li>·<b>Expresión e interacción oral:</b> Contar eventos de superación persoal</li> <li>·<b>Mediación:</b> facilita a interacción entre persoas no ámbito persoal e publico, acomodase o rexistro e as funcións requiridas.</li> </ul>
<b>Competencias e contidos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>·<b>Léxicos:</b> Adxectivos que rematan en “-ed” e “-ing”, Mascotas</li> <li>·<b>Sintácticos:</b> Modais de habilidade e posibilidade “can”, “Could” e “be able to”</li> </ul>

- **Fonéticos e ortotipográficos:** “sentence stress”
- **Socioculturais/sociolingüísticos:** falar de experiencias

**Criterios de  
avaliación**

1. Fala de eventos de superación personalidade
2. Distingue o importante da mensaxe

05 Febreiro- 23 Febreiro

**Unidade : 7- 2A+2B+8B: SPENDING MONEY**

**Obxectivos**

1. Dar información sobre exemplos de xenerosidade
2. Dar e pedir información sobre aforrar e gastar diñeiro.
3. Participar en xestións habituais nunha tenda
4. Escribir un comentario nun foro

**Actividades**

- **Compresión lectora:** “web forum” sobre xenerosidade, “Quiz” sobre como a xente gasta o diñeiro; e-mail sobre recadar diñeiro.
- **Compresión oral:** unha biografía radiofónica; 3 monólogos sobre gastar diñeiro; unha conversación nunha tenda para comprar un agasallo; 4 monólogos sobre como recadar diñeiro.
- **Expresión e interacción escrita:** un comentario nun “forum”; parágrafos.
- **Expresión e interacción oral:** experiencias persoais de xenerosidade; aforrar e gastar diñeiro; conversación nunha tenda, cambiar opinións.
- **Mediación:** facilita a interacción entre persoas no ámbito persoal e publico, acomodase o rexistro e as funcións requiridas.

**Competencias e  
contidos**

- **Léxicos:** “make, do ,give”, “collocations e diñeiro e compras e roupa.
- **Sintácticos :**Presente perfecto e pasado simple; presente perfecto con “just, already, yet”; “quantifiers “too/ (not) enough”
- **Fonéticos e ortotipográficos:** os sonidos /dʒ/ e /j/, “sentence stress.
- **Socioculturais/sociolingüísticos:** como falar en tendas, e como pagar.
- **Funcionais :** ofrecer consellos para aforrar diñeiro.

**Criterios de  
avaliación**

1. Da información sobre exemplos de xenerosidade
2. Da e pide información sobre de gastar e aforrar cartos
3. Participa en xestións habituais nunha tenda
4. Escribe un comentario nun foro

26 Febreiro- 08 Marzo

**Unidade : 8- 6A+6B: CULTURE**

**Obxectivos**

1. Falar do mundo da cultura
2. Falar de cine/ series
3. Falar de libros/cómics/revistas
4. Escribir unha reseña

**Actividades**

- **Compresión lectora :** artigos, entradas en blogues e citas literarias sobre arte, cultura, cine, series, libros, etc...
- **Compresión oral:** conversas, monólogos
- **Expresión e interacción escrita:** Escribir unha reseña
- **Expresión e interacción oral:** poder manter unha conversa sobre cultura, arte, cine, series, libros,
- **Mediación:** facilita a interacción entre persoas no ámbito persoal e publico, acomodase o rexistro e as funcións requiridas.

**Competencias e  
contidos**

- **Léxicos:** Cine, Pintura, Libros, arte
- **Sintácticos:** Pasivas, Modais de dedución “might”, “can’t” e “must”
- **Fonéticos e ortotipográficos:** participios regulares e irregulares; ditongos
- **Socioculturais/sociolingüísticos:** escribir unha reseña,

**Criterios de**

1. Fala de cultura

**avaliación**

2. Fala de cine/series
3. Fala de libros/revistas
4. Escribe unha reseña

11 Marzo- 22 Marzo

**Unidade : 9- 7A: EDUCATION & LEARNING A LANGUAGE**

**Obxectivos**

1. Falar sobre posibilidade e plans no futuro.
2. Falar sobre a educación.
3. Comprender un texto sobre carreiras universitarias.
4. Comprender unha conversa sobre hábitos de estudos.
5. Describir accións e sentimentos.
6. Comprender unha conversa sobre estados de ánimo
7. Usar a entoación para expresar contraste correctamente
8. Escribir un texto dando consellos.

**Actividades**

- **Compresión lectora** : contestar preguntas nun artigo sobre distintas carreiras universitarias/ emparellar artigos sobre distintas emocións/ completar unha táboa a partir de perfís persoais de presentación.
- Compresión oral**: emparellar conversas entre varios estudantes falando das súas experiencias/ test sobre unha entrevista relacionada con distintos estados de ánimo/ test sobre experiencias coa aprendizaxe a distancia.
- Expresión escrita**: breve texto sobre posibilidades e plans para o futuro/ redacción dun escrito dando consellos.
- Expresión oral**: falar de cales son as carreiras mais habituais no seu entorno/ en grupo falar de catro plans inmediatos para o seu futuro/ comentar distintas situación nas que o alumnado se poida sentir nervioso, frustrado, asustado etc/ actividade oral guiada para práctica dos “verb patterns” /
- Mediación**: **facilita a** interacción entre persoas no ámbito persoal e publico, acomodase o rexistro e as funcións requiridas.

**Competencias e contidos**

- **Léxicos** : vocabulario relacionado con carreiras universitarias, “education collocations” , verb patterns, multi-word verbs with “put”
- Sintácticos** : first conditional, verb pattens
- Fonéticos e ortotipográficos**: word groups, main stress: contrastive
- Socioculturais/sociolingüísticos** : falar sobre educación
- Funcionais** : Conversa sobre estudos
- Estratéxicos**: evitar repeticións
- Discursivos**: como dar consello por escrito

**Criterios de avaliación**

1. Fala sobre posibilidade e plans no futuro.
2. Fala sobre a educación.
3. Comprende un texto sobre carreiras universitarias.
4. Comprende unha conversa sobre hábitos de estudos.
5. Describe accións e sentimentos.
6. Comprende unha conversa sobre estados de ánimo
7. Usa a entoación para expresar contraste correctamente
8. Escribe un texto dando consellos.

02 Abril- 16 Abril

**Unidade : 10- 7B: HOUSING**

**Obxectivos**

1. Falar sobre casas.
2. Dar e pedir consello.
3. Escribir un e-mail dando consellos.

<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>·<b>Comprensión lectora:</b> artigos sobre problemas diarios. Reseñas na Web sobre como aprender inglés.</li> <li>·<b>Comprensión oral:</b> entrevistas, monólogos.</li> <li>·<b>Expresión e interacción escrita:</b> un e-mail persoal e corrixir erros .</li> <li>·<b>Expresión e interacción oral:</b> manter conversacións sobre problemas frecuentes. Pedir e dar consello mostrando empatía.</li> <li>·<b>Mediación:</b> Falar sobre historias que narran eventos dramáticos</li> </ul>
<b>Competencias e contidos</b>	<p><b>Léxicos:</b> “Housing”; “learning languages”; verbos con preposición. Adxectivos en -ed e -ing.</p> <p>·<b>Sintácticos:</b> Uso de to+infinitivo. Should/shouldn’t. Imperativos; “verb patterns”.</p> <p>·<b>Fonéticos e ortotipográficos:</b> Pronuncia de /u/ /u:/, de terminacións en -ed e de sílabas acentuadas.</p> <p>·<b>Socioculturais/sociolingüísticos:</b> Pedir e dar consello. Mostrar empatía.</p> <p>·<b>Discursivos:</b> Dar consello Ofrecer consello fronte a problemas comunes.</p>
<b>Criterios de avaliación</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Da e solicita consello.</li> <li>2. Fala de problemas diarios.</li> <li>3. Orden ideas e da exemplos.</li> <li>4. Escribe un e-mail dando consello</li> </ol>

17 Abril- 03 Maio

**Unidade : 11- 8A: WORK**

<b>Obxectivos</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Falar sobre o que a xente fai no traballo.</li> <li>2. Falar do seu futuro profesional.</li> <li>3. Ofrecer axuda.</li> <li>4. Facer suxestións.</li> <li>5. Solicitar traballo por correo electrónico en resposta a un anuncio.</li> </ol>
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>·<b>Comprensión lectora :</b> artigo sobre os traballos mais gratificantes no Reino Unido; articulo sobre como planear o futuro profesional; anuncios de traballo; correos electrónicos solicitando traballo.</li> <li>·<b>Comprensión oral:</b> monólogos sobre traballo; entrevista a xente que busca traballo; diálogo sobre planes no traballo; entrevistas sobre experiencias laborais.</li> <li>·<b>Expresión e interacción escrita:</b> un correo electrónico solicitando un traballo; estrutura dos correos electrónicos; normas no traballo; escribir sobre predicións do traballo no futuro.</li> <li>·<b>Expresión e interacción oral:</b> diálogos sobre o que lle gusta a xente dos seus traballos e dos requisitos e aspectos que se valoran no traballo; monólogos sobre o a experiencia e expectativas laborais.</li> <li>·<b>Mediación:</b> resumir os puntos principais expresados nunha conversación, entre dúas ou mais persoas interlocutoras; falar sobre os anuncios de traballo que se leron; falar das experiencias laborais que coñecemos dos compañeiros.</li> </ul>
<b>Competencias e contidos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>·<b>Léxicos:</b> profesións, traballo.</li> <li>·<b>Sintácticos:</b> “mus”, “Have to”, “can”, “Will”, “Fight”.</li> <li>·<b>Fonéticos e ortotipográficos:</b> acento nas oracións e nas palabras; pronunciación e escritura do son /S/ (por exemplo: ‘shoe’, ‘chef’).</li> <li>·<b>Socioculturais/sociolingüísticos:</b> aspectos laborais mais importantes para a xente no Reino Unido.</li> <li>·<b>Funcionais:</b> expresar obriga e predición; ofrecer axuda; suxerir.</li> </ul>



**Criterios de  
avaliación**

1. Fala sobre o que a xente fai no traballo.
2. Fala do seu futuro profesional.
3. Ofrece axuda.
4. Fai suxestións.
5. Solicita traballo por correo electrónico en resposta a un anuncio

06 Maio – 16 Maio

**Unidade : 12- 10A: IDOLS & ICONS**

**Obxectivos**

1. Falar de lugares famosos
2. Falar de xente famosa
3. Falar de xente de a pé que cambian o mundo todos os días
4. Escribir sobre alguén famoso ou algún lugar famoso

**Actividades**

- Comprensión lectora** : artigos, entradas en blogues e citas literarias sobre xente famosa e anónima que marcaron a nosa historia
- Comprensión oral**: conversas, monólogos
- Expresión e interacción escrita**: Escribir sobre alguén ou algún lugar famoso.
- Expresión e interacción oral**: falar de unha persoa famosa que marcou un cambio na nosa historia
- Mediación**: facilita a interacción entre persoas no ámbito persoal e publico, acomodase o rexistro e as funcións requiridas.

**Competencias e  
contidos**

- Léxicos**: “Compound nouns”
- Sintácticos**: “relative clauses: defining and non-defining”
- Fonéticos e ortotipográficos**: “word stress”, pronunciación de s, z e iz
- Socioculturais/sociolingüísticos**: como diferentes persoas e entidades que marcan cambios na nosa sociedade

**Criterios de  
avaliación**

1. Fala de lugares famosos
2. Fala de xente famosa
3. escribe sobre alguén ou algún lugar famoso

**METODOLOXÍA**

**RECURSOS**

- ♦ **English File B1, fourth edition**, Student's Book and Workbook, Christina Latham- Koenig, Clive Oxenden and Jerry Lambert, Oxford University Press. 2019 (ISBN: 978-0-19-403565-1)



## PROGRAMACIÓN DO NIVEL B2.1



## I. NIVEL INTERMEDIO B2.1

Para obxectivos específicos do nivel, competencias e contidos véxase : **Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia**

<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/25735>

**Obxectivos específicos do nivel B2, Competencias e contidos, Criterios de avaliación. Secuenciación dos contados.**

### TEMPORALIZACIÓN

Tanto a temporalización como a secuenciación dos contidos poden estar suxeitas a modificacións ou adaptacións segundo a decisión da coordinación do curso e sempre que as condicións particulares dos grupos o requiran, de tal xeito que se poida garantir o cumprimento dos obxectivos fixados para o curso e nivel.

#### 1) Metodoloxía, Recursos e Avaliación

**11 - 22 SETEMBRO**

Os primeiros días son para a presentación, avaliación inicial e repaso de contidos do curso anterior.

**25 SETEMBRO- 13 OUTUBRO**

#### **Unidades 1A +1B (People and Personality)**

Obxectivos

1. Describir unha persoa.
2. Falar sobre a personalidade.
3. Facer comparación entre persoas e cousas.
4. Utilizar expresións relacionadas cos nomes de persoas e marcas e dar argumentos que o xustifiquen.

<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Compresión lectora: Actividade de <i>Matching</i> a partir dun texto sobre como os nomes propios poden influir nas persoas. Lectura colaborativa en parellas na que intercambian información sobre nomes de marcas; realización dun <i>test</i> de cores para introducir adxectivos de personalidade; comprensión dun texto sobre a orixe dos nomes dalgunhas cores.</li> <li>• Compresión oral: <i>Matching</i> de enunciados coa súas correspondente marca.; <i>True / False</i> sobre <i>colour analysis</i>.</li> <li>• Expresión escrita: escribir unha descrición dunha persoa.</li> <li>• Expresión oral: conversa en parellas sobre información persoal relacionada cos nomes; preguntas con estruturas comparativas; descrición oral de persoas famosas.</li> </ul>
<p>Competencias e contidos</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Léxicos: Nomes, cognomes, alcumes, apelidos, títulos etc.</li> <li>• Morfolóxicos: Sufixos comúns de adxectivos.</li> <li>• Sintácticos: Pronomes persoais en posición de suxeito e de obxecto.</li> <li>• Fonéticos e ortotipográficos: Os sons das vogais; a sílaba tónica. Pronomes átonos.</li> <li>• Socioculturais/sociolingüísticos: Uso e costumes do nome/apelido en países de fala inglesa; as cores e o seu significado na angloesfera; importantes marcas internacionais no mundo de fala inglesa.</li> <li>• Funcionais: describirse a un mesmo e a outra persoa; falar sobre diferentes obxectos para describilos e darlles nome; explicar os sentimentos provocados polas cores.</li> </ul>

Criterios de Avaliación	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Pode falar sobre a orixe dos nomes de persoas e marcas, e xustificar as súas opinións.</li> <li>2. Pode describir e falar da súa personalidade e da de outras persoas.</li> <li>3. Pode realizar comparación entre persoas, cousas e cantidades.</li> <li>4. Pode formar adxectivos a partir dun substantivo utilizando un sufixo adecuado.</li> </ol>
-------------------------	--

16 OUTUBRO – 3 NOVEMBRO	
Unidade 2A (Holidays, Travelling and Transport)	
Obxectivos	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Falar sobre experiencias de viaxes e describilas.</li> <li>2. Analizar as vantaxes a desvantaxes de distintos tipos de aloxamento.</li> <li>3. Describir o que levan nunha maleta cando van de viaxe.</li> </ol>
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprensión lectora: <i>matching</i> duns enunciados cos comportamentos que ten a xente cando está de vacacións.</li> <li>• Comprensión oral: <i>listening</i> con preguntas abertas sobre obxectos que a xente normalmente esquece meter na maleta cando vai de viaxe.</li> <li>• Expresión escrita: escribir un texto narrativo nun blog sobre unha viaxe memorable ou unha viaxe terrible.</li> <li>• Expresión oral: falar das cousas que sempre se meten na maleta cando se vai de viaxe e comparalas co compañeiro; debater sobre a maneira máis barata de viaxar e proporcionar novas ideas sobre como viaxar barato; compartir experiencias de viaxe cos compañeiros e pedir información extra sobre esas experiencias.</li> </ul>

Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Léxicos: vocabulario relacionado coas viaxes e vacacións.</li> <li>● Sintácticos: verbos estáticos/dinámicos, presente simple e continuo; verbos con dous significados.</li> <li>● Fonéticos e ortotipográficos: pronunciación de /z/, /s/ e /iz/.</li> <li>● Socioculturais/sociolingüísticos: comportamento de persoas de distintas nacionalidades cando están de vacacións.</li> <li>● Funcionais: falar de feitos que ocorren no presente.</li> <li>● Estratéxicos: reaccionar ante o desacordo dun compañeiro.</li> <li>● Discursivos: como formular unha queixa formal.</li> </ul>
Criterios de avaliación	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Pode falar sobre experiencias de viaxes e describilas.</li> <li>2. Pode analizar as vantaxes e devantaxes de distintos tipos de aloxamento.</li> <li>3. Pode describir o que leva nunha maleta cando vai de viaxe.</li> </ol>

6 - 17 NOVEMBRO	
Unidades 2B +6B (Shops and Services)	
Obxectivos	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Falar de compras online e do comercio local.</li> <li>2. Falar de reparacións e manualidades.</li> <li>3. Expresar habilidades.</li> <li>4. Expresar queixas sobre o servizo dun hotel.</li> </ol>
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Comprensión lectora: <i>multiple choice</i> dun artigo de xornal sobre o comercio local.</li> <li>● Comprensión oral: <i>multiple-choice</i> diferentes persoas falando do que lles gusta ou non lles gusta mercar en liña; <i>gap fill</i> con preguntas sobre distintos</li> </ul>



	<p>tipos de mercado; <i>matching e fill-in the blanks</i> de persoas falando do automontaxe.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Expresión escrita: escribir unha carta formal de queixa sobre un produto ou servizo.</li> <li>● Expresión oral: falar dos hábitos de compra persoais; entrevistar a un compañeiro sobre a situación do comercio local na súa zona; escoller tres temas relacionados con produtos que se mercasen e facer unha breve exposición sobre eles; debater sobre unha experiencia persoal montando un produto por si mesmo.</li> </ul>
<p>Competencias e contidos</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Léxicos: vocabulario relacionado coas tendas e servizos.</li> <li>● Sintácticos: os posesivos, xenitivo saxón, modais de habilidade (can, could, be able to).</li> <li>● Fonéticos e ortotipográficos: pronunciación de /u/ e /æ/.</li> <li>● Socioculturais/sociolingüísticos: dirixirse correctamente a un servizo ou a un cliente nun país de fala inglesa.</li> <li>● Funcionais: mostrar acordo ou desacordo; queixarse sobre un servizo ou produto que non cumpriu as expectativas.</li> <li>● Estratéxicos: reaccionar ante o desacordo dun compañeiro.</li> <li>● Discursivos: como formular unha queixa formal.</li> </ul>
<p>Criterios de avaliación</p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Pode contrastar vantaxes e desvantaxes das compras online e nunha tenda física.</li> <li>2. Pode falar sobre a automontaxe e as manualidades e reparacións.</li> <li>3. Pode usar os modais para expresar habilidade.</li> <li>4. Pode queixarse formalmente sobre un</li> </ol>

	servizo ou produto (complaint letter/ e-mail).
--	--

20 - 24 NOVEMBRO

**Unidades 3A (Life Stages)**

Obxectivos	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Describir experiencias pasadas utilizando as estruturas gramaticais axeitadas.</li> <li>2. Falar sobre as diferentes etapas da vida e os seus cambios.</li> <li>3. Falar de cousas que non pasaron e imaxinar qué houberse pasado.</li> </ol>
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Comprensión lectora: lectura cooperativa de tres artigos xornalísticos sobre tres ideas controvertidas relacionadas coa idade.</li> <li>● Comprensión oral: listening sobre distintos comportamentos durante a infancia.</li> <li>● Expresión escrita: narrative dun acontecemento memorable na infancia.</li> <li>● Expresión oral: falar sobre a súa infancia e tamén sobre os momentos máis importantes ou relevantes na súa vida proporcionando argumentos ou explicacións; contarlle a un compañeiro sobre unha incidencia da infancia.</li> </ul>
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Léxicos: vocabulario relacionado coas etapas da vida e a idade; vocabulario relativo ao traballo e a educación.</li> <li>● Sintácticos: pasado simple, pasado continuo e <i>used to</i>.</li> <li>● Fonéticos e ortotipográficos: pronunciación dos pasados regulares (/t/, /d/ e /d/).</li> </ul>

Criterios de avaliación	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Pode describir experiencias pasadas utilizando as estruturas gramaticais axeitadas.</li> <li>2. Pode falar sobre as diferentes etapas da vida e os seus cambios.</li> <li>3. Pode falar sobre temas controvertidos relacionados co envellecemento .</li> </ol>
-------------------------	--

**27 NOVEMBRO – 12 DECEMBRO**

**Unidades 4A (The Enviroment and Recycling)**

Obxectivos	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Aprender a falar sobre o medio ambiente e a reciclaxe.</li> <li>2. Reflexionar sobre problemas medioambientais.</li> <li>3. Dar argumentos a favor e en contra dun tema medioambiental.</li> </ol>
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Compresión lectora: artigo xornalístico sobre reciclaxe; True-false exercise sobre a loita contra os plásticos.</li> <li>● Compresión auditiva: Exercicio fill in the gaps a partir dunha entrevista sobre <i>food waste</i>;</li> <li>● Expresión escrita: <i>For &amp; against</i> tratando os temas medioambientais.</li> <li>● Expresión oral: ideas para a reciclaxe; como afrontar os problemas medioambientais.</li> </ul>
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Léxicos : vocabulario relacionado con medio ambiente e reciclaxe e os problemas que este tema conleva.</li> <li>● Sintácticos: repaso de “going to” / “will” e presente continuo con valor de futuro.</li> <li>● Fonéticos e ortotipográficos: pronuncia do /3: / e dos ditongos /ai/, /ei/.</li> <li>● Estratéxicos: reaccionar ás ideas alleas.</li> </ul>

Criterios de avaliación	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Pode falar sobre reciclaxe e dar ideas.</li> <li>2. Pode falar sobre os problemas medioambientais máis urxentes.</li> <li>3. Aprender a falar sobre o medio ambiente.</li> <li>4. Reflexionar sobre problemas medioambientais.</li> </ol>
-------------------------	---

**13 DECEMBRO – 9 XANEIRO**

**Unidades 4B (Work and Study)**

Obxectivos	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Falar sobre os estudos e a súas diferentes etapas.</li> <li>2. Falar sobre as diferentes profesións e condición de traballo no mundo laboral.</li> <li>3. Dar a súa opinión sobre as diferentes condicións de traballo nas empresas públicas e privadas.</li> <li>4. Relatar a súa experiencia ou a doutras persoas nunha entrevista de traballo.</li> </ol>
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Comprensión lectora: Artigo xornalístico explicando como se contractan becarios e xente para facer as prácticas nunha empresa; Matching de diferentes traballos a tempo parcial;</li> <li>● Comprensión auditiva: Choose the correct phrase texto relacionado cas condición de traballo nunha empresa; <i>Complete notes</i>: tomar notas de relatos de persoas que estiveron de becarios ou facendo prácticas en empresas.</li> <li>● Expresión escrita: Redactar unha carta formal para entregar un CV.</li> <li>● Expresión oral: falar sobre os estudos e como un elixe unha profesión. Falar sobre as condición de traballo nas empresas.</li> </ul>

Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Léxicos: léxico relacionado cos estudos e o mundo laboral.</li> <li>● Sintácticos: condicional primeiro e segundo tipo.</li> <li>● Fonéticos e ortotipográficos: pronuncia das sílabas átonas.</li> <li>● Socioculturais/sociolingüístico: a educación universitaria no Reino Unido.</li> <li>● Estratéxicos: reaccionar ás ideas alleas.</li> </ul>
Criterios de avaliación	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Pode falar sobre as diferentes etapas escolares.</li> <li>2. Pode falar da elección dunha profesión.</li> <li>3. Pode reflexionar sobre problemas no mundo laboral relacionados coas condicións laborais.</li> <li>4. Pode redactar unha carta de presentación para entregar un <i>Curriculum Vitae</i>.</li> </ol>

**AVALIACIÓN DO ALUMNADO LIBRE 2023**

**11 - 20 XANEIRO**

**21 XANEIRO - 2 FEBREIRO**

**Unidade 5A (TV and Papers)**

Obxectivos	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Dar a opinión sobra a televisión e os seus programas e series.</li> <li>2. Falar doutros medios: periódicos, cine, lectura.</li> <li>3. Falar dun feito que comezou no pasado e continua no presente.</li> <li>4. Escribir un artigo sobre un programa da TV que lle recorde.</li> </ol>
------------	--

Actividades	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Comprensión lectora : artigo sobre as series de televisión.</li> <li>● Comprensión oral: Persoas respondendo un cuestionario sobre os seus hábitos televisivos.</li> <li>● Expresión oral: Falar sobre programas e series favoritas; Exercicio sobre “Agree / disagree + reasons”.</li> </ul>
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Léxicos: vocabulario relacionado cos medios de comunicación.</li> <li>● Sintácticos: o presente perfecto.</li> <li>● Fonéticos e ortotipográficos: pronuncia do /w/, /b/ e /v/.</li> <li>● Socioculturais: a forma de ver a televisión na actualidade.</li> </ul>
Criterios de avaliación	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Pode falar sobre programas da televisión e tipos de prensa.</li> <li>2. Pode expresar a súa opinión sobre cine, lectura e outras actividades de ocio.</li> <li>3. Pode falar sobre feitos que comezaron no pasado e continúan no presente.</li> <li>4. Escribir un artigo dun programa inolvidable.</li> </ol>

5-16 FEBEIRO	
Unidade 5B (Country life vs. City life)	
Obxectivos	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Contrastar a vida no campo e na cidade.</li> <li>2. Entender e aplicar os tempos verbais do presente perfecto e do presente perfecto continuo.</li> <li>3. Solicitar información sobre unha vivanda.</li> </ol>
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Comprensión lectora: texto dun pobo repoblado en Italia.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Comprensión oral: exercicio de <i>matching</i> e de <i>tomar notas</i> sobre a vida no campo e na cidade.</li> <li>● Expresión oral: Opinar sobre a transformación de diferentes vilas.</li> <li>● Expresión escrita: email solicitando información sobre unha propiedade para alugar; ou <i>for / against</i> vivir no campo ou na cidade.</li> </ul>
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Léxicos : vocabulario relacionado co campo e ca cidade e os distintos tipos de vivanda.</li> <li>● Sintácticos: distinguir e contrastar o presente perfecto simple e continuo.</li> <li>● Fonéticos e ortotipográficos: vogais e entonación nunha oración.</li> </ul>
Criterios de avaliación	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Pode falar sobre as diferentes áreas para vivir.</li> <li>2. Pode falar sobre as vantaxes e desvantaxes de vivir no campo e na cidade.</li> <li>3. Escribe un email solicitando información dunha vivanda.</li> <li>4. Pode expor as vantaxes e desvantaxes de vivir no campo e na cidade.</li> </ol>

19 FEBREIRO – 1 DE MARZO

**Unidade 6 (Foods, Restaurants and Oral Complaints about a Service)**

Obxectivos	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Falar sobre restaurantes.</li> <li>2. Pedir nun establecemento.</li> <li>3. Ofrecer e suxerir servizos.</li> <li>4. Responder ás suxestións.</li> <li>5. Facer unha reseña dun restaurante.</li> </ol>
------------	--

<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Comprensión lectora: Artigo sobre como queixarse nos restaurantes sen perder a calma; Artigo sobre o costume de dar propina en distintos países.</li> <li>● Comprensión oral: escoita dunha entrevista sobre o sistema de propinas nos EUA.</li> <li>● Expresión oral: falar de distintos servizos e propinas; dar suxestións a pequenos problemas diarios e reaccionar a eles; falar sobre restaurantes e bo/mal servizo.</li> <li>● Expresión escrita: unha reseña sobre un restaurante favorito.</li> </ul>
<p>Competencias e contidos</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Léxicos: Vocabulario sobre restaurantes, cubertos e servizo; ambiente e decoración.</li> <li>● Fonéticos: grupos consonánticos; grupos de palabras unidas con “and”.</li> <li>● Funcionais: expresións para pedir e ofrecer recomendacións.</li> <li>● Estratéxicos: expresións para solicitude unha aclaración /repetición.</li> <li>● Discursivos: expresións para debater eficazmente..</li> </ul>
<p>Criterios de avaliación</p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Pode describir un restaurante con precisión.</li> <li>2. Pode falar sobre un bo ou mal servizo nos restaurantes.</li> <li>3. Pode expresar unha queixa con eficacia.</li> <li>4. Pode reflexionar sobre os diferentes servizos que ofrece un restaurante.</li> <li>5. Sabe facer unha reseña dun restaurante que visita habitualmente.</li> </ol>

4 - 22 MARZO

**Unidades 7B ( Free Time, Films, Music and Reading)**



<p>Obxectivos</p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Falar sobre actividades de lecer ( films, music, reading, sport etc.)</li> <li>2. Expresarse correctamente usando os verbos axeitados e os patterns adecuados.</li> <li>3. Facer unha reseña dun filme ou libro.</li> </ol>
<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Comprensión lectora: lectura dun texto sobre <i>social networks</i> que comprende un <i>matching exercise</i> e vocabulario.</li> <li>● Comprensión oral: <i>listening</i> sobre distintas persoas que asistiron a acontecementos en directo + <i>listenings</i> de reforzo que o profesor propoña.</li> <li>● Expresión escrita: escribir un <i>film / book review</i>.</li> <li>● Expresión oral: falar sobre unha ocasión no que o alumno foi a un concerto, partido, obra de teatro, etc. dando detalles sobre ela. Tamén comparar actividades de tempo libre que poden facerse na casa ou fóra.</li> </ul>
<p>Competencias e contidos</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Léxicos: vocabulario relacionado co ocio.</li> <li>● Sintácticos: patterns.</li> <li>● Fonéticos e ortotipográfico: homógrafos en inglés e a pronuncia de vocabulario relacionado con actividades de ocio de diverso tipo.</li> <li>● Socioculturais/sociolingüísticos: actividades de ocio máis usuais.</li> </ul>
<p>Criterios de avaliación</p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Pode describir as actividades que lle gustan ou non utilizando as estruturas gramaticais axeitadas.</li> <li>2. Pode falar sobre actividades que se poden levar a cabo en interior e en exterior.</li> <li>3. Pode falar sobre os seus gustos presentes e pasados.</li> <li>4. Pode facer unha reseña dun filme ou libro de lectura.</li> </ol>

**Unidade 8 A + B (Healthy Lifestyle and Looking after yourself)**

<p>Obxectivos</p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Poder opinar acerca do benestar e a aparencia física.</li> <li>2. Coñecer un léxico amplo relacionado cos temas previamente mencionados.</li> <li>3. Expresar cando unha persoa allea realiza unha acción requirida por un mesmo ou por outros.</li> <li>4. Pode realizar descrições usando a voz pasiva.</li> <li>5. Pode escribir un artigo de opinión sobre un tema relacionado co coidado persoal.</li> </ol>
<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Comprensión lectora: extracto adaptado da páxina web <i>nymag.com</i>, acerca das saunas.</li> <li>● Comprensión oral: exercicio de marcar como verdadeiras ou falsas unha serie de frases en referencia a unha entrevista.</li> <li>● Expresión oral: opinar sobre temas referentes á saúde, ó benestar e á aparencia física, usando expresións traballadas en unidades anteriores, máis a pasiva causativa traballada nesta unidade.</li> <li>● Describir un edificio histórico previamente visitado polo alumno usando a voz pasiva.</li> </ul>

Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Léxicos: Vocabulario referente aos cuidados físicos e mentais, así coma aos centros especializados nestes cuidados.</li> <li>● Sintácticos: a voz pasiva e a pasiva causativa.</li> <li>● Fonéticos: O uso correcto da acentuación nas oracións; palabras que deben pronunciarse de forma máis acentuada para acadar un ritmo adecuado.</li> <li>● Funcionais: dar opinións acerca de temas relacionados coa saúde, ou benestar, e a aparencia física.</li> <li>● Expresar a frecuencia coa que se realiza unha acción, así como a súa duración no tempo. Expresar cando unha persoa allea realiza unha acción requerida por un mesmo ou por outros.</li> <li>● Comparar opinións propias con opinións alleas.</li> </ul>
Criterios de avaliación	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Pode opinar acerca de temas relacionados coa saúde, o benestar, e a aparencia física.</li> <li>2. Pode expresar cando unha persoa realiza el ou ela mesma a acción ou se a realiza unha persoa allea (<i>Do my hair</i> ou <i>have my hair done</i>).</li> <li>3. Pode realizar descricións usando a voz pasiva.</li> <li>4. Pode describir un artigo de opinión sobre un tema relacionado co cuidado persoal.</li> </ol>

22 ABRIL- 3 MAIO

**Unidade 9A (Educational System)**

Obxectivos	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Falar sobre os exames e o sistema educativo en distintos países.</li> <li>2. Expresarse correctamente en tódolos</li> </ol>
------------	---

	<p>tempos verbais estudados.</p> <p>3. Poder usar o <i>Reported Speech</i>.</p> <p>4. Poder relatar estratexias que un utiliza para recordar acontecementos.</p>
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Comprensión lectora: texto sobre como mellorar a memoria.</li> <li>● Comprensión auditiva: <i>Complete the notes</i> sobre un texto dunha persoa que ten unha memoria fotográfica.</li> <li>● Expresión oral: Falar sobre a memoria e os recordos que un ten.</li> </ul>
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Léxicos: revisión de vocabulario relacionado cos diferentes tipos de palabras; formar diferentes tipos de palabras engadindo sufixos.</li> <li>● Sintácticos: <i>Reported Speech</i>.</li> <li>● Fonéticos e ortotipográficos: revisión dos sons /z/, /d/, /ɑ:/, /s:/, /ɒ/, /i:/, /ʊ/, /l/, /e/.</li> </ul>
Criterios de avaliación	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Coñecer as diferenzas entre os sistemas educativos de diferentes países.</li> <li>2. Pode falar sobre os recordos e a capacidade memorística que un ten.</li> <li>3. Pode comunicarse con fluidez e expresar sentimentos empregando todos os tempos verbais.</li> <li>4. Pode falar de estratexias memorísticas para recordar datos.</li> </ol>

6 - 10 MAIO

**Unidade 9B (Weddings)**

Obxectivos	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Describir experiencias pasadas utilizando as estruturas gramaticais axeitadas.</li> <li>2. Falar sobre as diferentes etapas da vida e os seus cambios.</li> <li>3. Falar sobre diferentes tipos de</li> </ol>
------------	---

	vodas e relacións de parella.
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprensión lectora: lectura sobre como dúas parellas se coñeceron.</li> <li>• Comprensión oral: <i>listening</i> sobre como dúas parellas se declararon; <i>fill-in</i> sobre o custo dunha voda.</li> <li>• Expresión escrita: relatar unha voda.</li> <li>• Expresión oral: falar de vodas no teu entorno.</li> <li>• Expresar acordó ou desacordo sobre temas controvertidos relacionados coas relacións sentimentais.</li> </ul>
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Léxicos: vocabulario relacionado coas vodas e as relacións persoais.</li> <li>• Sintácticos: <i>Present Perfect Simple and Present Perfect Continuous</i>.</li> <li>• Fonéticos e ortotipográficos: pronunciación dos pasados regulares (/t/, /d/ e /id/).</li> </ul>
Criterios de avaliación	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Pode describir experiencias pasadas utilizando as estruturas gramaticais axeitadas.</li> <li>2. Pode falar sobre as diferentes etapas da vida e os seus cambios.</li> <li>3. Pode falar sobre unha voda no seu entorno.</li> <li>4. Pode falar sobre temas controvertidos relacionados coas relacións amorosas.</li> </ol>

13- 15 MAIO

**Unidade 10B (Exams)**

Obxectivos	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Expresarse correctamente en tódolos tempos verbais estudados.</li> <li>2. Comprender as diferentes tipos de</li> </ol>
------------	--

	<p>probas que se fan noutros sistemas educativos.</p> <p>3. Relatar a súa experiencia ante os exames.</p>
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Comprensión lectora: texto sobre o <i>Gaokao</i> en China con exercicios de verdadeiro ou falso.</li> <li>● Comprensión auditiva: <i>listening</i> sobre os exames en Inglaterra con exercicios de comprensión xeral e opción múltiple; <i>video-listening</i> de consellos para exames orais con exercicio de encher ocos.</li> <li>● Expresión oral: falar sobre os exames (prepararse para un exame, resultados inesperados, facer trampas nun exame...)</li> </ul>
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Léxicos: revisión de vocabulario relacionado cosexames.</li> <li>● Sintácticos: revisión de tódolos tempos verbais estudados.</li> <li>● Fonéticos e ortotipográficos: revisión dos sons /z/, /d/, /ɑ:/, /s:/, /b/, /i:/, /u/, /f/, /e/.</li> <li>● Socioculturais/sociolingüísticos: os sistemas educativos: diferenzas e similitudes.</li> </ul>
Criterios de avaliación	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Pode falar sobre exames pasados ou exames que están por facer e como os afronta. Así como, que estratexias usa para realizar os exames con éxito.</li> <li>2. Pode comparar como son os exames no seu país cos exames noutros países.</li> <li>3. Pode comunicarse con fluidez e expresar sentimentos empregando todos os tempos verbais.</li> </ol>

22-31 MAIO

PROBA FINAL DE PROMOCIÓN

## **RECURSOS**

### ***Bibliografía***

Libros de texto

*English File B2.1 Fourth Edition*. Student's book, OUP

Materiais complementarios recomendados

ENGLISH VOCABULARY IN USE

(INTERMEDIATE), Stuart Redman , CUP

ENGLISH GRAMMAR IN USE (INTERMEDIATE),

Raymond Murphy, CUP DEVELOPING

GRAMMAR IN CONTEXT, Mark Nettle, CUP

OXFORD PRACTICE GRAMMAR, John Eastwood, OUP

DESTINATION B1(Grammar and Vocabulary) Malcolm Mann, MacMillan.

### ***Recursos didácticos achegados polo profesor***

Ao longo do curso o profesor achegará así mesmo materiais axeitados ao desenvolvemento das actividades de ensino - aprendizaxe co obxectivo de repasar contidos, profundar neles, presentar novos contidos etc.

Os materiais extra poden consistir en:

1. formularios
2. xogos
3. audicións de diversos tipos
4. videos
5. lecturas
6. exercicios diversos de repaso

### ***Materiais elaborados polos alumnos***

- redaccións (sketches, diálogos, obras de teatro, blogs, artigos de opinión, reseñas, ...)
- mapas mentais
- formularios para entrevistas (*role-play*)
- cartas formais e informais





## PROGRAMACIÓN DO NIVEL B2.2



## PROGRAMACIÓN DO NIVEL INTERMEDIO B2.2

### NIVEL INTERMEDIO B2.2

Para obxectivos específicos do nivel, competencias e contidos véxase : Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia

<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/25735>

### TEMPORALIZACIÓN

Tanto a secuenciación como a temporalización dos contidos enunciados a continuación poden estar suxeitas a modificacións ou adaptación segundo a decisión da coordinación do curso e sempre que as condicións particulares dos grupos o requiran, de tal xeito que se poida garantir o cumprimento dos obxectivos fixados para o curso e nivel.

Nesta secuenciación non incluímos contidos que quedarán sen impartir no nivel B2.1 o curso pasado, xa que se impartiron na súa totalidade.

11 - 15 setembro
<b>Presentación do curso e avaliación inicial</b>

18 setembro – 13 outubro	
Unit 1: Getting to know each other	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"><li>• Presentarse e entrevistar, facer preguntas complexas.</li><li>• Falar sobre a nosa vida e as nosas experiencias persoais, educativas e profesionais.</li><li>• Comprender, expresarse e interactuar oralmente, con fluidez e precisión, aprendendo a linguaxe e o vocabulario funcional en situacións comúns de comunicación: entrevistas de traballo.</li><li>• Describir a personalidade.</li><li>• Comprender textos escritos e orais relacionados co mundo laboral (por exemplo, entrevistas).</li><li>• Familiarizarse cos sons da lingua inglesa. Comprender textos orais e identificar información xeral e máis específica, desenrolando diferentes estratexias comunicativas.</li><li>• Escribir un email formal solicitando un traballo.</li></ul>
Actividades	<ul style="list-style-type: none"><li>• <u>Comprensión escrita</u>: entrevistas, anuncios de traballo, emails solicitando un traballo, textos sobre personalidade.</li><li>• <u>Comprensión oral</u>: entrevistas, entrevistas de traballo.</li></ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Expresión escrita</u>: correo dando información de ti mesmo, correo formal solicitando un traballo.</li> <li>• <u>Expresión oral</u>: entrevistas, entrevistas de traballo, conversas sobre educación, personalidade e condicións laborais.</li> <li>• <u>Mediación</u>: reformulación de contidos, cambio de rexistro.</li> </ul>
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Léxicos</u>: traballo, educación e aprendizaxe, personalidade.</li> <li>• <u>Morfo-sintácticos</u>: formación de preguntas, preguntas indirectas, modifiers, dobre comparativa, adxectivos compostos.</li> <li>• <u>Funcionais</u>: entrevistas, mostrar interese e reaccionar, describirse a un mesmo e a outra xente, falar de gustos, expresar contraste.</li> <li>• <u>Estratéxicos</u>: Facer uso do dicionario e os recursos ao alcance.</li> <li>• <u>Discursivos</u>: Facer entrevistas, escribir un correo electrónico solicitando un traballo.</li> </ul>
Criterios da avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sabe presentarse e entrevistar, facer preguntas complexas.</li> <li>• Fala sobre a súa vida e as súas experiencias persoais, educativas e profesionais.</li> <li>• Comprende, exprésase e interactúa oralmente, con fluidez e precisión, empregando a linguaxe e o vocabulario funcional en situacións comúns de comunicación.</li> <li>• Describe a personalidade.</li> <li>• Comprende textos escritos e orais relacionados co mundo laboral (por exemplo, entrevistas).</li> <li>• Comprende textos orais e identifica información xeral e máis específica, desenrolando diferentes estratexias comunicativas.</li> <li>• Escribe un email formal solicitando un traballo.</li> </ul>

16 outubro – 10 novembro

**Unit 2: Stories**

Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Falar sobre as súas experiencias en viaxes e hábitos lectores</li> <li>• Comprender textos orais e escritos sobre problemas nas viaxes e literatura</li> </ul>
------------	---

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificar e aprender vocabulario relacionado co turismo e os medios de transporte e a literatura</li> <li>• Realizar intercambios comunicativos, empregando diferentes estratexias de comunicación.</li> <li>• Comprender, expresarse e interactuar oralmente, con fluidez e precisión, aprendendo a linguaxe e o vocabulario funcional en situacións comúns de comunicación: viaxes.</li> <li>• Ler de forma autónoma textos breves sobre situacións paranormais e ser capaces de comprender e identificar información xeral e específica, utilizando diferentes estratexias de lectura.</li> <li>• Familiarizarse e usar a pronunciación correcta de -ed no tempo pasado dos verbos regulares e a entoación adecuada nas oracións.</li> <li>• Comprender textos orais e identificar información xeral e máis específica, desenrolando diferentes estratexias comunicativas.</li> <li>• Escribir un relato/experiencia breve, con léxico adecuado ao tema e ao contexto, cos elementos necesarios de cohesión e utilizando as estratexias básicas no proceso de composición escrita (planificación, textualización e revisión).</li> <li>• Aprender e practicar diferentes patróns de pronunciación, ritmo e entoación.</li> <li>• Valorar a lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas diversas. Producir textos orais e escritos diversos, con léxico adecuado ao tema e ao contexto, cos elementos necesarios de cohesión, e utilizando as estratexias básicas no proceso de composición escrita.</li> </ul>
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Comprensión escrita</u>: historias, narracións, reseñas, biografías.</li> <li>• <u>Comprensión oral</u>: anécdotas, historias, air travel announcements.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Expresión escrita</u>: historias, experiencias en viaxes, reseña dun libro.</li> <li>• <u>Expresión oral</u>: anécdotas, historias, hábitos, recomendación dun libro.</li> <li>• <u>Mediación</u>: Selección da información e resumir.</li> </ul>
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Léxicos</u>: Viaxes e medios de transporte, libros a literatura.</li> <li>• <u>Morfo-sintácticos</u>: tempos narrativos, past perfect continuous, so/such... that, artigos, adverbios, verbos auxiliares, conectores.</li> <li>• <u>Funcionais</u>: contar historias e anécdotas, falar e escribir sobre hábitos do pasado, facer unha reseña e describir o argumento dun libro, facer recomendacións.</li> <li>• <u>Estratéxicos</u>: facer uso de elementos de coherencia e cohesión.</li> <li>• <u>Discursivos</u>: narrar anécdotas e historias de forma oral e escrita.</li> </ul>
Criterios da avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fala sobre as súas experiencias en viaxes e hábitos de lectura.</li> <li>• Comprende textos orais e escritos sobre problemas nas viaxes e literatura.</li> <li>• Identifica e emprega vocabulario relacionado co turismo e os medios de transporte e a literatura.</li> <li>• Realiza intercambios comunicativos, empregando diferentes estratexias de comunicación.</li> <li>• Comprende, exprésase e interactúa oralmente, con fluidez e precisión, empregando a linguaxe e o vocabulario funcional en situacións comúns de comunicación: viaxes.</li> <li>• Lee de forma autónoma textos breves sobre situacións paranormais e é capaz de comprender e identificar información xeral e específica, empregando diferentes estratexias de lectura,</li> <li>• Comprende textos orais e identifica información xeral e máis específica, desenrolando diferentes estratexias comunicativas.</li> <li>• Escribe un relato/experiencia breve, con léxico adecuado ao tema e ao contexto, cos elementos necesarios de cohesión e utilizando as estratexias básicas no proceso de</li> </ul>

	<p>composición escrita (planificación, textualización e revisión).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Identifica e emprega diferentes patróns de pronunciación, ritmo e entoación.</li> <li>• Produce textos orais e escritos diversos, con léxico adecuado ao tema e ao contexto, cos elementos necesarios de cohesión, e utilizando as estratexias básicas no proceso de composición escrita.</li> </ul>
--	--

13 novembro – 15 decembro	
Unit 3: Health & the body	
<p>Obxectivos</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Falar sobre o estado de saúde, feridas, enfermidades e tratamentos médicos, medicina alternativa e hábitos saudables. Identificar e aprender vocabulario relacionado coa idade e a saúde, os hábitos saudables e os deportes.</li> <li>• Comprender, expresarse e interactuar oralmente, con fluidez e precisión, empregando a linguaxe e o vocabulario funcional en situacións comúns de comunicación relacionados coa saúde e os hábitos saudables.</li> <li>• Familiarizarse e usar a pronunciación dos sons consonánticos.</li> <li>• Aprender e practicar diferentes patróns de pronunciación, ritmo e entoación.</li> <li>• Ler de forma autónoma textos breves sobre situacións paranormais e ser capaces de comprender e identificar información xeral e específica, empregando diferentes estratexias de lectura.</li> <li>• Comprender textos orais e identificar información xeral e máis específica, desenrolando diferentes estratexias comunicativas.</li> <li>• Escribir un correo electrónico informal, cun léxico adecuado ao tema e ao contexto, cos elementos necesarios de cohesión e utilizando as estratexias básicas no proceso de composición escrita (planificación, textualización e revisión).</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Escribir textos argumentativos, cun léxico adecuado ao tema e ao contexto, cos elementos necesarios de cohesión e empregando as estratexias básicas no proceso de composición escrita (planificación, textualización e revisión).</li> </ul>
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Comprensión escrita</u>: artigos sobre saúde, cuestionarios.</li> <li>• <u>Comprensión oral</u>: programas de radio, conversacións médico-paciente.</li> <li>• <u>Expresión escrita</u>: emails informais, textos argumentativos (for and against)</li> <li>• <u>Expresión oral</u>: conversas sobre saúde e hábitos, role-play médico-paciente.</li> <li>• <u>Mediación</u>: cambio de rexistro, reformulación da información, sintetizar.</li> </ul>
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Léxicos</u>: saúde, enfermidades, tratamentos, medicina alternativa, o corpo, hábitos saudables, deportes, expresións idiomáticas.</li> <li>• <u>Morfo-sintácticos</u>: presente perfecto simple e continuo, verbs of the senses, used to, be used to, get used to, condicionais de primer tipo, future time clauses.</li> <li>• <u>Funcionais</u>: describir a dor, falar de hábitos, dar consellos, facer recomendacións.</li> <li>• <u>Discursivos</u>: Escribir un email informal, escribir un texto argumentativo.</li> </ul>
Criterios da avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fala sobre o estado de saúde, feridas, enfermidades e tratamentos médicos, medicina alternativa e hábitos saudables.</li> <li>• Identifica e emprega vocabulario relacionado coa idade e a saúde, os hábitos saudables e os deportes.</li> <li>• Comprende, exprésase e interactúa oralmente, con fluidez e precisión, empregando a linguaxe e o vocabulario funcional en situacións comúns de comunicación relacionados coa saúde e os hábitos saudables.</li> <li>• Identifica e emprega diferentes patróns de pronunciación, ritmo e entoación.</li> </ul>



	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lee de forma autónoma textos breves sobre situacións paranormais e é capaz de comprender e identificar información xeral e específica, empregando diferentes estratexias de lectura.</li> <li>• Comprende textos orais e identifica información xeral e máis específica, desenrolando diferentes estratexias comunicativas.</li> <li>• Escribe un correo electrónico informal, cun léxico adecuado ao tema e ao contexto, cos elementos necesarios de cohesión e utilizando as estratexias básicas no proceso de composición escrita (planificación, textualización e revisión).</li> <li>• Escribe textos argumentativos, cun léxico adecuado ao tema e ao contexto, cos elementos necesarios de cohesión e utilizando as estratexias básicas no proceso de composición escrita (planificación, textualización e revisión).</li> </ul>
--	--

18 decembro – 9 xaneiro
<b>Revisión</b>

22 xaneiro – 01 marzo	
<b>Unit 4: Feelings &amp; relationships</b>	
<p>Obxectivos</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Falar de sentimentos e emocións, de experiencias da vida, de desexos e arrepenimentos, de relacións, persoais.</li> <li>• Dar a súa opinión sobre os cambios xeracionais e o mundo da moda.</li> <li>• Falar de situacións hipotéticas.</li> <li>• Realizar intercambios comunicativos, empregando diferentes estratexias de comunicación.</li> <li>• Comprender, expresarse e interactuar oralmente, con fluidez e precisión, empregando a linguaxe e o vocabulario funcional en situacións comúns de comunicación relacionados coas relacións persoais, os sentimentos, as diferentes etapas da vida e a moda.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sinalar a sílaba tónica correcta en palabras polisílabas.</li> <li>• Producir diversos textos escritos, cun léxico adecuado ao tema e ao contexto, cos elementos necesarios de cohesión e utilizando as estratexias básicas no proceso de composición escrita (planificación, textualización e revisión).</li> </ul>
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Comprensión escrita</u>: mensaxes de Twitter, artigos periodísticos.</li> <li>• <u>Comprensión oral</u>: documentais, entrevistas.</li> <li>• <u>Expresión escrita</u>: artigos de opinión.</li> <li>• <u>Expresión oral</u>: conversas informais, debates.</li> <li>• <u>Mediación</u>: Consulta de fontes diversas para xuntar información, identificación das fontes, e transmisión oral e escrita da información a outras persoas adaptando os textos para facilitar a comprensión.</li> </ul>
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Léxicos</u>: sentimentos, arrepenimento, relacións persoais, estadios da vida, música e moda.</li> <li>• <u>Morfo-sintácticos</u>: condicionais irrealis, -ed / -ing adjectives, wish (present/future), would rather, modais perfectos.</li> <li>• <u>Funcionais</u>: expresar sentimentos e sensacións, arrepenimento, acordo e desacordo, preferencia e xestionar discusións.</li> <li>• <u>Discursivos</u>: artigos de opinión e debates.</li> </ul>
Criterios da avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fala de sentimentos e emocións, de experiencias da vida, de desexos e arrepenimentos, de relacións, persoais.</li> <li>• Da a súa opinión sobre os cambios xeracionais e o mundo da moda.</li> <li>• Fala de situacións hipotéticas.</li> <li>• Realiza intercambios comunicativos, empregando diferentes estratexias de comunicación.</li> <li>• Comprende, exprésase e interactúa oralmente, con fluidez e precisión, empregando a linguaxe e o vocabulario funcional en situacións comúns de comunicación relacionados coas relacións</li> </ul>

	<p>persoais, os sentimentos, as diferentes etapas da vida e a moda.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Produce diversos textos escritos, cun léxico adecuado ao tema e ao contexto, cos elementos necesarios de cohesión e utilizando as estratexias básicas no proceso de composición escrita (planificación, textualización e revisión).</li> </ul>
--	---

4 marzo – 9 abril	
<b>Unit 5: The environment &amp; technology</b>	
<p>Obxectivos</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Falar do tempo e do clima, de ecoloxía, o coidado do medio ambiente e reciclaxe e desastres medioambientais.</li> <li>• Falar de cidades e de cuestións locais na cidade ou pobo no que vivimos, e de cuestións relacionadas coa vivenda.</li> <li>• Facer predicións de futuro e expresar probabilidade.</li> <li>• Identificar e aprender vocabulario relacionado co medio ambiente, a ecoloxía, cidades, vivendas, a ciencia, o progreso tecnolóxico e invencións.</li> <li>• Realizar intercambios comunicativos, empregando diferentes estratexias de comunicación.</li> <li>• Prestar atención á entoación inglesa e ás sílabas tónicas.</li> <li>• Comprender, expresarse e interactuar oralmente, con fluidez e precisión, empregando a linguaxe e o vocabulario funcional en situacións comúns de comunicación relacionados co medio ambiente, a ecoloxía, cidades, vivendas, a ciencia, o progreso tecnolóxico e invencións.</li> <li>• Producir diversos textos escritos, cun léxico adecuado ao tema e ao contexto, cos elementos necesarios de cohesión e utilizando as estratexias básicas no proceso de composición escrita (planificación, textualización e revisión).</li> </ul>
<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Comprensión escrita</u>: artigos de revistas e periódicos.</li> <li>• <u>Comprensión oral</u>: charlas, vídeos de YouTube, entrevistas formais.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Expresión escrita</u>: artigos periodísticos, artigos expresando a súa opinión.</li> <li>• <u>Expresión oral</u>: conversas sobre o clima e o medio ambiente, cidades e vivenda, ciencia, invencións e descubrimentos.</li> <li>• <u>Mediación</u>: adaptación de textos fonte a contextos comunicativos específicos, reformulación da información, cambio de rexistro e síntese.</li> </ul>
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Léxicos</u>: O clima, o medio ambiente, cidades e vivenda, ciencia, invencións e descubrimentos.</li> <li>• <u>Morfo-sintácticos</u>: futuro perfecto e continuo, strong adjectives, o sustantivo incontable e plural, word building, quantifiers, may/might.</li> <li>• <u>Funcionais</u>: facer predicións de futuro e deducións.</li> <li>• <u>Discursivos</u>: un artigo periodístico sobre asuntos locais, un artigo de opinión.</li> </ul>
Criterios da avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fala do tempo e do clima, de ecoloxía, o coidado do medio ambiente e reciclaxe e desastres medioambientais.</li> <li>• Fala de cidades e de cuestións locais na cidade ou pobo no que vivimos, e de cuestións relacionadas coa vivenda.</li> <li>• Fai predicións de futuro e expresa probabilidade.</li> <li>• Identifica e emprega vocabulario relacionado co medio ambiente, a ecoloxía, cidades, vivendas, a ciencia, o progreso tecnolóxico e invencións.</li> <li>• Realiza intercambios comunicativos, empregando diferentes estratexias de comunicación.</li> <li>• Comprende, exprésase e interactúa oralmente, con fluidez e precisión, empregando a linguaxe e o vocabulario funcional en situacións comúns de comunicación relacionados co medio ambiente, a ecoloxía, cidades, vivendas, a ciencia, o progreso tecnolóxico e invencións.</li> <li>• Produce diversos textos escritos, cun léxico adecuado ao tema e ao contexto, cos elementos necesarios</li> </ul>

	de cohesión e utilizando as estratexias básicas no proceso de composición escrita (planificación, textualización e revisión).
--	---

10 abril – 16 maio	
Unit 6: Crime & the media	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Falar sobre delitos e delincuentes.</li> <li>• Falar sobre negocios e publicidade.</li> <li>• Falar sobre os medios de comunicación e fake news.</li> <li>• Falar sobre programas de TV, películas e redes sociais.</li> <li>• Comprender textos orais e escritos sobre como previr roubos.</li> <li>• Identificar a aprender vocabulario relacionado coa delincuencia, o castigo, negocios, publicidade, os medios de comunicación, fake news, programas de TV, películas e redes sociais.</li> <li>• Aprender e identificar diferentes patróns de pronunciación, ritmo e entoación.</li> <li>• Falar sobre o que debe ser legal ou non.</li> <li>• Comprender textos orais e escritos sobre publicidade enganosa.</li> <li>• Comprender, expresarse e interactuar oralmente, con fluidez e precisión, empregando a linguaxe e o vocabulario funcional en situacións comúns de comunicación: opinións e recomendacións.</li> <li>• Aprender e practicar diferentes patróns de pronunciación, ritmo e entoación.</li> <li>• Ler de forma autónoma textos breves sobre situacións diversas e ser capaces de comprender e identificar información xeral e específica, empregando diferentes estratexias de lectura.</li> <li>• Comprender textos orais e identificar información xeral e máis específica, desenrolando diferentes estratexias comunicativas.</li> <li>• Producir diversos textos escritos, cun léxico adecuado ao tema e ao contexto, cos elementos necesarios de cohesión e utilizando as</li> </ul>

	<p>estratexias básicas no proceso de composición escrita (planificación, textualización e revisión).</p>
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Comprensión escrita</u>: artigos periodísticos e noticias.</li> <li>• <u>Comprensión oral</u>: podcasts, anuncios de TV, vídeos e noticias.</li> <li>• <u>Expresión escrita</u>: un email expresando unha queixa ou reclamación.</li> <li>• <u>Expresión oral</u>: conversas sobre crime e os medios de comunicación.</li> <li>• <u>Mediación</u>: cita das fontes das que se obtén información, adaptación de textos fonte a contextos comunicativos específicos, selección da información, reformulación da información, cambio de rexistro e síntese.</li> </ul>
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Léxicos</u>: Os medios de comunicación, fake news, redes sociais, negocios e publicidade, crime e castigo.</li> <li>• <u>Morfo-sintácticos</u>: a voz pasiva, estilo indirecto, reporting verbs.</li> <li>• <u>Funcionais</u>: reportar o lido ou escoitado, vender un produto, queixarse dun produto en mal estado.</li> <li>• <u>Discursivos</u>: un email de queixa/reclamación a un negocio.</li> </ul>
Criterios da avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fala sobre delitos e delincuentes.</li> <li>• Fala sobre negocios e publicidade.</li> <li>• Fala sobre os medios de comunicación e fake news.</li> <li>• Fala sobre programas de TV, películas e redes sociais.</li> <li>• Comprende textos orais e escritos sobre como previr roubos.</li> <li>• Identifica e emprega vocabulario relacionado coa delincuencia, o castigo, negocios, publicidade, os medios de comunicación, fake news, programas de TV, películas e redes sociais.</li> <li>• Fala sobre o que debe ser legal ou non.</li> <li>• Comprende textos orais e escritos sobre publicidade enganosa.</li> <li>• Comprende, exprésase e interactúa oralmente, con fluidez e precisión, empregando a linguaxe e o vocabulario funcional en situacións</li> </ul>

	<p>comúns de comunicación: opinións e recomendacións.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Identifica e emprega diferentes patróns de pronunciación, ritmo e entoación.</li> <li>• Lee de forma autónoma textos breves sobre situacións diversas e é capaz de comprender e identificar información xeral e específica, empregando diferentes estratexias de lectura.</li> <li>• Comprende textos orais e identifica información xeral e máis específica, desenrolando diferentes estratexias comunicativas.</li> <li>• Produce diversos textos escritos, cun léxico adecuado ao tema e ao contexto, cos elementos necesarios de cohesión e utilizando as estratexias básicas no proceso de composición escrita (planificación, textualización e revisión).</li> </ul>
--	---

20- 24 maio

**Revisión e práctica de exame**

**RECURSOS**

**Humanos**

Seis profesores son as encargados do segundo curso de nivel B2.2

- Na EOI de Pontevedra Central – A xunqueira: Lola Burgo e Patricia Parada.
- Na Sección IES Valle-Inclán (Pontevedra): Alma Álvarez.
- Na Sección IES Antón Losada Diéguez (A Estrada): Natalia Rega.
- Na sección IES Ramón María Aller Ulloa: Alexandre Fernández e Rosa Patiño (Coordinadora do nivel).

**Bibliográficos**

Libros de texto:

- Latham-Koenig, Cristina; Oxenden, Clive; Chomacki, Kate. *English File B2.2 Fourth Edition*. (Student's book & workbook.) Oxford University Press. 2018. ISBN: 978-0-19-403945-1.

Materiais complementarios:

- Murphy, Raymond; Smalzer William; Chappel Joseph. *English Grammar in Use: Intermediate (fourth edition)*. Cambridge University Press. 2019.
- McCarthy, Michael; O'Dell, Felicity. *English Vocabulary in Use: Upper-Intermediate (fourth edition)*. Cambridge University Press. 2018.

**Recursos TIC**

- Aula virtual: Moodle, accesible dende a páxina web da escola. Cada profesor utilizará a aula virtual cos seus grupos dende o inicio do curso para aportar materiais de reforzo

e extensión, e materiais didácticos en xeral. Tamén será un método de comunicación habitual co alumnado e incluso pode establecerse como método de entrega de tarefas e actividades.

- Cisco Webex Meetings: Se fose necesario facelas sesións por videoconferencia en caso de que non sexa posible a presencialidade.

### **Recursos didácticos aportados polo profesor**

Ao longo do curso o profesor achegará materiais axeitados ao desenvolvemento das actividades de ensino-aprendizaxe co obxectivo de repasar contidos, profundar neles, presentar novos contidos, etc. A achega deste material de apoio poderá realizarse de xeito tradicional en formato papel o de xeito virtual, ben a través de presentacións, de xogos en rede, da aula virtual do grupo.

### **Materiais elaborados polos alumnos**

Novamente, os materiais elaborados polos alumnos no transcurso do seu proceso de aprendizaxe poderán ser presentados en formato tradicional (en papel) ou en formato dixital, ben mediante correo electrónico, a través da aula virtual do grupo, blog de aula ou outras plataformas colaborativas (voicethread, padlet, voicepods, entre outros).

- proxectos
- recensións
- redaccións
- monólogos ou presentacións
- entrevistas
- informes
- resúmenes

### **Materiais audiovisuais**

Tanto para o traballo na aula como para o traballo autónomo, os materiais de tipo audiovisual son un gran aliado:

- fotografías ou fotogramas
- Cancións
- vídeos
- podcasts
- programas de radio
- documentais
- escenas de películas ou series



## PROGRAMACIÓN DO NIVEL C1.1



**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA NIVEL AVANZADO C1.1.**  
**Curso 2023-2024.**  
**Dpto. Inglés**

**ÍNDICE:**

1. Obxectivos específicos
2. Competencias e contidos
3. Criterios de avaliación e Mínimos esixibles
4. Secuenciación dos contidos
5. Metodoloxía
6. Recursos
7. Avaliación

## **NIVEL AVANZADO C1 .1**

Para obxetivos específicos do nivel, competencias e contidos véxase: **Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia**

<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/25735>

**TEMPORALIZACIÓN C1.1** Tanto a secuenciación como a temporalización dos contidos enunciados a continuación poden estar suxeitas a modificacións ou adaptación segundo a decisión da coordinación do curso e sempre que as condicións particulares dos grupos o requiran, de tal xeito que se poida garantir o cumprimento dos obxetivos fixados para o curso e nivel.

### **PROGRAMACIÓN DO NIVEL AVANZADO C1.1**

#### **NIVEL AVANZADO C1.1**

O alumnado que supere o nivel avanzado C1 poderá comunicarse case sen esforzo, dun xeito fluído e espontáneo nos ámbitos persoal e público, así como en actividades específicas nos campos académico e profesional. Comprenderá a información importante e os aspectos e detalles relevantes dunha ampla gama de textos orais, e tamén será capaz de entender opinións e actitudes tanto implícitas como explícitas. Comprenderá en detalle textos escritos, extensos e conceptualmente complexos, sempre que poida reler determinadas partes do texto; será quen de producir textos escritos ben estruturados e sobre temas de certa complexidade. Empregará, de maneira correcta, estruturas, mecanismos de cohesión e un léxico axeitado e variado para resaltar, sintetizar, ampliar e defender puntos de vista, que permitan rematar a produción cunha conclusión argumentada. O alumnado que acade este nivel disporá dun bo coñecemento da lingua e dun repertorio de expresións idiomáticas que lle permitan apreciar, expresar e transmitir matices de significados.

#### **1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

##### **Actividades de Comprensión de textos orais**

-Comprender, independentemente da canle, a información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son distorsionado.

-Comprender información complexa con condición e advertencias, instrucións de funcionamento e especificacións de produtos, servizos, así como información sobre procedementos coñecidos ou menos habituais e sobre os asuntos relacionados coa súa profesión ou actividades académicas.

-Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.

-Comprender os detalles de conversacións e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas, mesmo sobre temas abstractos, complexos ou cos que non se está familiarizado/a, e captar a intención do que se di.

-Comprender conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas.

-Comprender, sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio, televisión, obras de teatro ou espectáculos e películas que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas. Identificar pormenores e actitudes implícitas entre os e as falantes.

### **Actividades de produción e coprodución de textos orais**

- Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión.

- Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.

- Participar nunha entrevista, como persoa entrevistadora ou persoa entrevistada, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.

- Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos. Facer un uso emocional ou humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.

### **Actividades de comprensión de textos escritos**

- Comprender instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico e complexas, incluíndo algún detalle sobre condición e advertencias, tanto se se relacionan coa propia especialidade coma se non, sempre que se poidan reler as seccións máis difíciles.

- Comprender alusións en notas, mensaxes e correspondencia persoal, que poidan tratar sobre temas complexos e presentar trazos específicos na súa estrutura ou no léxico (formato non habitual, linguaxe coloquial, ton humorístico).

- Comprender a información contida en correspondencia formal de carácter profesional ou institucional, identificando os niveis de formalidade e as actitudes ou opinións implícitas.

- Comprender artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos do ámbito social, profesional ou académico e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.

- Comprender en detalle a información contida en textos de consulta de carácter profesional ou académico, en calquera soporte, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.

- Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións.

- Comprender textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas.

### **Actividades de produción e coprodución de textos escritos**

- Tomar notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas.
- Escribir correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse en foros, relacionarse con flexibilidade e eficacia coas persoas destinatarias, incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico.
- Escribir correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas na que se fagan reclamacións ou demandas con certa complexidade e se empreguen os argumentos pertinentes para apoiar ou rebater posturas.
- Escribir informes, memorias, artigos e ensayos claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.

### **Actividades de mediación**

- Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para transmitir oralmente ou por escrito una ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico.
- Adaptar sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións.
- Levar a cabo transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizando unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades imprevistas.
- Recoñecer significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións.

## **2. COMPETENCIAS E CONTIDOS**

### **Socioculturais e sociolingüísticos**

Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade nos ámbitos académico e profesional, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos. Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros nas seguintes áreas: os servizos públicos, as condicións de vida, as relacións persoais, as convencións sociais, os valores e as crenzas.

## Estratéxicos

**1. As estratexias de aprendizaxe** danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.
- Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seus propios obxectivos a curto e a longo prazo.
- Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe, aplicacións móbiles, ferramentas en liña...).
- Regular e autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.
- Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as interlocutores/as...).
- Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc.
- Relacionar a información nova con coñecementos previos.
- Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas.
- Resumir para comprender e producir teitos orais ou escritos.

**2. As estratexias de comunicación** permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...
- Informarse, se hai axudas visuais, etc.
- Identificar o tpo de teito para adaptalo á audiencia.
- Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.
- Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).
- Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).
- Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.
- Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.
- Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.
- Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.

## Funcionais

Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos. Os expoñentes das funcións que se relacionan a continuación deberán adaptarse ás características propias da lingua inglesa, á organización do nivel C1 e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado. Comprensión e expresión das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala en contextos comunicativos específicos, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, nunha ampla variedade de rexistros:

- Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, da opinión, da crenza e da conxectura: expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, expresar dúbida e escepticismo, expresar unha opinión, formular unha hipótese, supoñer, predicir...

- Funcións ou actos de fala que impliquen compromiso, relacionados coa expresión do ofrecemento, da intención, da vontade e da decisión: expresar a intención, a vontade e a decisión de facer ou non facer algo; ofrecer axuda; prometer e retractarse...
- Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade dar unha instrución: ofrecer consello, advertir, dar instrucións, dar ou negar permiso, previr a alguén en contra de algo ou de alguén, prohibir, recomendar, lembrarlle algo a alguén, restrinxir e suplicar...
- Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto persoal, social, académico e profesional e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar ou declinar unha invitación, compadecerse, expresar condolencia, facer cumprimentos, interesarse por alguén ou por algo, pedir desculpas e rexeitar...
- Funcións ou actos de fala expresivos, cos que se expresan actitudes e sentimentos como resposta ante determinadas situacións: expresar admiración, ledicia, aprecio, simpatía, (des)confianza, (des)aprobación, decepción, (des)interese, resignación, temor, exculpar, lamentar, reprochar...

### **Discursivos**

Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas que lle permitan ao alumnado producir e comprender textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona deberá adaptarse ás características propias da lingua inglesa, á organización do nivel C1, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

### **Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:**

- Anuncios publicitarios complexos retransmitidos
- Instrucións e indicacións detalladas
- Conversas especializadas
- Reunións de traballo con vocabulario específico
- Debates e discusións formais sobre temas complexos ou específicos
- Entrevistas longas e complexas: de traballo, académicas...
- Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo
- Sondaxes e cuestionarios complexos • Audiovisuais
- Conferencias, presentacións e declaracións públicas específicas e detalladas
- Cancións
- Representacións teatrais
- Podcasts
- Informativos
- Clases gravadas
- Páxinas web gobernamentais

### **Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:**

- Correspondencia persoal e profesional especializada
- Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos
- Instrucións extensas
- Textos xornalísticos informativos e de opinión sobre temas de actualidade
- Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática
- Textos de rexistro coloquial en forma de notas, cartas, correo electrónico etc, aínda que se apoién excepcionalmente en modismos e fraseoloxía específica
- Informacións, anuncios e slogans publicitarios
- Textos que poidan amosar trazos non normativos



- Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral
- Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade
- Textos ensaísticos

### **Contidos sintácticos/léxicos/fonéticos/fonolóxicos**

Consolidaranse todos os contidos sintácticos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos seus usos e valores especiais. Así mesmo, prestarase atención aos seguintes aspectos:

- Formación de palabras: derivación e composición
- Recoñecemento dos elementos da palabra e significado dos afixos
- Usos das formas verbais e nominais na composición de textos e adecuación destas ao tipo de texto e ao discurso
- Correlación temporal na construción de textos orais e escritos
- Usos sintácticos complexos
- Disposición dos constituíntes oracionais: coñecemento das posibilidades de alteración da orde
- Gramática textual: os procedementos de organización estrutural dos textos orais e escritos: focalizacións, tematizacións, reformulacións etc.
- Uso de mecanismos de cohesión para a organización de textos orais e escritos

### **Léxicos**

Os contidos léxicos deberanse adaptar ás realidades socioculturais dos países de fala inglesa, á organización do nivel C1, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua. Estes contidos fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan. Consolidaranse todos os contidos léxicos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos propios deste nivel.

- Alimentación: tipos de dietas e procesos de alimentación, gastronomía típica, establecementos de restauración, tendencias en alimentación, produción agrícola...
- Ciencia e tecnoloxía: avances científicos e tecnolóxicos, centros de investigación, sociedades científicas...
- Compras e actividades comerciais: actividades de compra, venda e subrogación, rede bancaria, divisas e formas de pagamento...
- Cultura e actividades artísticas: música e danza, arquitectura, pintura e escultura, estilos e correntes artísticas, tendencias de vangarda, literatura, fotografía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas, artesanía...
- Economía e industria: finanzas e bolsa, impostos e renda, comercio, entidades e empresas, sistemas de produción...
- Educación e actividades académicas: sistema educativo, profesionais da educación, estudos e titulacións, recursos, lexislación e regulamentos, actividades e innovacións, problemas e conflitos, tendencias...
- Goberno, política e sociedade: organización política e de goberno, estrutura administrativa, organismos e servizos públicos, organizacións sociais, políticas e profesionais, conflitos e movementos sociais, xustiza, modas e tendencias sociais...
- Información e medios de comunicación: prensa, radio e televisión, internet, publicidade e redes sociais...
- Saúde, coidados físicos e atención sanitaria: estado de saúde e tratamentos médicos, procedementos cirúrxicos e terapias alternativas, material sanitario, consultas, sistemas sanitarios...
- Traballo e actividades profesionais: tipos de traballo e tarefas, novas modalidades de emprego, condicións e contratos laborais, asociacións sindicais, seguridade e riscos laborais...

- Viaxes e estancias no estranxeiro: turismo, modas e tendencias turísticas, trámites coa administración e burocráticos durante estadias no estranxeiro...
- Vivenda, fogar e contorna: tipos de hábitat, a organización urbana, a localización no espazo, a construción, compra e alugueiro, equipamento, decoración e mantemento, a contorna sociocultural, física e económica...
- Xeografía, natureza e medio rural: accidentes xeográficos, movementos migratorios, paisaxe urbana e rural, natureza, ecoloxía e problemas ambientais.

### **Contidos fonético-fonolóxicos e ortotipográficos**

Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación frecuente (aínda que sexa perceptible o acento estranxeiro), así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas. Os contidos que se relacionan deberanse adaptar ás realidades socioculturais dos países de fala inglesa, á organización do nivel C1, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua. Consolidaranse todos os contidos fonético-fonolóxicos e ortotipográficos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos propios deste nivel.

- A énfase
- A entoación e os cambios de ton
- Os patróns característicos de tons vinculados a intencións comunicativas específicas (ironía, sarcasmo, humor...)
- Os patróns melódicos específicos dalgunhas estruturas sintácticas
- Secuencias sinxelas cunha entoación característica (refrás, poemas...)
- A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación
- O recoñecemento das variantes diatópicas e diastráticas máis estendidas
- As convencións de distribución e organización do teito
- As abreviaturas, siglas, símbolos e acrónimos de uso común

### **3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES**

Os **criterios de avaliación** especificados na secuenciación de contidos permitirán comprobar se o alumnado acadou os obxectivos propostos e medir o seu grao de competencia comunicativa na utilización do idioma nas actividades de lingua.

#### **Mínimos esixibles:**

##### **Actividades de comprensión de textos orais**

1. É quen de comprender o que se pretende comunicar.
2. Pode recoñecer segundo o contexto a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala.
3. É quen de seguir un discurso extenso relativamente ben estruturado.
4. É quen de recoñecer, en xeral, expresións idiomáticas e coloquiais.
5. É quen de recoñecer matices de significado en distintas variedades fonético-fonolóxicas estándar.

##### **Actividades de produción e coprodución de textos orais**

1. É quen de formular preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue aclaración dos aspectos ambiguos.

2. É capaz de adaptar os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, sen alterar a información e as posturas orixinais.
3. Pode producir un texto oral coherente e cohesionado.
4. É quen de transmitir de xeito oral e con claridade os puntos mais relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes.
5. É quen de variar a entoación e colocar a énfase da oración correctamente para expresar matices de significado.

### **Actividades de comprensión de textos escritos**

1. É quen de comprender o que se pretende ou o que se lle require en cada caso.
2. Pode identificar o contido e a importancia de textos profesionais ou académicos.
3. É quen de localizar detalles relevantes en textos complexos.
4. É capaz de recoñecer a intención do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.
5. É quen de recoñecer algunhas expresións idiomáticas e coloquiais.
6. Pode localizar a información nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.
7. É capaz de comprender unha ampla gama de estruturas sintácticas da lingua escrita.
8. Pode comprender as intencións comunicativas expresadas mediante o uso de convencións ortotipográficas.

### **Actividades de produción e coprodución de textos escritos**

1. Pode escribir textos complexos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión.
2. É quen capaz de redactar un texto e adáptalo á situación requirida.
3. É quen de presentar ideas e puntos de vista con fin de destacalos e diferencialos.
4. É quen de utilizar estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión e corrección.
5. Pode utilizar as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico.
6. Pode adaptar os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, sen alterar a información.
7. É capaz de producir un texto escrito coherente e cohesionado.
8. É capaz de facer unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións.
9. Pode transmitir de maneira escrita e con claridade os puntos máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes.

### **Actividades de mediación**

1. É quen de coñecer os aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.
2. É capaz de adaptar os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, sen alterar a información e as posturas orixinais.
3. Pode producir un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.
4. É capaz de citar as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.
5. Pode transmitir de xeito oral ou escrito os puntos mais recentes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes.
6. É quen de xestionar con flexibilidade a interacción entre as partes, axudando a

expresar as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.

#### **4. SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS**

Tanto a secuenciación como a temporalización dos contidos enunciados a continuación poden estar suxeitas a modificacións ou adaptación segundo a decisión da coordinación do curso e sempre que as condicións particulares dos grupos o requiran, de tal xeito que se poida garantir o cumprimento dos obxectivos fixados para o curso e nivel.

<b>Primeiro</b> <b>Cuadrimestre</b> <b>SETEMBRO -</b> <b>OUTUBRO</b>	
<b>Starter Unit:</b> <b>New Beginning</b> ["Getting to know each other" & "On the tip of my tongue" (2B)] Avaliación Inicial (11 Set. – 29 Set.)	
<b>Obxectivos</b>	1. Comprender os detalles dunha entrevista relacionada coa experiencia da aprendizaxe do inglés. 2. Comprender e anotar os detalles dun audio no que se empregan palabras de difícil escritura. 3. Describir formación e experiencias educativas propia identificando as técnicas e estratexias máis adecuadas para a propia aprendizaxe. 4. Participar en conversacións informais cunha ou varias persoas interlocutoras e expresar opinións con precisión e responder con eficacia. 5. Adaptar sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións. 6. Comprender as ideas expresadas nas que se comentan puntos de vista e opinións en relación ao aprendizaxe das linguas. 7. Escribir textos empregando vocabulario axeitado e evitando erros básicos.
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Comprensión oral:</u> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Audio para completar espacios en blanco</li> <li>- Escoita dun poema para identificar os erros causados pola correspondencia equivocada da relación dos sons e as súas formas escritas.</li> </ul> </li> <li>• <u>Producción e interacción oral:</u> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividade de audio para identificar os diferentes acentos de persoas nativas de fala inglesa.</li> <li>- Entrevista con unha persoa que relata a súa experiencia no aprendizaxe da lingua inglesa.</li> </ul> </li> <li>• <u>Comprensión escrita:</u> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Lecturas sobre a aprendizaxe de linguas.</li> <li>- Reto de vocabulario: Collocations, Phrasal Verbs, Synonyms and register, Idioms</li> </ul> </li> <li>• <u>Producción e interacción escrita:</u> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Writing Workshop: how to avoid boring words (people, things, good, bad...)</li> </ul> </li> <li>• <u>Mediación:</u> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Resumo de textos escritos e de información oral.</li> </ul> </li> </ul>

<p>Competencias e contidos</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Socioculturais/sociolingüísticos:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresións para concordar ou disentir tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos.</li> </ul> </li> <li>• <b>Estratéxicos:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecer a dificultade de comprensión, reformular hipóteses sobre ó contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.</li> </ul> </li> <li>• <b>Funcionais:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Expresar unha opinión con respecto</li> </ul> </li> <li>• <b>Discursivos:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Conversas, entrevistas.</li> <li>- Escribir textos evitando que sexan aburridos.</li> </ul> </li> <li>• <b>Sintácticos:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Pronomes xenéricos, reflexivos e recíprocos.</li> <li>-Posición do pronome de complemento despois dunha preposición de lugar.</li> </ul> </li> <li>• <b>Léxicos:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Aprender una lingua.</li> </ul> </li> <li>• <b>Fonéticos e ortotipográficos:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Relacións entre sons e a forma escrita das palabras</li> <li>-Recoñecemento de acentos na lingua inglesa.</li> </ul> </li> </ul>
<p>Critérios de avaliación</p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Comprende detalles relevantes sobre a información que se lle aporta.</li> <li>2. Percibe as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e recoñece matices de significado.</li> <li>3. Expresa o que quere dicir, superando dificultades que poida ter ocasionalmente.</li> <li>4. Recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro) a intención e o significado dun amplo repertorio de actos da fala.</li> <li>5. Localiza a información ou segue o fío da argumentación nun texto que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.</li> <li>6. Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario.</li> <li>7. Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada.</li> </ol>
<p><b>Unidade 1:</b> <b>Human connections</b> ["We are family" (1A) &amp; "A job for life?" (1B)] (2 Out – 20 Out.)</p>	

<p>Obxectivos</p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Comprender os detalles de textos orais de certa lonxitude sobre temas familiares.</li> <li>2. Presentar ideas propias e opinións sobre temas relacionados coa vida familiar.</li> <li>3. Participar en conversacións informais cunha ou varias persoas interlocutoras e expresar opinións con precisión e responder con eficacia.</li> <li>4. Adaptar sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións.</li> <li>5. Recoñecer significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións</li> <li>6. Comprender as ideas expresadas nos que se comentan puntos de vista e opinións en relación ao ámbito laboral.</li> <li>7. Escribir correspondencia empregando vocabulario axeitado e evitando erros básicos.</li> </ol>
<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Comprensión oral:</u></li> <li>-Escoita dunha audioguía sobre una pintura da artista Frida Khalo <i>Self-portrait</i></li> <li>-Escoita dunha entrevista no eido laboral.</li> <li>• <u>Expresión e interacción oral:</u></li> <li>-Breve discusión sobre tópicos frecuentes sobre temas familiares.</li> <li>-Breve discusión sobre os criterios utilizados para elixir as 100 mellores empresas nas que se pode traballar no Reino Unido.</li> <li>-Ditado do comezo de oito oración. Rematar as ideas iniciais do ditado. Practicar a dicilas cun ritmo natural.</li> <li>• <u>Comprensión escrita:</u></li> <li>-Cuestionario para predicir tipos de personalidade. <i>What's your personality?</i></li> <li>-Lectura dun artigo extraído dunha sección semanal dun periódico inglés The Guardian, <i>What I'm really thinking</i></li> <li>• <u>Expresión e interacción escrita:</u></li> <li>-Escribir correo electrónico solicitando un posto de traballo nun festival.</li> <li>• <u>Mediación:</u></li> <li>-Análisis de un modelo de correo electrónico para decidir cal é a información relevante.</li> </ul>
<p>Competencias e contidos</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Socioculturais/sociolingüísticos:</b></li> <li>-Expresións para concordar ou disentir tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos.</li> <li>• <b>Estratéxicos:</b></li> <li>-Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta). Solicitar repeticións, Inferir información.</li> <li>• <b>Funcionais:</b></li> </ul>

	<p>-Expresar unha opinión con respecto.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Discursivos:</b></li> </ul> <p>-Traballar o cuestionario: <i>what's your personality?</i></p> <p>- Entrevistas longas e complexas <i>Talking about work and family:</i> Eliza Carthy.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Sintácticos:</b></li> </ul> <p>-Uso de formas verbais: <i>Have: auxiliary or main verb?</i></p> <p>-Uso de mecanismos de cohesión para a organización de textos orais e escritos: <i>Discourse markers: linkers</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Léxicos:</b></li> </ul> <p>-Relacións persoais e sociais: características da personalidade: adxectivos, frases feitas, falsos cognados.</p> <p>-Traballo e actividades profesionais: adxectivos para describir un traballo, <i>colocacións</i>, diferencias de rexistro.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Fonéticos e ortotipográficos:</b></li> </ul> <p>-Uso do dicionario para comprobar a pronunciación das palabras.</p> <p>-Ritmo do Inglés oral. Palabras acentuadas nunha oración (substantivos, verbos, adxectivos e adverbios) en contraste con palabras non enfatizadas que inclúen preposicións, conxuncións</p>
<p> criterios de avaliación</p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Comprende detalles relevantes sobre a información que se lle aporta e recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto.</li> <li>2. Expresa o que quere dicir, superando dificultades que poida ter ocasionalmente.</li> <li>3. Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando lóxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.</li> <li>4. Rebate os argumentos das persoas interlocutoras de maneira convincente e apropiada, intervindo de forma fluída e espontánea e mantendo unha expresión e entoación claras.</li> <li>5. Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario.</li> <li>6. Localiza a información ou segue o fío da argumentación nun texto que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.</li> <li>7. Redacta un texto e adáptao á situación requirida.</li> </ol>

OUTUBRO/NO

VEMBRO

**Unidade 2:**  
**Exploring life**  
**stages** ["Do you  
remember...?"]



<p>(2A) &amp; "A love-hate relationship" (3A)] (23 Out -3 Nov.)</p>	
<p>Obxectivos</p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Comprender sen demasiado esforzo un programa de radio sobre primeiras citas</li> <li>2. Participar activamente nunha conversa informal preguntando e respondendo preguntas con <i>get</i>.</li> <li>3. Comprender textos literarios contemporáneos e comprender con detalle textos escritos sobre primeiras citas, nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas.</li> <li>4. Identificar e aprender vocabulario relacionado con expresións e frases feitas con <i>get</i></li> <li>5. Escribir un artigo adaptándoo ao contexto requerido.</li> <li>6. Tomar notas de palabras chave durante unha conferencia.</li> <li>7. Recoñecer e usar correctamente distintos patróns de ritmo, pronunciación e entoación en familias de palabras.</li> </ol>
<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Comprensión oral:</b></li> <li>- Audios de persoas que falan sobre lembranzas da infancia e as emocións vinculadas ás mesmas.</li> <li>- Programa de radio sobre un estudo feito sobre as primeiras lembranzas na infancia.</li> <li>- Audio para completar espacios en branco</li> <li>- Un programa de radio sobre primeiras citas.</li> <li>• <b>Producción e interacción oral:</b></li> <li>- Cuestionario preguntando e respostando preguntas con <i>get</i>.</li> <li>• <b>Comprensión escrita:</b></li> <li>- Lectura dun artigo: <i>A book review: Spell it out</i></li> <li>- Artigo sobre unha artista que atopou inspiración nunha ruptura amorosa.</li> <li>• <b>Producción e interacción escrita:</b></li> <li>- Análisis de un artigo online y escribir un artigo sobre cómo cambiou a vida nos últimos 30 anos.</li> <li>• <b>Mediación:</b></li> <li>- Relato de lembranzas utilizando as expresións máis axeitadas e aclarando calquera confusión.</li> <li>- Resumo de notas tomadas.</li> </ul>
<p>Competencias e contidos</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Socioculturais/sociolingüísticos:</b></li> <li>- Expresións de sentimentos e experiencias pasadas.</li> <li>• <b>Estratéxicos:</b></li> <li>- Recoñecer a dificultade de comprensión, reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.</li> <li>• <b>Funcionais</b></li> <li>- Pedir e ofrecer consellos.</li> <li>- Expresar acordo e desacordo sobre a maneira menos dolorosa de acabar unha relación</li> <li>• <b>Discursivos:</b></li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Conversas, entrevistas, e escribir un artigo</li> <li>- Elementos de cohesión textual para reformular (<i>in other words, that is to say</i>), enfatizar (<i>actually, in fact, as a matter of fact</i>), repetir (<i>as I was saying</i>), contrastar (<i>on the other hand</i>)</li> <li>● <b>Sintácticos:</b></li> <li>-Formación de palabras, derivación e composición. Recoñecemento de algúns elementos da palabra e significado dos afixos. (por exemplo, substantivo + -hood, -ship,- dom, adxectivos + -ness, -ity, -dom)</li> <li>-Tempos verbais para falar de eventos do pasado específicos e cotiás.</li> <li>- A pasiva informal con <i>get</i>. <i>Get</i> como verbo causativo</li> <li>- Estructuras con <i>suggest</i>.</li> <li>● <b>Léxicos:</b></li> <li>-Relacións persoais e sociais:relacións de amizade e inimidade, formas de convivencia, agrupamentos e interaccións humanas.</li> <li>-Expresións, frases feitas e <i>phrasal verbs</i> con <i>get</i>.</li> <li>● <b>Fonéticos e ortotipográficos:</b></li> <li>-Cambio da sílaba tónica causado por algúns sufixos.</li> <li>-Entonación en familias léxicas.</li> <li>-Formación de substantivos abstractos.</li> </ul>
<p>Criterios de avaliación</p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Pode comprender sen demasiado esforzo un programa de radio sobre primeiras citas</li> <li>2. Pode participar activamente nunha conversa informal empregando correctamente <i>get</i>.</li> <li>3. Pode comprender as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, nos que se comentan puntos de vista ou opinión e comprender con detalles textos escritos sobre primeiras citas.</li> <li>4. Pode entender e usar vocabulario relacionado con expresións e frases feitas con <i>get</i> e apreciar connotacións de significado.</li> <li>5. Pode producir un texto escrito claro e ben estruturado.</li> <li>6. É capaz de transmitir de xeito oral e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes.</li> <li>7. Pode recoñecer e usar correctamente distintos patróns de ritmo, pronunciación e entoación en familias de palabras.</li> </ol>
<p><b>Unidade 3:</b>  <b>Cinema and Literature</b>          ["Dramatic licence"          (3B) &amp; "An open book" (4A)]          (6 Nov - 17 Nov.)</p>	

<b>Obxectivos</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Comprender os detalles dunha conversa sobre historia, filmes e series históricas e libros.</li> <li>2. Facer una presentación dunha película histórica.</li> <li>3. Participar activamente nunha conversa expresando énfasis a través da inversión.</li> <li>4. Aprender e practicar distintos patróns de ritmo, pronunciación e entoación en familias de palabras.</li> <li>5. Comprender con detalle textos escritos sobre esceas de películas históricas e a información recollida nun blogue sobre libros e a súa tradución.</li> <li>6. Identificar e aprender vocabulario relacionado con conflitos, guerras e descripción de filmes e libros.</li> <li>7. Producir un texto escrito claro e ben estruturado facendo una reseña dun libro.</li> </ol>
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Comprensión oral:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Entrevistas: guionista de películas e series históricas, experta en historia, e tradutora.</li> </ul> </li> <li>• <b>Expresión e interacción oral:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Presentación: películas de contidos históricos.</li> <li>- Entrevista: análise de contidos históricos de películas.</li> </ul> </li> <li>• <b>Comprensión escrita:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Artigo sobre esceas memorables de películas.</li> <li>- Entradas nun blogue: reseña dun libro.</li> </ul> </li> <li>• <b>Expresión e interacción escrita:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Descripción dunha escea dunha película.</li> <li>- Reseña dun libro ou filme.</li> </ul> </li> <li>• <b>Mediación:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Conversas informais sobre libros.</li> <li>- Análise de esceas de filmes históricos.</li> </ul> </li> </ul>
<b>Competencias e contidos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Socioculturais/sociolingüísticos:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Os conflitos e as guerras.</li> <li>- Spoilers de libros, series, películas.</li> </ul> </li> <li>• <b>Estratéxicos:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Autoavaliar o proceso de aprendizaxe detectando erros e logros.</li> </ul> </li> <li>• <b>Funcionais:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresar opinión sobre esceas de películas e libros.</li> <li>- Expresar énfasis a través da inversión.</li> </ul> </li> <li>• <b>Discursivos:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Reformulación para conseguir concisión</li> <li>- Elección do rexistro adecuado para unha crítica dun libro ou filme.</li> <li>- Elementos de cohesión textual para reformular (<i>in other words, that is to say</i>), enfatizar (<i>actually, in fact, as a matter of fact</i>), repetir (<i>as I was saying</i>), contrastar (<i>on the other hand</i>)</li> </ul> </li> <li>• <b>Sintácticos:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Relacións lóxicas expresadas mediante adverbios e expresións adverbiais.</li> <li>- Expresións enfáticas que causan inversión.</li> </ul> </li> <li>• <b>Léxicos:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Léxico sobre <i>conflict and warfare</i>.</li> <li>- Léxico sobre <i>libros e filmes</i>.</li> </ul> </li> <li>• <b>Fonéticos e ortotipográficos:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Acentuación en familias léxicas.</li> <li>- Pronuncia en inglés de palabras e expresión de orixe extranxeira.</li> </ul> </li> </ul>

<p>Criterios de avaliación</p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Pode comprender con relativa facilidade varias conversas sobre historia e sobre filmes e series históricas.</li> <li>2. É capaz de facer una presentación dunha película histórica.</li> <li>3. Pode expresar con exactitude circunstancias históricas expresando énfasis a través da inversión.</li> <li>4. Pode recoñecer e usar correctamente distintos patróns de ritmo, pronunciación e entoación en familias de palabras.</li> <li>5. Pode comprender con detalles textos escritos sobre esceas de películas históricas.</li> <li>6. Pode entender e usar vocabulario relacionado con conflitos, guerras, e descripción de filmes e libros.</li> <li>7. É capaz de producir un texto escrito claro e ben estruturado facendo una reseña dun libro.</li> </ol>
<p>NOVEMBRO- DECEMBRO</p>	
<p><b>Unidade 4: Mindfulness</b> ["The sound of silence" (4B) &amp; "No time for anything" (5A)] (21 Nov.-11 Dec.)</p>	
<p>Obxectivos</p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Comprender con todo detalle a intención, o sentido xeral e a información importante de textos orais.</li> <li>2. Participar activamente nunha conversa sobre sons desagradables e o impacto que teñen na vida dunha persoa.</li> <li>3. Expresar énfasis e matizar un punto de vista propio sobre o manexo do tempo e a habilidade de facer varias cousas á vez.</li> <li>4. Comprender e extraer información xeral e específica de diferentes textos escritos.</li> <li>5. Identificar e aprender vocabulario relacionado coa voz, os sons, expresións con "time".</li> <li>6. Producir un texto xornalístico curto (<i>breakingnews</i>) empregando expresións distanciadoras apropiadas.</li> </ol>
<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● <u>Comprensión oral:</u> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Captar a intención do que se di nun audio sobre sons desagradables.</li> <li>-Comprender os detalles de conversacións e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas sobre <i>Mindfulness</i>, e "<i>waiting for things</i>".</li> </ul> </li> <li>● <u>Expresión e interacción oral:</u> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Expresar as propias ideas e opinión con precisión, presentar liñas argumentáis de maneira convincente (dando exemplos) e responder con eficacia. (Conversa sobre <i>things we hate waiting for</i>. Conversa en parellas ou grupos sobre <i>time &amp; you</i>).</li> </ul> </li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Compresión escrita:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender en detalle a información contida en textos sobre a fobia ao son, e o manexo do tempo</li> </ul> </li> <li>• <b>Expresión e interacción escrita:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Escribir un artigo.</li> </ul> </li> <li>• <b>Mediación:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Conversas informais sobre sons, hábitos comunicativos en distintos países.</li> </ul> </li> </ul>
<b>Competencias e contidos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Socioculturais/sociolingüísticos:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Os sons e a voz humana.</li> <li>- Importancia do aproveitamento do tempo e das multitareas.</li> <li>- O estrés na sociedade actual e “mindfulness”.</li> </ul> </li> <li>• <b>Estratéxicos:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Relacionar nova información con coñecementos previos para identificar o tipo de texto (artigo xornalístico).</li> </ul> </li> <li>• <b>Funcionais:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Realizar unha especulación ou deducción.</li> <li>- Expresar distanciamento sobre o dito.</li> </ul> </li> <li>• <b>Discursivos:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Reformulación para conseguir concisión.</li> </ul> </li> <li>• <b>Sintácticos:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Verbos modais de deducción e especulación en presente e pasado.</li> <li>- Distancing (seem /appear; the passive with verbs of saying and reporting; distancing expressions: apparently, according to, may /might, claim)</li> </ul> </li> <li>• <b>Léxicos:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Verbos para expresar distintos tipos de sons.</li> <li>- Expresións con <i>time</i>.</li> </ul> </li> <li>• <b>Fonéticos e ortotipográficos:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Grupos consonánticos. A pronuncia de distintas ortografías posibles do son /ɔ:/</li> <li>- Linking in short sentences.</li> </ul> </li> </ul>
<b>Criterios de avaliación</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Pode comprender con todo detalle a intención, o sentido xeral e a información importante de textos orais, aínda que poida necesitar unha repetición se o acento non lle resulta familiar.</li> <li>2. É quen de iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira apropiada e fluída, respetando as quendas de palabra.</li> <li>3. Pode enfatizar e matizar un punto de vista propio.</li> <li>4. Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas.</li> <li>5. Pode identificar e usar vocabulario relacionado coa voz, os sons, expresións con “time”.</li> <li>6. Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada.</li> <li>7. Redacta un texto e adáptao á situación requirida.</li> </ol>

<b>DECEMBR</b> <b>0</b>		
<b>Unidade 5:</b> <b>Money for nothing</b> ["Not for profit?" (5B)] (12 Dec- 21 Dec.)		
Obxectivos		1. Comprender as ideas principais, tanto explícitas como implícitas en diferentes textos orais. 2. escoitar acentos americanos e británicos e apreciar diferenzas na pronuncia e na escritura. 3. Producir e coproducir con fluidez, textos orais claros e detallados sobre os cartos e as finanzas. 4. Comprender a intención e o sentido xeral da información importante de textos escritos relacionados coas finanzas. 5. Coñecer e integrar o vocabulario relacionado co diñeiro. 6. Escribir una proposta para aumentar o alumnado nas EEOOII.
Actividades		<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Comprensión oral:</u></li> <li>- Comprender unha charla sobre microfinanzas, entendendo en detalle os argumentos que esgrimen.</li> <li>• <u>Expresión e interacción oral:</u></li> <li>- Participar en conversacións informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos.</li> <li>• <u>Comprensión escrita:</u></li> <li>- Comprender en detalle a información contida nun artigo.</li> <li>- Extraer información xeral e específica de textos escritos.</li> <li>• <u>Expresión e interacción escrita:</u></li> <li>- Escribir una proposta</li> <li>• <u>Mediación:</u></li> <li>- Extracción de significados de textos e imaxes.</li> <li>- Realización de tarefas comunicativas colaborativas.</li> </ul>
Competencias e contidos		<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Socioculturais/sociolingüísticos:</b></li> <li>- A vida capitalista e a influencia dos cartos.</li> <li>- Nivel de importancia dos cartos para os homes e as mulleres.</li> <li>• <b>Estratéxicos:</b></li> <li>- Explicar o que se sabe, como se aprendeu e dirixir a aprendizaxe para seguir aprendendo (autocoñecemento da aprendizaxe)</li> <li>• <b>Funcionais:</b></li> <li>- Falar de situacións hipotéticas no pasado.</li> </ul>

		<p>- Expresión da opinión e exemplificación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Discursivos:</b></li> </ul> <p>- Marcadores textuais da exemplificación (<i>for instance, such as, ...</i>)</p> <p>- Declaracións públicas específicas e detalladas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Sintácticos:</b></li> </ul> <p>- Usos das formas verbais na composición de textos: usos irrealis dos tempos verbais en pasado (conditionals, wish, if only, I'd rather, It's time)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Léxicos:</b></li> </ul> <p>- Economía: finanzas e bolsa, entidades e empresas.</p> <p>- Expresións con "money"</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Fonéticos e ortotipográficos:</b></li> </ul> <p>- Acentos americano e británico</p> <p>- Silent consonants</p>
<p> criterios de avaliación</p>		<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas.</li> <li>2. Recoñece acentos americanos e británicos e é capaz de discriminalos.</li> <li>3. Pode desenvolver unha conversa expresándose con precisión.</li> <li>4. Pode comprender a intención e o sentido xeral da información principal en textos escritos.</li> <li>5. É capaz de recoñecer expresións idiomáticas e apreciar connotacións e matices de significado.</li> <li>6. Utiliza estruturas sintácticas mantendo un alto grao de corrección.</li> </ol>

<p>Segundo cuadrimestre</p> <p><b>XANEIRO/FEB REIRO</b></p>	
<p><b>Unidade 6: A friend in need</b> ["Help, I need somebody" (6A) &amp; "Can't give up" (6B)] (8 Xan. - 9 Feb.)</p>	
<p>Obxectivos</p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Comprender a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, tanto explícitas como implícitas en diferentes textos orais relacionados coas obsesións, e cómo cambiar os hábitos de vida.</li> <li>2. Producir e coproducir con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo textos orais claros e detallados sobre retos e obsesións.</li> </ol>

	<p>3. Comprender a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, tanto explícitas como implícitas en diferentes textos escritos relacionados con hábitos de vida, e coas novas tecnoloxías.</p> <p>4. Producir textos escritos extensos e detallados, ben estruturados e axustados ós diferentes ámbitos de actuación sobre as novas tecnoloxías.</p>
<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Comprensión oral:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender con relativa facilidade unha charla TED sobre “<i>Try something new for 30 days</i>”, e unha entrevista a un doutor sobre as adiccións, entendendo en detalle os argumentos que esgrimen.</li> </ul> </li> <li>• <b>Expresión e interacción oral:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Realizar unha presentación clara e ben estruturada sobre un reto (<i>A 30-day challenge</i>) desenvolvendo ideas concretas.</li> <li>-Participar nunha conversa con varias persoas interlocutoras tratando o tema “<i>Obsessions</i>”, expresando as propias ideas e opinións con precisión e respondendo con eficacia.</li> </ul> </li> <li>• <b>Comprensión escrita:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender en detalle a información contida en textos dando consellos sobre “<i>How to survive living with your parents</i>”, e “<i>How to survive exam stress</i>”, en nun artigo sobre a dependencia dos teléfonos móbiles, sempre que se poidan volver a ler as seccións difíciles.</li> </ul> </li> <li>• <b>Expresión e interacción escrita:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Escribir un ensaio claro e ben estruturado sobre o uso das novas tecnoloxías, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada. (<i>Discursive essay: a balanced argument</i>)</li> </ul> </li> <li>• <b>Mediación:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Mediar entre falantes da lingua meta para trasladar oralmente un texto relacionado con “<i>How to survive ... living with your parents e ... exam stress</i>”.</li> </ul> </li> </ul>
<p>I-Socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Emprego do rexistro formal adaptado ao interlocutor e ao contexto.</li> <li>● Posta en valor das diferenzas culturais no eido da arte e o entretemento audiovisual.</li> <li>● O valor da arte e a súa relación coa realidade.</li> </ul> <p>II-Estratéxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Resumo e síntese das ideas principais</li> </ul>	<p><u>Learning about it</u> Comprensión de textos orais e vocabulario</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Different views on architecture.</li> <li>● Secrets built into medieval castles.</li> <li>● Video streaming: Where is OTT video taking us?</li> <li>● Parts of a medieval castle.</li> <li>● Expressions related to TV entertainment.</li> </ul>	<p><u>Actividades de comprensión de textos orais</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Comprende descrições especializadas de obras de arte.</li> <li>● Comprende feitos e opinións sobre temas relacionados coa arte e o entretemento.</li> </ul> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais</u></p>	<p>O alumnado é quen de:</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos orais-</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Comprender descrições detalladas dunha obra de arte.</li> <li>● Comprender feitos e opinións sobre temas relacionados coa arte e o entretemento.</li> </ul> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais.</u></p>



<p>como conclusión a un debate anterior.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Estratexias para predecir o significado de palabras descoñecidas na comprensión lectora.</li> </ul> <p>III-Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Describir unha obra de arte.</li> <li>● Expresar a opinión persoal.</li> <li>● Persuadir a unha audiencia para recadar fondos.</li> <li>● Resumir e/ou interpretar información dun texto oral o/ou escrito.</li> </ul> <p>IV-Discursivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Tipos de texto: descrición dunha obra arquitectónica, presentación para recadar fondos para un proxecto artístico, reseña dunha serie de TV.</li> <li>● Articulación do discurso oral e escrito. Uso de conectores.</li> <li>● A linguaxe persuasiva.</li> </ul> <p>V-Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Estruturas gramaticais para a expresión de énfase e contraste: fronting, cleft sentences, pseudo-cleft sentences, do-support, inversion.</li> <li>● Collocations adverb + adjective.</li> </ul> <p>VI-Léxicos:</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Showbusiness idioms.</li> </ul> <p>Comprensión de textos escritos e gramática</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● The aesthetic experience and how we assign value to art.</li> <li>● Between Two Worlds: Twin Peaks and the Film/Television Divide.</li> <li>● Emphatic structures.</li> </ul> <p>Pronuncia e produción de textos orais</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Stress and intonation for emphasis and contrast.</li> <li>● Describing an architectural monument.</li> <li>● Persuasive language.</li> </ul> <p>Produción de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● How to write a review.</li> <li>● Collocations and intensifying adverbs.</li> </ul> <p><u>Communicating and sharing</u></p> <p>Mediación e/ou coprodución de textos escritos por medio de foros e textos orais nas sesións presenciais:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Collaborative glossary</li> <li>● Entertainment during lockdown</li> <li>● Could anyone call it art?</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Inicia, mantén e remata conversacións animadas sobre temas relacionados coas artes e o entretemento, expresando e xustificando as súas opinións e valéndose das intervencións dos seus interlocutores.</li> <li>● Produce descrições detalladas e vivaces de obras de arte.</li> </ul> <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Comprende textos expositivos especializados e artigos de opinión reais sobre temas relacionados coa arte e o entretemento.</li> <li>● Comprende textos especializados nos que se describen obras de arte.</li> <li>● Comprende textos especializados nos que se reseña algún tipo de contido audiovisual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Iniciar, manter e rematar conversacións sobre temas relacionados coa arte e o entretemento, expresando e xustificando as súas opinións.</li> <li>● Producir descrições detalladas dunha obra de arte.</li> </ul> <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Comprender textos expositivos detallados e artigos de opinión reais sobre temas relacionados coa arte e o entretemento.</li> <li>● Comprender textos detallados nos que se describen obras de arte.</li> <li>● Coomprender textos detallados nos que se reseña algún tipo de contido audiovisual.</li> </ul> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Iniciar, manter e rematar conversacións sobre o concepto da arte e o papel do entretemento televisivo na sociedade actual, expresando e</li> </ul>
---	---	---	---

<ul style="list-style-type: none"> <li>● Vocabulario relacionado coa arte e a arquitectura defensiva.</li> <li>● Vocabulario relacionado co entretemento audiovisual. Frases idiomáticas.</li> </ul> <p>VII-Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Acento e entoación para expresar énfase e contraste.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Written mediation: Art and the artist</li> </ul> <p><u>Working on it</u></p> <p>Tarefas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Crowdfunding an art project</li> <li>● Speaking: Describing your favourite architectural monument</li> <li>● Writing a review of your favourite TV series</li> </ul> <p><u>Follow-up</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● For further practice</li> <li>● Check your progress</li> </ul>	<p><u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Inicia, mantén e remata conversacións animadas sobre o concepto da arte e o papel do entretemento televisivo na sociedade actual, expresando e xustificando as súas opinións e valéndose das intervencións dos seus interlocutores.</li> <li>● Produce descrições coherentes e cohesionadas detalladas e vivaces de obras de arte.</li> <li>● Escribe reseñas, expresando e xustificando as súas ideas de maneira coherente e cohesionada, sobre temas relacionados co entretemento audiovisual.</li> </ul> <p><u>Actividades de mediación</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Resume e sintetiza as ideas principais de artigos ou material audiovisual relacionado coa</li> </ul>	<p>xustificando as súas opinións.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Producir descrições coherentes e cohesionadas detalladas dunha obra de arte.</li> <li>● Escribir reseñas, expresando e xustificando as súas ideas, sobre temas relacionados co entretemento audiovisual.</li> </ul> <p><u>Actividades de mediación</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Resume e sintetiza as ideas principais de artigos ou material audiovisual relacionado coa arte e o entretemento.</li> <li>● Adapta a súa produción oral e escrita ao seu interlocutor e á función comunicativa do contexto e a situación.</li> </ul>
---	---	---	---

		<p>arte e o entretemento.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Adapta a súa produción oral e escrita ao seu interlocutor e á función comunicativa do contexto e a situación.</li> </ul>	
--	--	---	--

<b>Recursos</b>			
Material didáctico dispoñible no módulo 9 da aula virtual, libro de gramática recomendado, material auténtico extraído de internet, fotocopias e outros recursos educativos.			
<b>Temporalización</b>			
3 semanas.			

<b>UNIDADE 10: Let's not run out of steam! 8 de maio – 26 de maio</b>			
<b>Obxectivos específicos</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>● Participar en discusións animadas sobre ciencia e tecnoloxía.</li> <li>● Describir aparellos tecnolóxicos, empregando estruturas hipotéticas para opinar sobre os seus usos.</li> <li>● Escribir un artigo de opinión sobre o impacto da tecnoloxía.</li> </ul>			
<b>Competencias e contidos</b>	<b>Actividades</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos esixibles</b>
<p>I-Socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Emprego do rexistro formal adaptado ao interlocutor e ao contexto.</li> <li>● Reflexión sobre os perigos da interacción en liña e o impacto da tecnoloxía na vida diaria.</li> <li>● O concepto de privacidade e a</li> </ul>	<p><u>Learning about it</u>  Comprensión de textos escritos/orais e vocabulario</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● The era of internet: the end of privacy?</li> <li>● Science and technology neologisms</li> <li>● Here's how the internet of things is undermining privacy</li> </ul>	<p><u>Actividades de comprensión de textos orais</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Comprende exposicións detalladas e presentacións formais sobre temas relacionados coa tecnoloxía.</li> <li>● Comprende feitos e opinións</li> </ul>	<p>O alumnado é quen de:</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos orais-</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Comprender exposicións detalladas e presentacións formais sobre temas relacionados coa tecnoloxía.</li> <li>● Comprender feitos e opinións</li> </ul>

<p>súa relación coa tecnoloxía e o big data.</p> <p>II-Estratéxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Sintetizar e xerarquizar para comprender e producir textos orais e escritos</li> <li>● Recoñecer e utilizar neoloxismos</li> <li>● Establecer hipóteses e inferir outros tipos de información a partir de elementos extratextuais.</li> </ul> <p>III-Funcionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Describir un aparello tecnolóxico</li> <li>● Expresar a opinión persoal</li> <li>● Resumir información a partir dun texto oral ou escrito</li> </ul> <p>IV-Discursivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Tipos de texto: o artigo de opinión</li> <li>● Articulación do discurso oral: a hipótese e a especulación</li> <li>● Os neoloxismos tecnolóxicos e expresións idiomáticas</li> <li>● Os compound modifiers</li> </ul> <p>V-Sintácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Estructuras gramaticais para a expresión de hipótese: unreal uses of the past</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Tech-related idioms</li> </ul> <p>Comprensión de textos escritos/orais e gramática</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Understanding online security threats</li> <li>● Nothing to hide? The truth about personal data and the internet</li> <li>● Unreal time in English</li> </ul> <p>Pronuncia e produción de textos orais</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Compound modifiers</li> <li>● Stress in compound words</li> <li>● Language to speculate and hypothesize</li> </ul> <p>Produción de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● The opinion article</li> </ul> <p><u>Communicating and sharing</u></p> <p>Mediación e/ou coprodución de textos escritos por medio de foros e textos orais nas sesións presenciais:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Collaborative glossary</li> <li>● New menaces in an ever-connected world</li> <li>● The era of telework?</li> <li>● Deepfake and the role of technology in misinformation</li> </ul> <p><u>Working on it</u></p>	<p>relacionados coas privacidade e a xestión de datos persoais en liña.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Inicia, mantén e remata conversacións animadas sobre temas relacionados coas tecnoloxía, os datos persoais e as redes, expresando e xustificando as súas opinións e valéndose das intervencións dos seus interlocutores.</li> <li>● Produce descricións detalladas e precisas de aparellos tecnolóxicos.</li> </ul> <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Comprende textos expositivos especializados e artigos de opinión reais sobre temas relacionados coa tecnoloxía e o internet das cousas.</li> </ul>	<p>relacionados coas privacidade e a xestión de datos persoais en liña.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais.</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Iniciar, manter e rematar conversacións animadas sobre temas relacionados coas tecnoloxía, os datos persoais e as redes, expresando e xustificando as súas opinións e valéndose das intervencións dos seus interlocutores.</li> <li>● Producir descricións detalladas e precisas de aparellos tecnolóxicos.</li> </ul> <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Comprender textos expositivos especializados e artigos de opinión reais sobre temas relacionados coa tecnoloxía e o internet das cousas.</li> <li>● Comprender textos especializados nos que se comparan e contrastan aspectos da tecnoloxía e a privacidade.</li> </ul> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u></p>
--	--	---	---

<ul style="list-style-type: none"> <li>● Procesos de formación de palabras</li> </ul> <p>VI-Léxicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Vocabulario relacionado coa tecnoloxía e a rede de redes.</li> <li>● Vocabulario relacionado coa tecnoloxía. Frases idiomáticas</li> </ul> <p>VII-Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Acento primario e secundario</li> </ul>	<p>Tarefas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Chained stories creative writing</li> <li>● Speaking: improving media presence in a responsible way</li> <li>● Writing an opinion article on a given tech development</li> </ul> <p><u>Follow-up</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● For further practice</li> <li>● Check your progress</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Comprende textos especializados nos que se comparan e contrastan aspectos da tecnoloxía e a privacidade.</li> </ul> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Produce unha presentación sobre aspectos tecnolóxicos e de privacidade precisas e ben argumentadas.</li> <li>● Compara e contrasta diferentes aspectos relacionados coa tecnoloxía e internet.</li> <li>● Escribe un artigo de opinión ben estruturado sobre un aparello tecnolóxico.</li> </ul> <p><u>Actividades de mediación</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Resume e sintetiza as ideas principais de artigos ou material audiovisual relacionado coa tecnoloxía, os datos persoais e internet.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Producir unha presentación sobre aspectos tecnolóxicos e de privacidade precisas e ben argumentadas.</li> <li>● Comparar e contrastar diferentes aspectos relacionados coa tecnoloxía e internet.</li> <li>● Escribir un artigo de opinión ben estruturado sobre un aparello tecnolóxico.</li> </ul> <p><u>Actividades de mediación</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Resumir e sintetizar as ideas principais de artigos ou material audiovisual relacionado coa tecnoloxía, os datos persoais e internet.</li> <li>● Adaptar a súa produción oral e escrita ao seu interlocutor e á función comunicativa do contexto e a situación.</li> </ul>
---	---	---	--

		<ul style="list-style-type: none"> <li>● Adapta a súa produción oral e escrita ao seu interlocutor e á función comunicativa do contexto e a situación.</li> </ul>	
<b>Recursos</b>			
Material didáctico dispoñible no módulo 10 da aula virtual, libro de gramática recomendado, material auténtico extraído de internet, fotocopias e outros recursos educativos.			
<b>Temporalización</b>			
3 semanas			

## PROGRAMACIÓN DO CURSO CALC DE NIVEL C1





**CALC C1 COURSE**

**JANUARY 2023- MAY 2024**

<b>JANUARY</b>			
<b>Session</b>	<b>Module</b>	<b>Topic</b>	<b>Written task</b>
29/1/24	-	Presentation	Introduce yourself in the forum (Moodle)
31/1/24	1	Language learning	

<b>FEBRUARY</b>			
<b>Session</b>	<b>Module</b>	<b>Topic</b>	<b>Written task</b>
5/2/24	1	Language learning and education	My learning journey
7/2/24	1	Education	
19/2/24	1	Education	
21/2/24	2	Work, business and economy	
26/2/24	2	Work, business and economy	Co-production: a formal letter of application
28/2/24	3	Work, business and economy	

<b>MARCH</b>			
<b>Session</b>	<b>Module</b>	<b>Topic</b>	<b>Written task</b>
4/3/24	3	City life and housing	
6/3/24	3	City life and housing	
11/3/24	3	City life and housing	Production: a proposal
13/3/24	4	Consumerism	Written mediation
18/3/24	4	Consumerism	*GR: Inversion
20/3/24	4	Consumerism	Co-production: A complaint letter

<b>APRIL</b>			
<b>Session</b>	<b>Module</b>	<b>Topic</b>	<b>Written task</b>
3/4/24	5	Travelling and the environment	
8/4/24	5	Travelling and the environment	
10/4/24	5	Travelling and the environment	
15/4/24	5	Travelling and the environment	Production: A problem-solution essay
17/4/24	6	Health and gender issues	
22/4/24	6	Health and gender issues	Production: an opinion essay
24/4/24	7	International relations and globalisation	
29/4/24	8	Crime and law	Written mediation

MAY			
Session	Module	Topic	Written task
6/5/24	8	Crime and law	
8/5/24		Crime and law	
13/5/24	9	Science, nature and technology	*GR: Cleft sentences
15/5/24	9	Science, nature and technology	Written production: A survey report
20/5/24	10	Media, arts and entertainment	
22/5/24	10	Media, arts and entertainment	Written production: A review
27/5/24	10	Finish off module 10 / exam questions	
29/5/24	-	Revision	

\*A data de remate pode variar en función de se o CFR permite que o alumnado faga algunhas horas de traballo independente para poder practicar as tarefas escritas.

**PROGRAMACIÓN DO CURSO DE PREPARACIÓN  
DE CERTIFICACIÓN DO NIVEL C1  
(THAT'S ENGLISH)**



## SECUENCIACIÓN DO CONTIDO DO CURSO

Esta é unha suxerencia para conseguir facer o traballo no tempo indicado. Só son estrictas as datas de entrega das tarefas escritas.

### Week 1: 25<sup>th</sup> Sept. – 1<sup>st</sup> Oct.

- **Get familiar with the platform** and the different sections.
- **“Additional teaching resources”** section: look at the “Information about the exam” and “Sample C1 certification exam (Galicia 2019)”.
- **“Course content”** section: look at the “introduction” part for each skills. Skip the “about the exam” part and do not look at mediation yet.
- **“Course content”**> Speaking>Monologue
- **“Course content”**>Mediation: identifying key points (skip the texts that are in Spanish)

### Week 2 and 3: 2<sup>nd</sup> Oct. – 15<sup>th</sup> Oct.

- **“Course content”**>Reading: Gap fill
- **“Course content”**>Listening: Gap fill
- **“Course content”**>Writing: Essays and opinion articles
- **“Course content”**> Speaking>Interaction
- **Deadline 13<sup>th</sup> Oct.:** writing task 1

### Week 4 and 5: 16<sup>th</sup> Oct – 29<sup>th</sup> Oct.

- **“Course content”**>Reading: Multiple matching
- **“Course content”**>Listening: Multiple matching
- **“Course content”**>Writing: Reports and proposals
- **“Exams”** > C1 Exam 1
- **Deadline 27<sup>th</sup> Oct.:** writing task 2

### Week 6 and 7: 30<sup>th</sup> Oct – 12<sup>th</sup> Nov.

- **“Course content”**>Reading: Multiple choice
- **“Course content”**>Listening: Multiple choice
- **“Course content”**>Writing: Formal letters (you will not have to write an informal letter in your exam)
- **“Exams”** > C1 Exam 2

- **Deadline 10<sup>th</sup> Nov:** writing task 3

### **Week 8-9: 13<sup>th</sup> Nov. – 26<sup>th</sup> Nov.**

- **“Course content”**>Writing: Job applications
- **“Course content”**>Mediation: visual information
- **“Extra practice RL”**>Reading: gap fill 1 and 2, multiple matching 1, multiple choice 1
- **“Extra practice RL”**>Listening: gap fill 1, multiple matching 1, multiple choice 1
- **“Extra practice RL”**>Writing: check out the interactions
- **“Exams”** > C1 Exam 3
- **Deadline 24<sup>th</sup> Nov:** writing task 4

### **Week 10-11: 27<sup>th</sup> Nov. – 10<sup>th</sup> Dec.**

- **“Extra practice RL”**>Reading: gap fill 3 and 4, multiple matching 2, multiple choice 2
- **“Extra practice RL”**>Listening: gap fill 2, multiple matching 2, multiple choice 2
- **“Extra practice RL”**>Writing: check out the productions.
- **“Extra practice RL”**>Speaking: monologues
- **“Additional teaching resources”** >Reading: examples of exam-style tasks
- **“Exams”** > C1 Exam 4
- **Deadline 4<sup>th</sup> Dec:** writing task 5 (mediation)

### **Week 12-13: 11<sup>th</sup> Dec. – 21<sup>st</sup> Dec.**

- **“Extra practice RL”**>Reading: gap fill 5 and 6, multiple matching 3, multiple choice 3
- **“Extra practice RL”**>Listening: gap fill 3, multiple matching 3, multiple choice 3
- **“Extra practice RL”**>Speaking: interaction
- **“Additional teaching resources”** >Listening: examples of exam-style tasks
- **“Exams”** > C1 Exam 5
- **Deadline 15<sup>th</sup> Dec:** writing task 6

## DATAS DE ENTREGA DAS TAREFAS ESCRITAS

Haberá un total de 6 tarefas escritas neste curso. O alumnado atoparáas na plataforma na sección “writing tasks”. Estarán dispoñibles desde unha semana antes da data de entrega. Estas son as datas de entrega. O Sistema non aceptará entregas pasada a data:

**Tarefa 1:** Venres, 13 outubro

**Tarefa 2:** Venres, 27 outubro

**Tarefa 3:** Venres, 10 novembro

**Tarefa 4:** Venres, 24 novembro

**Tarefa 5:** *Luns, 4 decembro (tarefa de mediación)*

**Tarefa 6:** Venres, 15 decembro

## SUBGRUPOS E CALENDARIO DE TITORÍAS EN LIÑA

O alumnado está dividido en 4 subgrupos. A ligazón para a titorías será publicada no foro “Teacher announcements”. A duración das mesmas será dunha hora. Cada subgrupo terá un total de 4 sesións:

### **Grupo 1:**

Luns, 2 de outubro, 18:00
Luns, 16 de outubro, 18:00
Luns, 6 de novembro, 18:00
Luns, 11 de decembro, 18:00

**Group 2:**

Mércores, 4 de outubro, 18:00
Mércores, 18 de outubro, 18:00
Mércores, 8 de novembro, 18:00
Mércores, 13 de dezembro, 18:00

**Group 3:**

Luns, 9 de outubro, 18:00
Luns , 23 de outubro, 18:00
Luns , 13 de novembro, 18:00
Luns , 18 de dezembro, 18:00

**Group 4:**

Mércores , 11 de outubro, 18:00
Mércores , 25 de outubro, 18:00
Mércores, 15 de novembro, 18:00
Mércores, 20 de dezembro, 18:00



## PROGRAMACIÓN DOS CURSOS MONOGRÁFICOS



**PROGRAMACIÓN DO CURSO MONOGRÁFICO: COMPETENCIA XERAL NIVEL INTERMEDIO B1 (Preparación para certificación)**

**Destinatarios:** Público en xeral, estea ou non asistindo a algún curso deste nivel de inglés ou distinto e queira reforzar a súa competencia lingüística do nivel intermedio B1

**Obxectivos:**

Para obxectivos específicos do nivel, competencias e contidos véxase : Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia

<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/25735>

**Temporalización:** 1 cuatrimestre (60h) Cada sesión terá unha duración de 2 horas. Impartiranse dúas sesións á semana.

Tanto a secuenciación como a temporalización dos contidos enunciados a continuación poden estar suxeitas a modificacións ou adaptación segundo as necesidades do alumnado e as características particulares do grupo, a fin de que poida garantir os obxectivos fixados para o curso.

<b>SETEMBRO</b>	
<b>Unit 1 : Getting to know each other-+ Food</b>	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dar e solicitar información persoal</li> <li>• Falar dos modos de comunicación</li> <li>• Saúdar e despedir</li> <li>• .Escribir unha receita</li> </ul>
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Comprensión escrita:</u> Artigos e emails sobre cuestións persoais e sobre comida.</li> <li>• <u>Comprensión oral:</u> conversas, monologos.</li> <li>• <u>Expresión escrita:</u> correo dando información de ti mesmo, unha receita</li> <li>• <u>Expresión oral:</u> presentarse e manter conversas.</li> <li>• <u>Mediación:</u> interpretar durante intercambios e mediar entre falantes.</li> </ul>
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Léxicos:</u> adxectivos comúns, comida e cociñar</li> <li>• <u>Morfo-sintácticos:</u> Presente simple e presente contnuo, formación de preguntas.</li> <li>• <u>Estratéxicos:</u> Facer uso do dicionario e os recursos ao alcance.</li> <li>• <u>Discursivos:</u> conversas informais</li> </ul>
Criterios da avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Da e solicita información</li> <li>• Falos dos modos de comunicación</li> <li>• Saúda e despide</li> <li>• Escribe unha receita sinxela</li> </ul>

<b>SETEMBRO E OUTUBRO</b>	
<b>Unit 2: Family and Relationships</b>	

Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Falar dos membros da familia</li> <li>• Falar de amizades</li> <li>• Describir personalidade</li> <li>• Falar sobre eventos que cambian a nosa vida</li> </ul>
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Comprensión escrita</u>: artigos , entradas en blogues e citas literarias sobre a familia, amizades e cambios nas nosas vidas.</li> <li>• <u>Comprensión oral</u>: monólogos e conversas</li> <li>• <u>Expresión escrita</u>: escribir un email para describir persoas</li> <li>• <u>Expresión oral</u>. Describir familiares e amizades.</li> <li>• <u>Mediación</u>: Selección da información e resumir.</li> </ul>
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Léxicos</u>: Familia, adxectivos de personalidade, adxectivos +preposición..</li> <li>• <u>Morfo-sintácticos</u>: futuro, presente continuo, be going to, e will-won't- artigos</li> <li>• <u>Socioculturais</u>: vinculos familiares e e de amizade</li> <li>• <u>Estratéxicos</u>: facer uso de elementos de coherencia e cohesión.</li> <li>• <u>Fonéticos</u>: sentence and word stress, pronuncia do artigo the- e da schwa .Pronuncia da s de terceira persoa do singular.</li> <li>• <u>Discursivos</u>: conversas informais</li> </ul>
Criterios da avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Describe familiares</li> <li>• Describe as amizades</li> <li>• Describe os posibles futuros cambios nas nosas vidas</li> <li>• Escribe un e-mail describindo unha persoa que coñece.</li> </ul>

## OUTUBRO

### Unit 3: Transport and Tourism

Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dar e pedir información sobre vacacione pasadas</li> <li>• Describir difficult journey</li> <li>• Pedir información en lugares públicos</li> <li>• Escribir un "travel blog"</li> </ul>
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Comprensión escrita</u>: diario, blog.</li> <li>• <u>Comprensión oral</u>: audio diario; monologo, conversa na estación de tren, , conversa sobre o tempo.</li> <li>• <u>Expresión escrita</u>: blog de viaxe, historias sobre difficult journeys, uso de "linking words"-</li> <li>• <u>Expresión oral</u>: relatar unha viaxe agradable e " a difficult journey"</li> <li>• <u>Mediación</u>: resumir ideas principais dunha conversación entre dous ou mais interlocutores.</li> </ul>
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Léxicos</u>: .vocabulario de turismo,"travel collocations", "the weather".</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Morfo-sintácticos</u>: past simple and continuous.: joining words</li> <li>• <u>Fonéticos</u>: pronuncia ED; question intonation.</li> <li>• <u>Funcionais</u>: pedir información e direccións.</li> <li>• <u>Discursivos</u>: Escribir un travel blog</li> </ul>
Crterios da avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Da e pide información sobre vacacións pasadas.</li> <li>• Describe “difficult journey”</li> <li>• Pide información en lugares públicos</li> <li>• Escribe un travel blog</li> </ul>

<b>OUTUBRO/NOVEMBRO</b>	
<b>Unit 4: Sports and Health</b>	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Falar sobre deportes e actividades</li> <li>• Falar do corpo</li> <li>• Falar de doenzas</li> <li>• Falar co médico</li> <li>• Falar de medicamentos</li> <li>• Escribir sobre un feito pasado</li> </ul>
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Comprensión escrita</u>: artigos periodísticos, entradas en blogues e citas sobre deportes e actividades, saúde e doenzas do corpo.</li> <li>• <u>Comprensión oral</u>: programas en radio, monologos e conversas sobre deportes.</li> <li>• <u>Expresión escrita</u>: Escribir sobre un feito pasado</li> <li>• <u>Expresión oral</u>: conversas informais, debates.</li> <li>• <u>Mediación</u>: .facilita a interacción entre perosas no mabito persoal e público, acomodase o rexistro e as funcións requeridas.</li> </ul>
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Léxicos</u>: deportes e actividades, o corpo humán e a saúde..</li> <li>• <u>Morfo-sintácticos</u>: tempos pasados: past simple, past continuous and present perfect. Habits in the past</li> <li>• <u>Funcionais</u>: falar sobre feitos pasado e eventos deportivos.</li> <li>• <u>Discursivos</u>: escribir un texto narrativo.</li> </ul>
Crterios da avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fala sobre deportes e actividades</li> <li>• Fala sobre o corpo humano</li> <li>• Fala de doenzas</li> <li>• Mantén unha conversa co médico</li> <li>• Fala de medicamentos</li> <li>• Escribe un texto narrativo no pasado</li> </ul>

<b>NOVEMBRO</b>	
<b>Unit 5- The arts</b>	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Falar do mundo da cultura</li> <li>• Falar do cine/series</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Falar de comics /libros/revistas</li> <li>• Escribir unha reseña</li> </ul>
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Comprensión escrita</u>: artigos de revistas e periódicos e entradas en blogs sobre arte, cultura, cine, series, libros.</li> <li>• <u>Comprensión oral</u>: conversas, monologos,</li> <li>• <u>Expresión escrita</u>: escribir unha reseña.</li> <li>• <u>Expresión oral</u>: poder manter unha conversa sobre cultura, arte, cine, libros ou series.</li> <li>• <u>Mediación</u>: facilita a interacción entre persoas no ámbito persoal e público, acomódase o rexistro e as funcións requeridas.</li> </ul>
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Léxicos</u>: cine, arte, libros e pintura.</li> <li>• <u>Morfo-sintácticos</u>: pasiva, modais de dedución -might, can't e must.</li> <li>• <u>Fonéticos</u>: participios regulares e irregulares</li> <li>• <u>Funcionais</u>: falar sobre cine ou literatura.</li> <li>• <u>Discursivos</u>: escribir unha reseña.</li> </ul>
Criterios da avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fala de cultura</li> <li>• Fala de cine/series</li> <li>• Fala de libros/revistas</li> <li>• Escribete unha reseña</li> </ul>

<b>NOVEMBRO-DECEMBRO</b>	
<b>Unit 6: Education and Language Learning</b>	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Falar sobre posibilidade e plans no futuro</li> <li>• Falar sobre a educación</li> <li>• Comprender un texto sobre careiras universitarias</li> <li>• Comprender unha conversa sobre hábitos de estudio</li> <li>• Describir accións e sentimentos</li> <li>• Comprender unha conversa sobre estados de ánimo.</li> <li>• Escribir un texto dando consellos</li> </ul>
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Comprensión escrita</u>: artigos periodísticos e noticias.</li> <li>• <u>Comprensión oral</u>: conversas, monologos.</li> <li>• <u>Expresión escrita</u>: un email falando sobre posibilidades e plan para o futuro/ un email dando consello.</li> <li>• <u>Expresión oral</u>: conversas sobre as diferentes opcións educativas. Plans para o futuro</li> <li>• <u>Mediación</u>: facilita a interacción entre persoas no ámbito persoal e público, acomódase o rexistro e as funcións requeridas.</li> </ul>
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Léxicos</u>: educación, collocations.</li> <li>• <u>Morfo-sintácticos</u>: first conditional, verb patterns</li> <li>• <u>Fonéticos</u>: main stress, contrastive.</li> <li>• <u>Funcionais</u>: Expresar acordo e desacordo</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Discursivos</u>: un email dando un consello/.</li> </ul>
Criterios da avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fala sobre posibilidade e plans no futuro</li> <li>• Fala sobre a educación</li> <li>• Comprender un texto sobre carreiras universitarias</li> <li>• Comprende unha conversa sobre hábitos de estudio</li> <li>• Describe accións e sentimentos</li> <li>• Comprende unha conversa sobre estados de ánimo.</li> <li>• Escribe un texto dando consellos</li> </ul>

<b>DECEMBRO</b>
<b>Unit 7-Housing</b>

Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Falar sobre casas.</li> <li>• Falar sobre situacións hipotéticas.</li> <li>• Facer suxerencias.</li> <li>• Describir unha casa/habitación</li> <li>• Presentar unha queixa</li> </ul>
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Comprensión escrita</u>: artigos periodísticos e noticias.</li> <li>• <u>Comprensión oral</u>: podcasts, anuncios de TV, .</li> <li>• <u>Expresión escrita</u>: a letter of complaint,</li> <li>• <u>Expresión oral</u>: conversas sobre casas..</li> <li>• <u>Mediación</u>: facilita a interacción entre persoas no ámbito persoal e público, acomódase o rexistro e as funcións requeridas.</li> </ul>
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Léxico</u>: Vivienda,</li> <li>• <u>Morfo-sintácticos</u>: second conditional, choosing between first and second conditional.</li> <li>• <u>Funcionais</u>: presentar unha queixa</li> <li>• <u>Discursivos</u>:. Describir unha casa- presentar unha queixa</li> </ul>
Criterios da avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fala sobre vivendas.</li> <li>• Fala sobre situacións hipotética</li> <li>• Describe unha vivenda- habitación</li> <li>• Fai suxerencias</li> <li>• Presenta unha queixa</li> </ul>

<b>DECEMBRO</b>	
<b>Unit 8- Work</b>	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Falar sobre o que a xente fai no traballo</li> <li>• Falar do seu futuro profesional</li> <li>• Ofrecer axuda</li> <li>• Solicitar traballo por correo electrónico en resposta a un anuncio</li> </ul>
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Comprensión escrita</u>: artigos periodísticos e noticias.</li> <li>• <u>Comprensión oral</u>: artigos e noticias relacionado co tema, correos electrónicos solicitando traballo.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Expresión escrita:</b> letter of application</li> <li>• <b>Expresión oral:</b> conversas sobre traballo, entrevistas a xente que busca traballo, dialogo sobre planes no traballo, escribir sobre predicións do traballo no futuro</li> <li>• <b>Mediación:</b> facilita a interacción entre persoas no ámbito persoal e público, acomódase o rexistro e as funcións requeridas.</li> </ul>
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Léxicos:</b> profesións, vocabulario relacionado co eido do traballo.</li> <li>• <b>Morfo-sintácticos:</b> gerunds and infinitives. Modals</li> <li>• <b>Funcionais:</b> solicitar traballo. Expresar prohibición e permiso.</li> <li>• <b>Discursivos:</b> a letter of application..</li> </ul>
Criterios da avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fala sobre o que a xente fai no traballo</li> <li>• Fala do seu futuro profesional</li> <li>• Ofrece axuda</li> <li>• Solicita traballo por correo electrónico en resposta a un anuncio</li> </ul>
<b>XANEIRO-</b>	
<b>Sesión para dúbidas e repaso</b>	

**Recursos Humanos:** Este curso monográfico é impartido pola profesora Mercedes Castro Barral na Sección de Lalín da EOI de Pontevedra en horario de 17:00 a 19:00 martes e xoves.

**Bibliográficos:** Non se emprega un libro de texto neste curso, se ben fará uso dalgúns materiais de libros de texto ou de referencia propios do nivel B1 como o *English File B1*, *English vocabulary in use Intermediate*, *English grammar in use Intermediate*, *Grammar & vocabulary for First* ou *Writing skills Intermediate*.

**Recursos TIC:**

- Aula virtual: Moodle, accesible dende a páxina web da escola. Cada profesor utilizará a aula virtual cos seus grupos dende o inicio do curso para aportar materiais de reforzo e extensión, e materiais didácticos en xeral. Tamén será un método de comunicación habitual co alumnado e incluso pode establecerse como método de entrega de tarefas e actividades.
- Cisco Webex Meetings: Se fose necesario facelas sesións por videoconferencia en caso de que non sexa posible a presencialidade.
- Padlet: Esta aplicación favorece a creación de taboleiros dixitais colaborativos por parte de alumnado onde poden recoller contidos como vocabulario relevante, audios, vídeos, etc.
- Kahoot: Poderá utilizarse esta opción para crear tests de opción múltiple e pedirlle ao alumnado que xogue por equipos co obxectivo de repasar vocabulario, realizar comprensión de textos orais, etc.

**Recursos didácticos achegados pola profesora:**

Ao longo do curso a profesora achegará materiais axeitados ao desenvolvemento das actividades de ensino-aprendizaxe co obxectivo de repasar contidos, profundar neles, presentar novos contidos, etc. A achega deste material poderá realizarse de xeito tradicional en formato papel o de xeito virtual, ben a través de presentacións, de xogos en rede, da aula virtual do grupo.

**Materiais elaborados polos alumnos**

Novamente, os materiais elaborados polos alumnos no transcurso do seu proceso de aprendizaxe



poderán ser presentados en formato tradicional (en papel) ou en formato dixital, ben mediante correo electrónico, a través da aula virtual do grupo, blog de aula ou outras plataformas colaborativas (*voicethread, padlet, voicepods*, entre outros).

- monólogos ou presentacións
- recensións
- redaccións
- entrevistas
- podcasts
- informes ou encuestas
- resumes

### ***Materiais audiovisuais***

Tanto para o traballo na aula como para o traballo autónomo, os materiais de tipo audiovisual son un gran aliado:

- fotografías ou fotogramas
- cancións
- vídeos
- podcasts
- programas de radio
- documentais
- escenas de películas ou series

### **Metodoloxía:**

Traballarase cun enfoque comunicativo e flexíbel na comprensión e expresión oral e escrita, así como de actividades de mediación. Traballo de vocabulario, estruturas, aspectos sociolingüísticos e estratexias de comunicación. Usaranse diversos tipos de agrupamento e de traballo na aula co fin de favorecer a realización de actividades comunicativas.

A metodoloxía estará centrada no alumnado, nas súas necesidades de aprendizaxe, nos seus intereses e contextos de uso.

Fomentarase a autonomía na aprendizaxe.

- Presentación e introdución do tema (debuxo, tira cómica, escena dunha película, ...)
- Brainstorming de vocabulario
- Revisión de estruturas gramaticais ou funcionais por medio de técnicas de gamificación ou de expresión oral.
- Comprensión oral de audios/videos
- Preguntas e respostas
- Interactuar en parellas, grupos pequenos e a nivel de clase
- Enquisas
- Debates
- Crear podcasts
- Facer presentacións
- Role-plays
- Xogos

### **Avaliación:**

Para obter a cualificación de apto será necesario asistir regularmente ás clases, participar activamente nelas e realizar as tarefas que se encarguen para casa ao final de cada unidade.

A cualificación dos cursos correspondentes a esta oferta formativa complementaria expresarase nos termos de apto/a ou non apto/a.

A superación dos cursos para colectivos profesionais e público en xeral, que deberá constar no expediente académico do/a alumno/a, non dará lugar á obtención de certificados de nivel; non

obstante, as escolas oficiais de idiomas poderán certificarlle ao alumnado que así o solicite as horas cursadas e o aproveitamento nestes cursos.

## PROGRAMACIÓN DO CURSO MONOGRÁFICO: DESTREZAS ORAIS NIVEL B1 (Listening, speaking & mediation of oral texts)

**Destinatarios:** Público en Xeral que desexe mellorar a súa comprensión e expresión oral a Nivel B2

### Obxectivos:

- Acadar unha boa fluidez, corrección de pronunciación e de entoación correspondentes ao nivel B1 do MCERL.
- Intercambiar información clara e precisa.
- Expresar as súas ideas de forma coherente e dándolle cohesión ao discurso empregando conectores propios do nivel.
- Empregar con corrección estruturas gramaticais e léxico propios deste nivel.
- Explicar a través de exemplos ou sinónimos cando non se sabe a palabra necesaria. Poder introducir un tema para falar e debater.
- Captar as ideas principais e detalles específicos de textos audiovisuais e doutro material gravado sinxelo que traten sobre temas coñecidos ou de interese persoal, articulados con claridade.
- Interactuar con corrección sociolingüística, certa naturalidade e relativa fluidez, en lingua estándar, expresando de forma básica reaccións, actitudes e sentimentos, e dando instrucións ou solución sobre temas cotiáns dos ámbitos persoal e profesional.
- Producir e coproducir textos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, suficientemente estruturados e adecuados ao contexto (destinatario/a, situación, propósito) en secuencias lineais, onde se xustifiquen opinións ou se expliquen plans.
- Mediar, oralmente, transmitindo o sentido xeral da información e as opinións, sobre asuntos cotiáns do seu interese, en lingua estándar

**Temporalización:** 1 cuatrimestre (60h) Cada sesión terá unha duración de 2 horas. Impartiranse dúas sesións á semana.

Tanto a secuenciación como a temporalización dos contidos enunciados a continuación poden estar suxeitas a modificacións ou adaptación segundo as necesidades do alumnado e as características particulares do grupo, a fin de que poida garantir os obxectivos fixados para o curso.

<b>XANEIRO/FEBREIRO</b>	
<b>Unidade 1: Identificación persoal e vida cotiá</b>	
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Falar sobre a nosa vida e sobre as nosas experiencias persoais.</li><li>• Comprender textos orais e escritos sobre entrevistas persoais.</li><li>• Identificar e aprender vocabulario relacionado con preguntas persoais.</li><li>• Facer preguntas ao compañeiro para coñecelo mellor.</li><li>• Realizar intercambios comunicativos, utilizando diferentes estratexias de comunicación.</li><li>• Comprender, expresarse e interactuar oralmente, con fluidez e precisión, aprendendo a linguaxe e o vocabulario funcional para utilizar en situacións comúns de comunicación.</li><li>• Comprender textos orais e identificar información xeral e máis específica, desenrolando diferentes estratexias comunicativas.</li><li>• Valorar a lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas diversas.</li></ul>

Temporalización:	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 4 sesións</li> </ul>
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprensión oral: Youtube vídeos sobre personalidade, estilos de vida, fogares, estereotipos e anuncios.</li> <li>• Producción e co-producción oral: entrevistas, role-plays, discusións, story retelling, facer descrições,</li> <li>• Mediación oral: resumir e explicar anuncios de diferentes apps.</li> </ul>
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Léxicos: personalidade, estereotipos, actividades de tempo libre, fogar e estilo de vida.</li> <li>• Gramaticais/funcionais: expresar preferencias (would rather), verbos modais, adiviñar/supoñer, facer obxeccións.</li> </ul>
Criterios da avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fala sobre a súa vida persoal.</li> <li>• Sabe recoñecer e utilizar vocabulario relativo a datos persoais.</li> <li>• Fala de forma cortés e adecuada en distintos contextos comunicativos.</li> <li>• Entende e aplica aspectos gramaticais como os usos dos verbos modais, would rather, etc.</li> <li>• Comprende textos orais relacionados coa vida cotiá, identidade persoal, etc.</li> </ul>

<b>FEBREIRO/MARZO</b>	
<b>Unidade 2: Cultura</b>	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Falar sobre diversos aspectos culturais como o cine, arte, tradicións, gastronomía, celebracións, etc. Saber recoñecer e utilizar vocabulario relativo ao mundo da cultura.</li> <li>• Falar de forma adecuada en distintos contextos comunicativos.</li> <li>• Comprender textos orais sobre diversos aspectos culturais.</li> <li>• Entende e aplica aspectos gramaticais como os usos da voz pasiva, as oracións de relativo.</li> <li>• Dar e recibir instrucións.</li> </ul>
Temporalización	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 6 sesións</li> </ul>
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprensión oral: reseñas de películas, vídeos acerca de arte, celebracións, tradicións, gastronomía e características coreográficas, historias e culturais de diversos países.</li> <li>• Producción e co-producción oral: describir películas, crear podcasts, facer presentacións, comparar tradicións, contar anécdotas, role-plays, falar sobre gastronomía, receitas, tradicións populares e inusuais, xeografía, historia e clima.</li> <li>• Mediación oral: explicar a mensaxe de obras de arte (graffitis).</li> </ul>
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Léxicos: cine, arte, celebracións, comida, tradicións, a lingua inglesa arredor do mundo, países de fala inglesa, etc.</li> <li>• Gramaticais/funcionais: voz pasiva, oracións relativas, facer preguntas, dar e recibir ordenes, dar e recibir instrucións, condicionais, o pasado.</li> </ul>
Criterios da avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fala de diversos aspectos culturais usando léxico axeitado e específico.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sabe facer preguntas, dar instrucións, expresar procesos, etc.</li> <li>• Comprende información xeral e específica de textos orais.</li> <li>• Produce textos orais adecuados ó contexto e ó rexistro.</li> <li>• Comprende textos orais acerca de temas diversos e con diversos rexistros.</li> </ul>
--	---

<b>MARZO</b>	
<b>Unidade 3: O medio ambiente</b>	
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Falar do tempo e do clima</li> <li>• Falar de ecoloxía, o coidado do medio ambiente e reciclaxe.</li> <li>• Identificar e aprender vocabulario relacionado coa ecoloxía.</li> <li>• Facer predicións e hipóteses acerca do futuro.</li> <li>• Expresar probabilidade.</li> <li>• Realizar intercambios comunicativos, empregando diferentes estratexias de comunicación.</li> <li>• Comprender, expresarse e interactuar oralmente, con fluidez e precisión, aprendendo linguaxe e vocabulario funcional para empregar en situacións comúns de comunicación.</li> <li>• Comprender textos orais sobre o mundo do futuro e identificar e comprender información xeral e específica, empregando as estratexias adecuadas.</li> </ul>
<b>Temporalización</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 6 sesións</li> </ul>
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprensión oral: Youtube videos acerca de problemas medio ambientais, a ecoloxía, o cambio climático, os desperdicios, envases de plástico, enerxías renovables, etc.</li> <li>• Producción e co-producción oral: entrevistas, discusións, debates, role-plays, etc.</li> <li>• Mediación oral: resumir, seleccionar e parafrasear a información de diversos textos relacionados co futuro a sociedade.</li> </ul>
<b>Competencias e contidos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Léxicos: condicións medioambientais, ecoloxía, envases, desperdicios, etc.</li> <li>• Gramaticais/funcionais: facer predicións, falar do futuro, expresar causa e efecto.</li> </ul>
